



LÍRICA PROFANA

Galego-Portuguesa


VOLUME I




XUNTA DE GALICIA

TÍTULOS PUBLICADOS:


1. *Lembranza de Ramón Piñeiro: Catro discursos.*
2. *Aturuxo. Revista de Poesía e Crítica.*
(Edición facsímile, Ferrol 1952-1960)
3. *A Filosofía Krausista en Galicia.*
4. *Estudios Galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani.*
5. *Guía de alimentación.*
6. *Refraneiro galego da vaca.*
7. *O Padre Feixoo, escolástico.*
8. *Alba. Hojas de poesía. Follas de poesía.* (Edición facsímile, A Coruña, 1948 - Vigo, 1956).
9. *Posío* (Edición facsímile, Ourense 1945-1946).
10. *Hamlet e a realidade cunqueirana.*
11. *Repertorio Bibliográfico da lingüística Galega.*
12. *Gelmírez. Hojas de otoño a primavera.*
(Edición facsímile. Santiago de Compostela, 1945-1946).
13. *Plumas e Letras en "La Noche"*
(1946-1949).
14. *Informe de Literatura 1995.*
15. *Terra, Mar e Lume.*
16. *Castelao, humorista.*
17. *Posío. Arte y Letras* (Edición facsímile, Ourense, 1951-1954).
18. *Poética da Novela de Autoformación.*





LÍRICA PROFANA GALEGO-PORTUGUESA

*Corpus completo das cantigas medievais,
con estudio biográfico,
análise retórica e bibliografía específica.*



LÍRICA PROFANA GALEGO-PORTUGUESA

*Corpus completo das cantigas medievais,
con estudio biográfico,
análise retórica e bibliografía específica.*

VOLUME I

EQUIPO DE INVESTIGACIÓN

Fernando Magán Abelleira
Ignacio Rodiño Caramés
María del Carmen Rodríguez Castaño
Xosé Xabier Ron Fernández

COORDINADO POR

Mercedes Brea

EQUIPO DE APOIO

Antonio Fernández Guiadanes
María del Carmen Vázquez Pacho



SANTIAGO DE COMPOSTELA
1996

ESTA PUBLICACIÓN FORMA PARTE DO
(SUB)PROXECTO *LÍRICA GALEGO-PORTUGUESA*,
DIRIXIDO POR VICENTE BELTRÁN E MERCEDES
BREA, QUE SE INTEGRA DENTRO DO PROXECTO
DE INVESTIGACIÓN *ARQUIVO GALICIA
MEDIEVAL* DO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA
A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES.

1ª reimpresión, 1999

"Eiusdem autem est aliquid constituere et constitutum conservare"
Tomás de Aquino, *S. Tb. II-II q.79 a.1 co.*

Edita

XUNTA DE GALICIA
CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA
A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Coordinador Científico
CONSTANTINO GARCÍA

Director Técnico de Literatura
ANXO TARRIÓN VARELA

Director Técnico de Lingüística
GUILLERMO ROJO SÁNCHEZ

Corrección Lingüística
BEGOÑA LEAL GÓMEZ
HORTENSIA ROMÁN GONZÁLEZ

Ilustración da portada Volume I
Miniatura do *Cancioneiro da Ajuda* (fol. 48r).

DIFUX S.L.

ISBN: 84-453-1839-X
ISBN da obra completa: 84-453-1838-1
Depósito legal: C-1686/96

LIMIAR

O noso pasado cultural -o noso pasado literario máis concretamente- tivo etapas baleiras, escuras. Pero tivo tamén outras espléndidas, memorables. Entre estas últimas ninguén negaría un posto de privilexio a aqueles séculos da Idade Media nos que xurdiu e se desenvolveu a ampla e ricaz produción lírica que de sempre chamamos Lírica Galego-Portuguesa, aquela lírica contida nos tres grandes e ben coñecidos cancioneiros.


A investigación sobre este extraordinario *corpus* poético ocupou -e continúa a ocupar- a ilustres filólogos españoles, galegos en particular, portugueses ou italianos, que fixeron fundamentais achegas textuais e literarias ó respecto. Só coa continuidade desa actividade investigadora, en e dende Galicia, poderemos poñer a disposición dos mestres, lectores, estudiosos e, en xeral, de tódolos interesados, traballo que contribúan a enriquecer o noso pasado cultural con rigor e modernidade.

Nesa liña de actuación sitúanse hoxe os esforzos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro da Dirección Xeral de Política Lingüística. O citado Centro acolleu dende o primeiro momento o proxecto “*Arquivo Galicia Medieval*” do que agora é realidade concreta e tanxible esta Lírica Profana Galego-Portuguesa que ten o lector nas súas mans. Ademais do *corpus* íntegro das cantigas en textos filoloxicamente depurados, temos nestas páxinas moi completos estudos biográficos, análises retóricas e axeitada bibliografía específica.

Persoalmente entendo que estamos diante dunha contribución meritaria, de auténtica entidad, no ámbito da investigación das nosas cantigas, que é tanto como dicir sobre a nosa primeria e máis inesquecible creación literaria. É de xustiza, por conseguinte, deixar constancia da miña gratitud polo esforzo posto no traballo e polo espléndido do seu resultado. Teño a seguridade de coincidir, nesta ocasión, con tódolos galegos que teñan a curiosidade de se achegar a esta obra que é nosa, pero que, afortunadamente, posúe dimensión universal.

Celso Currás

*Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria da Xunta de Galicia*



PRESENTACIÓN

OS TRES REPRESENTANTES PRINCIPALES DA LÍRICA galego-portuguesa¹ están asequibles en forma de edicións facsimilares (máis difícil xa de conseguir, probablemente, a do *Cancioneiro da Vaticana*). Existen, ademais, algunas edicións diplomáticas², unha edición crítica (con excelente estudio) do *Cancioneiro da Ajuda*³ e varias edicións organizadas por xéneros⁴; e tamén un número considerable de edicións individualizadas de toda a obra conservada dun trobador, así como edicións particulares dalgún texto, e varias antoloxías⁵. Pódese obter unha visión moi completa do contido e peculiaridades deste corpus no traballo publicado por G. Tavani no *GRLMA*⁶ -do que é complemento indispensable o seu anterior *Repertorio metrico*⁷- e no libro de A. Resende de Oliveira que recolle as súas investigacións históricas e relativas á estructura dos cancioneiros⁸. Pero ata o momento non era posible dispoñer, nunha mesma publicación, da totalidade da producción trobadoresca galego-portuguesa, o que, entre outras cousas de maior importancia, supoña unha dificultade engadida á hora de facer unha consulta rápida e minimamente segura dos textos.

Cando a Xunta de Galicia creou o Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro" (de aquí en diante, CIRP), confluíron nel dous proxectos de investigación que de contado se revelaron, á vez, parciais e complementarios: un, presentado por Vicente Beltrán, que, tendo en conta a experiencia recente de Admyte⁹ coa literatura española medieval, propoñía iniciar un proceso de dixitalización das fontes manuscritas, acompañadas dunha transcripción das mesmas (ou, como alternativa, das edicións existentes); outro, xa iniciado por Mercedes Brea, coa colaboración de Fernando Magán Abelleira e Xabier Ron Fernández, que pretendía agrupar en soporte electrónico tódolos textos conservados, ordenados segundo o *Repertorio* de Tavani e presentados na edición que, para cada cantiga, se considerase máis fiable. A finalidade deste segundo proxecto era dobre: por unha parte, servir de instrumento para a docencia; pola outra, facilitar certo tipo de investigacións (bús-

¹ Vid., ó respecto, o resumo que do estado da cuestión fai E. Gonçalves, "Tradição manuscrita da poesía lírica", *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa* (= DLMGP) (organización e coordenação de Giulia Lanciani e Giuseppe Tavani), Caminho, Lisboa, 1993, pp. 627-632.

² Sobre todo a de E. Monaci, *Il Canzoniere portoghese della Biblioteca Vaticana*, Max Niemeyer, Halle, 1875. Para o da Biblioteca Nacional de Lisboa existe unha edición diplomática parcial (en tanto que recolle só os textos non presentes en V): E. Molteni, *Il Canzoniere portoghese Colocci-Branuti, pubblicato nelle parti che completano il Codice Vaticano 4803*, Max Niemeyer, Halle, 1880. Semidiplomática (?) é a edición de E. Paxeco Machado e J. P. Machado, *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*, Lisboa, 1949-1964. Tamén H. H. Carter, *Cancioneiro da Ajuda. A Diplomatic Edition*, M.L.A. - Oxford Univ. Press, New York - London, 1941 (reimpresión en Kraus Reprint, New York, 1975).

³ Cf. C. Michaëlis de Vasconcelos, *Cancioneiro da Ajuda*, Max Niemeyer, Halle, 1904 (reimpresión en Imprensa Nacional - Casa da Moeda, Lisboa, 1990, 2 vols.).

⁴ Vid. J. J. Nunes, *Cantigas d'Amigo dos trovadores galego-portugueses, ed. crítica, acompanhada de introdução, comentário, variantes e glossário*, 3 vols., Coimbra, 1926-1928 (con varias reimpresións posteriores); do mesmo autor -e para os textos non contidos na edición que fixera C. Michaëlis do *Cancioneiro da Ajuda*, *Cantigas d'Amor dos trovadores galego-portugueses*, Coimbra, 1932 (con varias reedicións); M. Rodrigues Lapa, *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos Cancioneiros medievais galego-portugueses*, 2^a ed., Galaxia, Vigo, 1970.

⁵ De todo isto, pódese atopar ampla información na Bibliografía que se ofrece ó final da Introducción.

⁶ *La poesía lírica galego-portoghese*, vol. II, t. I, fasc. 6 (e *La lyrique galicienne-portugaise (partie documentaire)*, vol. II, t. I, fasc. 8) do *Grundriss der romanischen Literaturen des Mittelalters*, Carl Winter, Heidelberg, 1980. Hai tradución galega na editorial Galaxia, Vigo, 1986, e portuguesa, en Comunicação, Lisboa, 1990.

⁷ Cf. G. Tavani, *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese* (= RM), Ed. dell'Ateneo, Roma, 1967.

⁸ Cf. A. Resende de Oliveira, *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneiros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV*, Colibri, Lisboa, 1994.

⁹ *Archivo Digital de Manuscritos y Textos Españoles*, que comprende textos dos ss. XV e XVI, editados en CD-ROM pola empresa Micronet.

queda de recursos formais, de motivos temáticos, estudos gramaticais e lexicográficos, etc.). Por tal motivo, complementaríase a presentación dos textos cunha serie de informacóns adicionais: unha ficha bio-bibliográfica de cada trobador¹⁰, unha relación das edicións existentes de cada cantiga, o esquema métrico e das rimas, o xénero, coa indicación de motivos temáticos pertinentes, os principais recursos empregados tanto para liga-las estrofas como para enriquecer formalmente as cantigas, etc.¹¹ Desexábase, en definitiva, proporcionar ós estudiosos unha serie de datos seleccionados sobre os que poder realizar análises de distintos tipos.

Cando os responsables do CIRP prestaron atención a esas dúas propostas, contemplaron a posibilidade non só de fundilas nun único proxecto, senón tamén de reconvertilas parcialmente coa finalidade de enriquecer e amplia-las posibilidades de investigación. En diversas sesións de traballo -nas que participaron, sobre todo, Fernando Magán Muñoz (coordinador do equipo informático) e Guillermo Rojo (director técnico de Lingüística), pero tamén Anxo Tarrio (director técnico de Literatura) e, ocasionalmente, outros investigadores "externos" ó Centro, como David Mackenzie, Charles Faulhaber, Arthur L.- F. Askins, Harvey L. Sharrett, Aida Fernanda Dias, ...-, foise fraguando un proxecto moito más ambicioso: crear un arquivo de textos e de imaxes de manuscritos que abarcase, a ser posible, todo o ámbito medieval do galego, non só dende o punto de vista literario, senón tamén lingüístico, e incluso histórico, paleográfico, etc., polo que non se pode prescindir, por exemplo, dos documentos xurídicos e administrativos, mesmo dos moitos que están aínda inéditos. Naceu así o proxecto *Arquivo Galicia Medieval*, que necesariamente había que subdividir en diversos apartados, porque era imposible acometelo de inmediato en todo o que supoña.

Decidiuse axiña que a primeira parte que se abordaría sería a correspondente á *Lírica galego-portuguesa* -codirixida por Vicente Beltrán e Mercedes Brea¹², por se-la que presentaba xa un mínimo deseño de partida e unhas necesidades que parecía posible delimitar, contando coa colaboración dun grupo de especialistas que, dende o primeiro momento, estiveron prestos a poñerse a disposición do proxecto e cos que se realizaron varias reunións de traballo. Este equipo asesor, ó que queremos agradecer aquí as súas suxerencias e correccións, as informacóns que aportaron e, de maneira especial, o seu constante apoio, está constituído por: Carlos Alvar Ezquerra (Universidade de Alcalá de Henares), Valeria Bertolucci Pizzorusso (Universidade de Pisa), Anna Ferrari (Universidade de L'Aquila), Luciano Formisano (Universidade de Bologna), Elsa Gonçalves (Universidade de Lisboa), Giulia Lanciani (Universidade La Sapienza, de Roma), Juan Paredes Núñez (Universidade de Granada) e Giuseppe Tavani (Universidade La Sapienza, de Roma).

Estableceuse un método de traballo, perfiláronse as características do proxecto, estudiouse a maneira de resolve-los múltiples problemas que se ían presentando, e buscouse un sistema electrónico que respondese ás necesidades derivadas do propio material de análise e do tratamiento que se lle quería dar. Partíase de dúas premisas básicas: as estruturas de información tiñan que ser abertas, para que os datos puidesen ser utilizados dende puntos de vista moi variados; por outra parte, había que atopar un xeito de representa-la informa-

¹⁰ Elaborada fundamentalmente (e, nalgúns casos, enriquecida con aportacións do seu redactor, Xabier Ron) a partir dos libros de Michaëlis, Tavani e Resende xa mencionados, e máis dos datos fornecidos polo *DLMGP*.

¹¹ Para cada un destes aspectos, facíase preciso (e así se fixo) proceder a unha revisión crítica da bibliografía existente, pero tamén á consulta constante dos facsímiles dos cancioneiros, imprescindibles á hora de adoptar decisións que, nalgúns casos, poden resultar diverxentes das establecidas ata o momento.

¹² As outras tres previstas (non necesariamente nesta orde) son: a) *Cantigas de Santa María*, b) Prosa literaria e historiográfica, c) Prosa documental.

ción que fose independente tanto dos programas coma do propio sistema físico empregado, preservando o material da obsolescencia tecnolóxica. Con esta idea, optouse por empregar unha linguaxe estandarizada, a SGML (Standard Generalized Markup Language), unha metalinguaxe xeneradora de linguaxes de marcas, como medio óptimo para desenvolver este cometido, polo que foi necesario completa-lo soporte informático buscando dende sistemas de bases de datos ata editores, visualizadores, etc.

Mentres se avanzaba no proceso descrito -e no relativo ó sistema de almacenamento e aproveitamento das imaxes dos manuscritos-, o grupo investigador do CIRP¹³ (constituído inicialmente por Fernando Magán Abelleira e Xabier Ron Fernández, ós que se sumaron logo Ignacio Rodiño Caramés e María del Carmen Rodríguez Castaño¹⁴) elaboraba o traballo¹⁵ que aquí se presenta cunha dobre pretensión: servir en si mesmo como fonte de información básica para quen queira dispoñer do corpus completo da lírica galego-portuguesa, áinda que sexa nunha edición ata certo punto "provisional"¹⁶, coa indicación de toda unha serie de recursos e elementos de información que se intentou sistematizar e organizar dun xeito rigoroso¹⁷; e, ó mesmo tempo, ser utilizado por tódolos interesados na materia para localizar erratas, erros, imprecisións, ... e facerlle chega-las súxerencias de todo tipo (mesmo, se se dá o caso, os seus requerimentos) ós membros deste equipo investigador, coa finalidade de que poidan estudiar tódalas aportacións para incorpora-las modificacións necesarias á edición electrónica do (sub)proxecto *Lírica galego-portuguesa*¹⁸.

Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro"

A Barcia, Estrada Santiago - Noia, Km. 3
E-15896 Santiago de Compostela
Tlfno. (34) (9)81 542535 / 542536
Fax (34) (9)81 542553
E-mail argamed@cirp.es¹⁹

¹³ Coordinado por Mercedes Brea, e que contou coa colaboración e apoio directos de Pilar Lorenzo Gradín, Elvira Fidalgo Francisco e Xosé Luís Couceiro Pérez.

¹⁴ Xa na fase de revisión e corrección, integráronse tamén no grupo Antonio Fernández Guiadanes e María del Carmen Vázquez Pacho.


¹⁵ Foron tantas as persoas que, dunha maneira ou doutra, colaboraron en aspectos concretos do proxecto, presentando súxerencias e alternativas, suscitando dúbidas, etc., que, de pretender nomealas todas, correríase o risco seguro de esquecer algún nome. Permitásenos, en consecuencia, dárelle-las gracias a todos dunha maneira global e anónima; cada unha das persoas saberá darse por aludida, e sabe -coma nós- que é o que se lle agradece de maneira particular.

¹⁶ Un dos seus obxectivos é precisamente impulsala realización de novas edicións das cantigas que o precisen, á vista dos datos que se ofrecen á consideración dos investigadores.

¹⁷ Na edición electrónica, ademais de intentar corrixi-los previsibles erros, incorporarase un elenco más detallado de elementos informativos, como os datos completos relativos á localización de cada texto nos cancioneiros (non só o número da cantiga, senón tamén o folio (recto / verso) e a columna, así como, no seu caso, a indicación dos espacios destinados á notación musical, etc.), os esquemas acentuais, as notas coloquianas, a ubicación de tódolos topónimos e antropónimos debidamente diferenciados, etc.

¹⁸ Prevese a posibilidade dunha versión deste traballo en CD-ROM, cos oportunos protocolos de búsqueda e consulta, un programa de concordancias, etc. Os interesados en facer súxerencias e proponer correccións pódense dirixir ó CIRP por correo, teléfono, fax ou, preferentemente, correo electrónico.

¹⁹ O estado de desenvolvemento do proxecto, e resultados parciais do mesmo, pódense consultar a través de Internet, empregando World Wide Web co url seguinte: <http://www.cirp.es:4080>.



INTRODUCCIÓN

Para a correcta utilización do presente traballo, é preciso coñece-la maneira en que está estructurado, así como os fundamentos sobre os que se asenta e os conceptos básicos que o sustentan.

A orde en que se presentan as cantigas corresponde coa numeración que facilita Tavani no seu “Indice bibliografico dei poeti e dei testi anonimi” (*RM*, pp. 375-518), que, como se sabe, asigna a cada trobador un número seguindo a orde alfabética; e, dentro da producción de cada trobador, numera as cantigas polo mesmo procedemento. As alteracións que se poden atopar con respecto á ordenación de Tavani débense, na maior parte dos casos, á aparición -con posterioridade a 1967, data da publicación do *RM*- de novas edicións que corrixiron atribucións anteriores. De todos modos, máis abaixo pódese atopar unha relación completa destes casos, coas oportunas xustificacións.

Despois do número e o nome de cada trobador, preséntase unha sucinta ficha bio-bibliográfica do mesmo, á que seguen as cantigas atribuídas a ese autor.

Cada cantiga leva a indicación numérica correspondente, acompañada do *incipit*¹. Sinálase o número que lle corresponde dentro de cada un dos cancioneiros, o xénero en que se enmarca, a modalidade compositiva (*de mestría / de refrán*²) e as relacións interestrómicas, o esquema métrico e a distribución das rimas (xunto co número deses esquemas no *RM*), os principais recursos empregados e unha bibliografía selectiva, que diferencia as edicións (a edición seguida sitúase en primeiro lugar, e indícase con letra negrita) dos estudos que se ocupan dela.

O texto presentado reproduce a lectura que, en cada caso, foi considerada más digna de confianza, pero desprovista totalmente do aparato crítico, polo que quen deseñe dispor desa información básica deberá acudir necesariamente á consulta directa das edicións³. Tampouco se reproducen os comentarios nin a análise literaria, histórica, lingüística, etc., que adoita acompaña-las edicións críticas, porque se considerou preferible presentar criterios unificadores⁴ que permitan investigacións sobre os distintos elementos, e respecta-lo recurso ás edicións para poder disfrutar de maneira particularizada das aportacións de cada estudiioso⁵.

No Apéndice I reproducense aqueles textos que, malia teren sido conservados nos nosos cancioneiros, pertencen a unha tradición más tardía, como demostrou en cada caso a crítica especializada. No Apéndice II tentase reconstruír, a partir das lagoas presentes nos manuscritos, cal sería a producción perdida dos nosos cancioneiros.

¹ Suprímese nos versos de *incipit* a puntuación final (coma, punto e punto e coma), así como aqueles signos que non se pechan dentro do propio verso (corchetes, signos de exclamación ou interrogación, ...).

² Os versos de refrán, no texto da cantiga, aparecen dispuestos en letra cursiva.

³ Na edición electrónica, está previsto, como xa se indicou, incorporar tamén tódolos datos proporcionados polas distintas edicións.

⁴ Estes criterios unificadores non afectan, sen embargo, ás grafías, senón que se respectan as empregadas polas edicións seguidas.

⁵ Nalgúns ocasionais pódese presentar nalgún verso unha lectura distinta da proporcionada pola edición seguida (e entón reséñase en nota), normalmente porque traballos posteriores á mesma ofreceron outra más convincente (así, por exemplo, aprovéitanse as reflexións de Lapa na ampla recensión -Lapa, *O texto-* que publicou da edición de Nunes das *Cantigas d'Amigo* para revisar algunas lecturas deste). Do mesmo xeito, algúnsas correccións responden á escuridá de determinadas interpretacións por parte dos editores, o que fixo obrigada a consulta dos facsímiles, doutras edicións, de artigos diversos, ...

1. FICHA BIO-BIBLIOGRÁFICA.

Os datos referidos a cada trobador preséntanse de maneira sintetizada, e atenden fundamentalmente ós aspectos seguintes:

- a) Nome: adopta, xeralmente, a forma que figura no *DLMGP*. Se é posible identificalo con algún personaxe documentado, danse os nomes alternativos cos que adoitava ser coñecido.
- b) Modalidade ou tipo de “executante”: trobador ou xograr.
- c) Data e lugar de nacemento (precisos ou aproximados).
- d) Condición social do trobador: rei, nobre, cabaleiro, burgués, escudeiro, clérigo.
- e) Cargos político-administrativos que desempeñou, e datas nas que os exerceu.
- f) Aspectos familiares: nome da liñaxe á que puidera pertencer, nome do pai e da nai, e información sobre outros familiares se pode ter importancia na identificación do trobador.
- g) Período de actividade poética, salientando sempre a primeira e a última referencia documental na que aparece (indicando, ademais, a natureza do documento que recolle esa presencia).
- h) Feitos históricos cos que é posible vencellar ó trobador: guerras entre nobres, guerras civís, campañas de reconquista ...
- i) Cortes que frecuentou, reais e/ou señoriais.
- j) Relacións literarias e/ou persoais coñecidas, non só con outros trobadores, senón tamén con personaxes da política cortesá da época.
- k) Data e lugar da súa morte.
- l) Indicación das localidades ou rexións nas que o trobador en cuestión puidera ter propiedades.

Se ben os datos mencionados son os que se consideran esenciais, a orde seguida na exposición non é sempre a mesma, sobre todo porque, cando son escasos os elementos biográficos, optouse por presentar referencias textuais ou relativas á colocación nos cancioneiros, que permitan unha mínima aproximación á personalidade do trobador.

Para a elaboración destas fichas, fíxose unha revisión crítica da bibliografía existente, dende o xa clásico estudio de C. Michaëlis (*CA II*) ata as últimas aportacións do *DLMGP* e de A. Resende de Oliveira, pasando polos estudios que acompañan algunas edicións críticas individuais. Efectuáronse, ademais, calas diversas na documentación medieval editada, na procura de novas referencias que, cando foi posible atopalas, fanse constar.

As referencias bibliográficas (tamén limitadas, e dando preferencia, cando é preciso, ás más recentes, posto que estas remiten ás anteriores) aparecen dispostas en tres grupos: no primeiro, figurán as fontes utilizadas para a redacción da ficha; no segundo, estudios (cando existen) que tratan xeneralidades sobre o autor e a súa obra, ou que prestan atención a aspectos conexos⁶; finalmente -baixo o epígrafe de EDIC.-, a indicación da edición ou

⁶ Neste segundo apartado, que pode non aparecer, recóllense os traballos que abranguen un conxunto de composicións dun mesmo trobador, ou ben un grupo de cantigas de diferentes trobadores ligadas por un vínculo común, temático ou formal; e tamén aqueles traballos sobre aspectos varios, de carácter xeral e globalizador, referidos ó trobador -ou a varios trobadores- ou a aspectos da súa producción. É evidente que non tódalas referencias bibliográficas que se aportan presentan a mesma riqueza ou o mesmo grao de interese, polo que quen consulte estes datos deberá deducir en cada caso o nivel de importancia da cita en cuestión.

edicións críticas individuais existentes, das edicións colectivas (*CA*, *Amigo*, *Amor*, *Lapa*) e das antoloxías de uso frecuente, seguidas sempre do número das páxinas nas que aparece a produción de cada trobador⁷.

2. PROBLEMAS DE UBICACIÓN DAS CANTIGAS.

2.1. Problemas de atribución. Alteracións da numeración de Tavani.

Sen pretensión de deixar resolto dunha vez por todas o problema das atribucións dubidosas, nin os casos de dobre atribución, houbo, sen embargo, que adoptar decisións -por moi provisionais que sexan- con respecto a unha serie de casos que podían altera-lo sistema de codificación numérico de Tavani. A fin de non introducir modificacións graves no mesmo, optouse por coloca-las cantigas sometidas a cambios no lugar que lles correspondería, habilitando numeracións do tipo **44,1^a** (= RM 17,1); **44,1**; **44,1^{bis}** (= RM 157,10); **44,1^{ter}** (= RM 157,13)⁸.

Indícanse a continuación os textos que experimentaron traslados, e as razóns en que estes se basean:

2. Afons' Eanes do Coton

2,2. En B 971 aparece atribuída a este trobador, mentres que en V 558 figura como de Airas Engeitado (**12,1**). Considérase de Afons' Eanes do Coton tanto polo estado algo ambiguo da rúbrica de V, que se estira por riba da columna *d* do fol. 88 (o que leva a D'Heur, *Recherches*, p. 30, a considerar que se refire máis ben á cantiga seguinte), como porque C a atribúe directamente a Coton.

2,10 e 2,14. Cf. **136,2** e **136,3**, respectivamente.

2,19. Os problemas atributivos veñen causados pola disposición nos mss., pois tanto B 1615 como C asignana a Fernan Rodriguez Redondo (**48,2**). A referencia cronolóxica á conquista de Xaén en 1246 fixo que C. Michaëlis (*CA* II, p. 387) pensara que o autor era Rodrigu' Eanes Redondo (**141,4**), pai do anterior, mentres que D'Heur (*Recherches*, p. 34) e Resende (p. 344) consideran que este escarnio contra Pero da Ponte debe de ser obra de Afons' Eanes do Coton.

2,20. Aparece repetida nos cancioneiros italianos: en B 827 / V 413 figura entre a producción de Afons' Eanes do Coton; en B 640 / V 241 entre a de Pai Soarez de Taveirós (**115,9**). Mantense a duplicidade (este é o único texto que figura repetido neste traballo, en **2,20** e en **115,9**) porque a coetaneidade dos autores e as características das súas obras non permiten resolve-lo problema.

⁷ Indícase aquí só a abreviatura das edicións individuais ou as páxinas adicadas ó trobador en edicións colectivas e antoloxías. Pero, ademais, cada cantiga leva unha bibliografía específica (vid. *infra* 9) na que figuran o número ou, no seu caso, a páxina ou páxinas concretas onde aparece a cantiga en cuestión. Tanto nun caso coma no outro, a orde seguida é: en primeiro lugar, as edicións críticas individuais; logo, as páxinas ocupadas nas edicións colectivas (*CA*, *Amor*, *Amigo*, *Lapa*); finalmente, as antoloxías, comezando polas de Alvar/Beltrán e Gonçalves/Ramos, para seguir coas restantes portuguesas, galegas, españolas e outras.

⁸ No RM existe un único caso de numeración bis no "Índice dei Poeti ...", que é o 38,3^{bis}; tódolos demais casos son nosos.

3. Afonso Fernandez Cebolhilha.

3,1; 3,3; 3,4; 3,5; 3,6 e 3,8. Cf. **101,4; 101,7; 101,9; 101,11; 101,12 e 101,13**, respectivamente.

12. Airas Engeitado.

12,1. Cf. **2,2.**

16. Airas Perez Vuitoron.

16,4. Cf. **101,2.**

16,6. En B 1473 e en C figura atribuída a Airas Perez Vuitoron; en V 1084, a Men Rodriguez Tenoiro (**101,3**). Pese a que, entre outros, Resende, p. 320, acepte a segunda proposta, as dificultades son moitas, como advirte Marroni, *Entità*, polo que, de momento, proponémo-la atribución a Vuitoron.

17. Airas Veaz.

17,1. Cf. **44,1^a.**

24. Caldeiron.

24,2. A rúbrica de B 1619, e tamén C, atribúe esta cantiga a Caldeiron; a de V 1152, a Pero Viviaeza. A maioría dos estudiosos aceptan a primeira proposta, considerando a rúbrica de V un claro erro de asignación⁹.

38. Fernand' Esquio.

38,3^{bis}. Tavani parece inclinarse por considerala anónima (**157,14**). En realidade, a rúbrica de B 1607 remite a un *Fernand*, e a de V 1140 a *Ernan*. A maioría dos estudiosos atribúe-a a Fernand' Esquio, pola proximidade a B 1604 e B [1604^{bis}], atribuídas a este trobadour, das que está separada por dous textos de Vidal (B 1605 e 1606)¹⁰.

44. Fernan Gonçalvez de Seabra.

O grupo constituído polas cantigas **44,1^a; 44,1^{bis}; 44,1^{ter}; 44,2^{bis}; 44,5^{bis}; 44,7^{bis} e 44,9^{bis}** (= A 210-216) presenta unha problemática peculiar. Tavani atribúe a primeira delas a Airas Veaz (**17,1**) e considera anónimas as restantes (cf. **157,10; 157,13; 157,25; 157,33; 157,44 e 157,52**, respectivamente). As sete aparecen en A nun conxunto de doce cantigas (210-221) que parecen corresponder a un mesmo autor, pois están todas entre miniatura e miniatura sen que nada permita presuponer unha alteración dos folios; as composicións 217 a 221 recóllense tamén en B (384-389), atribuídas -tanto alí como en C- a Fernan Gonçalvez de Seabra, polo que xa Michaëlis, pp. 420-426, e, máis recentemente, E. Gonçalves, *DLMGP*, pp. 260-261, propoñen tomar en consideración esta autoría para todo o grupo.

⁹ A rúbrica de V é de man de Colocci; a de B corresponde ó copista *a*, do que xa sinalou A. Ferrari, *Formazione*, a súa meticulosidade.

¹⁰ En C, todo o grupo (da 1604 á 1607) aparece atribuído a Fernand' Esquio.

48. Fernan Rodriguez Redondo.

48,2. Cf. **2,19** (e **141,4**).

48,3. B 1613 e C sinalan este trobador como autor, pero V 1146 insértaa baixo a rúbrica do pai, Rodrigu' Eanes Redondo (**141,8**). D'Heur, nas concordancias das súas *Recherches* (nº 1624), mantén a autoría de Fernan Rodriguez Redondo baseándose en C e na perfección do proceso de copia de B.

66. Johan de Gaia.

66,2. B 1451 e V 1061 atribúena a Johan de Gaia; B 181^{bis} a Nuno Rodriguez de Candarei (**109,2**). En C e B 1450-1452 están asignadas a Pero Amigo, posiblemente por unha lectura equivocada do verso fragmentario “Pero amigos ey eu” da estrofa IV de B 1449, de Johan de Gaia (D'Heur, *Recherches*, p. 33)¹¹. No caso que nos ocupa, hai que ter en conta que B 181^{bis} (= A 68) consta de tres estrofas, mentres que B 1451 ten catro, polo que, con tódalas reservas posibles, pódese considerar que se trata dunha reelaboración (vid. Russo, *En gran coitá*) que Johan de Gaia fai da cantiga de Candarei, co que habería que contalos como dous textos distintos, o que viría avalado pola propia morfoloxía dos mesmos.

68. Johan Fernandez d' Ardeleiro.

68,3 e 68,4. Cf. **100,1** e **100,2**, respectivamente.

70. Johan Garcia de Guilhade.

As composicións **70,13; 70,20; 70,22; 70,27** e **70,46** figuran tamén como anónimas (cf. **157,9; 157,21; 157,22; 157,26** e **157,54**) no *RM*, porque só están presentes en A (235-239); sen embargo, aparecen aquí formando parte da serie que comeza en A 228, e estes textos anteriores (do 228 ó 234) teñen o seu correlato en B 418-424 e V 29-36¹², atribuídas a Johan Garcia de Guilhade, o que permite adxudicarlle todo o grupo.

71. Johan Lobeira.

71,4. Está dividida en dúas partes en B: no fol. 64r aparece a primeira estrofa como B 244; en 64v, as dúas restantes, como B [246^{bis}]. Tanto B como C sinalan a Johan Lobeira como autor, e as anomalías na copia foron xa explicadas por A. Ferrari, *Formazione*, pp. 31-33¹³, que deduce delas que se trata dunha interpolación tardía, hipótese que subscribe tamén V. Beltrán, *Tipos VII*, que a considera confeccionada en tempos de Alfonso XI. Por tal motivo, relégase ó Apéndice I.

75. Johan Perez d' Aboim.

75,17 e 75,18. Cf. **157,42** e **152,9**, respectivamente.

75,7; 75,12; 75,15; 75,20 e **75,21** son contempladas por Tavani tamén como anónimas (cf. **157,16; 157,34; 157,38; 157,47** e **157,51**). **75,12** (cf. **157,34**) inicia en A un novo cader-

¹¹ A serie B 1448-1452 parece corresponder completa a este trobador.

¹² B 418 repítense en B 426, e V 29 en V 38.

¹³ Trátase de dúas mans diferenciadas, a dislocación é anómala, e hai un espacio en branco de oito liñas despois de B 244.

no, reconstruído por Michaëlis, xusto despois das cantigas de Vasco Gil que finalizan o cadero no anterior. No verso do mesmo folio, comeza unha serie (158-179) que corresponde a Johan Soarez Coelho (79). C presenta unha secuencia “267. Vasco Gil / 280. Gonçal' Eanes do Vinhal / 295. Johan de Aboim / 312. Johan Soarez Coelho” que se ve entorpecida pola lagoa de B, que recolle só ata a 271 as cantigas de Vasco Gil e comeza as de Johan Soarez Coelho na 316. De acordo con esa disposición, A 157 podería ser de Johan Perez d' Aboim¹⁴. As outras catro composicións indicadas atópanse en A nun folio avulso (na colocación actual, entre os caderinos VII e VIII) entre as cantigas de Johan Soarez Coelho e a dun autor anónimo¹⁵, baixo os números 180-184. Tavani, *RM*, e Resende, pp. 358-359¹⁶, pensan que ese folio podería pertencer a un caderno que cubriría a lagoa XII, entre os caderinos VI e VII actuais, no que estarían copiadas as cantigas de amor de Gonçal' Eanes do Vinhal e Johan Perez d' Aboim¹⁷. Admitindo que poidan corresponder a calquera dos dous, inclinámonos polo segundo por figurar A 184 en B 677, V 279 e C baixo a rúbrica deste autor.

79. Johan Soarez Coelho.

As cantigas **79,19; 79,20; 79,37; 79,42 e 79,45** correspóndense con A 158-162, polo que no *RM* aparecen tamén como anónimas (**157,20; 157,23; 157,30; 157,36 e 157,40**). A súa disposición en A xa foi comentada no párrafo anterior; dado que a secuencia A 163-179 aparece tamén en B ([316]-330) atribuída a Johan Soarez Coelho, e considerando a aparición dunha miniatura como indicativo de cambio de autor¹⁸, parece oportuno considera-las cantigas sinaladas obra de Coelho.

81. Johan Vasquiz de Talaveira.

A cantiga **81,13** constitúe outro caso de tradición dupla, posto que en B 794 e V 378 está atribuída a Johan Vasquiz de Talaveira, pero en B 1212 e V 817 a Pedr' Amigo de Sevilha (**116,21**). A anomalía repítese en C e os autores son coetáneos, polo que non é doado resolve-la cuestión, se ben Marroni, editora do trobador, amparándose na redacción más elaborada que presentan os textos atribuídos a Johan Vasquiz, inclínase por asignarlla a este trobador.

88. Lourenço.

88,13. V 1034 é unha tensó inserida correctamente na produción de Lourenço. O interlocutor é presentado como “Pero Garcia”, que se intenta identificar ben con Pero Garcia Burgalés (**125,44**)¹⁹ ben con Pero Garcia d' Ambroa (**126,12**)²⁰. Aceptamos, en principio, a

¹⁴ Iso é, polo menos, o que pensan tanto Resende, pp. 358-359, como os encargados da recente edición facsimilar do *Cancioneiro da Ajuda* no seu estudio introductorio. D'Heur, pola contra, nas súas concordancias (nº 265-267), establecendo un cómputo numérico a partir de C e das correspondencias entre A e B, atribúe A 157 a Gonçal' Eanes do Vinhal, A 158 a Johan Perez d' Aboim e A 159 a Johan Soarez Coelho, pero a relación que establece resulta más difícil de aceptar que o feito que accredita A, que separa cunha miniatura os números 157 e 158.

¹⁵ Para Resende, pp. 70-72, Estevan Travanca; para Tavani, Johan Perez d' Aboim (**75,17 = 157,42**).

¹⁶ Michaëlis, pp. 357-361, considerara autor destas cantigas a Rodrigu' Eanes Redondo; D'Heur, *Recherches*, p. 25, a Johan Soarez Coelho.

¹⁷ ¿Poderían se-las mesmas que as non conservadas B 280-294 ou B 295-311?

¹⁸ Tampouco existe, nos fols. 40-42 do cadero VII, ningún indicio de alteración (foliación errada, espacios en branco, etc.) que permita suponér que en A 163 comeza a producción dun novo autor.

¹⁹ Vid. a voz correspondente do *DLMGP*, pp. 541-542, asinada por E. Finazzi-Agrò.

²⁰ É a opinión que sustenta Minervini no *DLMGP*, pp. 542-543. Resulta, sen embargo, un tanto arriscada a interpretación que fai da cantiga para xustificar tal proposta.

proposta de C. Alvar, editor do trobador, de que a cantiga está moi afastada dos “núcleos que contienen obras de nuestro autor, que habitualmente es denominado Pero d’ Ambroa y no Pero Garcia, nombre con el que se suele aludir al Burgalêns” (p. 14).

88,18. Cf. **118,11^{bis}** (e **94,20**).

94. Martin Moxa.

As cantigas **94,1; 94,7; 94,11** e **94,18** están en A 303-306 (fols. 85-86, caderno XIV), polo que, *stricto sensu*, son anónimas (cf. **157,2; 157,7; 157,29** e **157,50**). O texto que as segue en A (307) aparece tamén en B (895) e V (480), atribuído a Martin Moxa, polo que, a pesar da lagoa XXVI de A, é posible que este trobador sexa efectivamente autor tamén das cantigas citadas²¹.

94,20. Cf. **118,11^{bis}** (e **88,18**).

97. Martin Soarez.

97,7; 97,18; 97,20; 97,25; 97,33 e **97,41**. Cf. **115,6^{bis}; 115,6^{ter}; 115,7^{bis}; 157,34^{bis}; 157,43^{bis}** e **115,10^{bis}**, respectivamente.

100. Men Rodriguez de Briteiros.

100,1 e **100,2** figuran en V 935 e 936 atribuídas a Johan Fernandez d’ Ardeleiro (**68,3** e **68,4**), pero en B 1329 e 1330 corresponden a Men Rodriguez de Briteiros. C, pola súa parte, indica como autor de B 1329 a Meen Rodrigues de Besteiros (*sic*), e de B 1330 a Johan Soarez²². O testemuño conxunto de B e C vese avalado pola perfección de B, polo que non parece improcedente atribuírlas a Men Rodriguez de Briteiros, pese a que Lapa as considere de Ardeleiro.

101. Men Rodriguez Tenoiro.

101,2. A rúbrica de B 1472 (e tamén C) atribúea a Men Rodriguez Tenoiro, mentres que a de B 1473 corresponde a Airas Perez Vuitoron (**16,4**). As dúas figuran en V (1083 e 1084) como de Tenoiro²³. A posible causa do erro estriba en que as dúas cantigas, e maila que as segue, comezan por “Don Estevan”, o que fixo que o rubricador escribise primeiro o nome de Vuitoron en V 1083, e logo o invalidase cunha raia, substituíndoo polo de Tenoiro. A división das posturas entre os investigadores é evidente²⁴, pero a tradición manuscrita parece xustifica-la atribución de B 1472 a Men Rodriguez Tenoiro e de B 1473 a Vuitoron (**16,6**).

101,3. Cf. **16,6**.

101,4; 101,7; 101,9; 101,11; 101,12 e **101,13** son outra mostra da inestabilidade á que está sometida a produción de Tenoiro, posto que aparecen atribuídas así mesmo a Afonso Fernandez Cebolhilha (**3,1; 3,3; 3,4; 3,5; 3,6** e **3,8**). É V 8-13 quen lle asigna os textos a Men Rodriguez Tenoiro, pois C e B 398-403^{bis} mencionan a Cebolhilha. Parece máis fiable neste

²¹ Vid. Stegagno, p. 60.

²² O erro é explicable, posto que a que corresponde realmente a Johan Soarez é B 1330^{bis}.

²³ Neste cancionero, a serie de Vuitoron comeza no número 1085.

²⁴ Lapa, p. ex., atribúe os tres textos a Vuitoron. Resende, en cambio, considera a Tenoiro autor de B 1472 e 1473. Vid. Marroni, *Entitâ*.

caso a indicación de V, xa que B 403 é a primeira estrofa dunha cantiga que tanto B 718 com a C atribúen claramente a Tenoiro (vid. Marroni, *Entitā*).

104. Nun' Eanes Cêrzeo.

104,3 e 104,4 están só en B 140 e 141. C, nesta parte, indica: "129. Nun' Eanes Cêrzeo / 140. Pero Velho de Taveirós / 144. Martin Soarez". En B, a rúbrica "Pero Velho de Taveirós", sublinhada polo rubricador, está situada na cabeza do fol. 35, na col. c, e parece indicar que os textos 140-142 son de Pero Velho (**135,1 e 135,2**)²⁵; pero a rúbrica podería non referirse ós tres textos, dado que leva ó lado o típico debuxo colocciano dunha man, que a liga directamente coa razó de B 142, que si é de Pero Velho (vid. D'Heur, *Recherches*, pp. 22-23), polo que E. Gonçalves, *Tavola*, e Resende inclínanse a considerar estes textos de Nun' Eanes Cêrzeo²⁶.

108. Nuno Porco.

108,2. Cf. **109,3^{bis}**.

109. Nuno Rodriguez de Candarei.

109,2. Cf. **66,2**.

109,3^{bis}. A 68 (**66,2**) e A 69 preséntanse nunha mesma secuencia, pero B 181^{bis} (= A 68) aparece atribuída a Nuno Rodriguez de Candarei, e B 182 (= A 69) a Nuno Porco (**108,2**). Dado que a distribución en A indica a mesma autoría para os dous textos e que Nuno Porco non pudo formar parte de A (por tratarse dun trobador inserido tardíamente nos cancioneiros), parece que as dúas deben de ser de Candarei (cf. Resende, pp. 68-70, 397).

114. Pai Gomez Charinho.

114,5; 114,6; 114,8; 114,16; 114,17; 114,18; 114,20 e 114,21 (cf. **157,8; 157,11; 157,17; 157,43; 157,45; 157,48; 157,59 e 157,60**, respectivamente) están dentro da serie A 246-256 (fols. 67-70, no caderno XI), á que segue unha probable lagoa (a XIX) e unha miniatura que introduce as composicións de Fernan Velho. Tres cantigas da serie aparecen tamén en B 811, 816, 842 e V 395, 400, 428, atribuídas (tamén en C) a Pai Gomez Charinho, polo que poden ser consideradas todas elas obra deste trobador.

115. Pai Soarez de Taveirós.

115,6^{bis}; 115,6^{ter}; 115,7^{bis} e 115,10^{bis} foron atribuídas tamén a Martin Soarez (cf. **97,7; 97,18; 97,20 e 97,41**). Encóntranse en A (36-39) formando parte do grupo que comeza en A 31, nos fols. 8-9v (caderno II), antes da lagoa IV, que podería conte-la miniatura indicativa de cambio de autor. As cantigas A 31-35 figuran tamén en B (146-150), baixo a rúbrica de Pai Soarez de Taveirós (corrobora por C), polo que toda a serie pode atribuírse a el²⁷.

115,9. Cf. **2,20**.

²⁵ Tanto Michaëlis, *C4* II, pp. 773-782, coma Tavani, 135,1 e 135,2, aceptan esta posibilidade.

²⁶ Como nota curiosa, pódese advertir que unha edición revisada de C levaría a secuencia seguinte: "129. Nun' Eanes Cêrzeo / 142. Pero Velho de Taveirós / 143. Martin Soarez" (C indica, para este, 144).

²⁷ Xa Michaëlis, pp. 78-83, tomara en conta esta atribución, o mesmo que Vallín na súa edición de Pai Soarez de Taveirós. Bertolucci, que na edición de Martin Soarez -influída polo feito de B 145-150 estaren insertas erradamente entre as cantigas de Martin Soarez- as considerara obra deste trobador, corrixe a súa postura no *DLMGP*, atribuindollas xa a Taveirós.

116. Pedr' Amigo de Sevilha.

116,21. Cf. **81,13.**

117. Pedr' Eanes Solaz.

117,3 e **117,7** (cf. **157,24** e **157,64**, respectivamente) aparecen en A 281 e 284, despois do espacio para a miniatura XXV. A 282 e 283 correspóndense con B 1219 e 1220, V 824 e 825, atribuídas (tamén en C) a Pedr' Eanes Solaz, polo que parece lóxico supoñer que tamén estas dúas sexan do mesmo autor.

118. Pedro de Portugal, Conde de Barcelos.

118,11^{bis} era considerada unha tensó entre Martin Moxa (**94,20**) e Lourenço (**88,18**), porque en B 888 e V 472 aparece atribuída a Moxa e en V 1036 a Lourenço. Resende, pp. 402-404, rebate estas atribucións polas seguintes razóns: *a)* Non figura o nome dos interlocutores, práctica habitual nas tensós, polo que podería non pertencer ó xénero. *b)* A ubicación de B 888, na sección das cantigas de amigo, sinala que pode tratarse dunha integración tardía; ademais, o lugar no que se encontran as estr. II e III (fol. 188v) está rodeado de sospeitosos espacios en branco. *c)* A rúbrica “Esta cantiga foi feita no tempo del-Rei Don Afonso, a seus privados” (V 1036) é un tanto excepcional, posto que no “cancioneiro de xograres” -ó que pertence Lourenço- as rúbricas que existen son atributivas e non explicativas; por outra parte, o tempo verbal *foi feita* é empregado de maneira sistemática para as rúbricas de Estevan da Guarda e o Conde de Barcelos. *d)* A rúbrica “O Conde don pedro de port.”, que inicia a produción deste, é situada por Colocci despois daquela rúbrica explicativa, antes de V 1037; pero, nesta zona do cancioneiro, hai un atraso na copia das rúbricas, de maneira que a de Lourenço aparece en V 1033, cando a primeira das súas cantigas é 1032, de xeito que, se Colocci contou o número de composicións correspondentes a Lourenço, retrasaría un posto a rúbrica seguinte. *e)* O tema da ambición dos privados rexios aparece ligado á renovación cortesá do reinado de Afonso IV e é tratado por Estevan da Guarda (**30,6**) e polo propio Conde de Barcelos noutra composición (**118,7**).

120. Pero da Ponte.

120,3 figura en A 291, B 982 e V 569, atribuída a Pero da Ponte; e en B 394, V 4, a Sancho Sanchez (cf. **150,1**). As razóns de asignarlla ó primeiro son, sobre todo, dúas: A está más próximo ó arquetipo, polo que a súa tradición parece más fiable; a copia inserta na produción de Sancho Sanchez está más deteriorada, e non inclúe as estrofas II e III.

125. Pero Garcia Burgalês.

125,44. Cf. **88,13** (e **126,12**).

126. Pero Garcia d' Ambroa.

126,12. Cf. **88,13** (e **125,44**).

135. Pero Velho de Taveirós.

135,1 e **135,2.** Cf. **104,3** e **104,4**, respectivamente.

136. Pero Viviaez.

136,2 e 136,3 son atribuídas por B 1616^{bis} e 1617 a Pero Viviaez, e por V 1149^{bis} e 1150 a Afons' Eanes do Coton (cf. **2,10** e **2,14**, respectivamente). Tanto D'Heur, *Recherches*, nº 1628, p. 34, coma Beltrami, editor do trobador, atenden -para consideralas de Viviaez- á perfección do copista *a* de B (vid. tamén *supra 24,2*).

141. Rodrigu' Eanes Redondo.

141,4 e 141,8. Cf. **2,19** (e **48,2**) e **48,3**, respectivamente.

145. Roi Martinz do Casal.

145,1; 145,7; 145,9 e 145,10 están colocadas en B [1164^{bis}]-[1164^{quinquies}] / V 768-770, dentro da produción de Roi Martinz do Casal, pero trátase más ben de interpolacións tardías, alleas á estética poética da escola trobadoresca (cf. **157,6; 157,49; 157,53 e 157,63**), polo que as desprazamos ó Apéndice I.

150. Sancho Sanchez, clérigo.

150,1. Cf. **120,3**.

152. Vasco Gil.

152,9 está en B 665 baixo a rúbrica de Vasco Gil, e en V 267 baixo a de Johan Perez d' Aboim (**75,18**). C asigna a cantiga 665 a Johan Perez d' Aboim, pero vese de maneira clara que o número 665 está repetido en B; dos dous, o que se corresponde coa cantiga que nos ocupa é o primeiro 665, e o segundo (é dicir, B 665^{bis}) coa de Aboim (**75,4**), sinalando o comezo da produción deste trobador. En V 267 (= B 665), a rúbrica indica como autor a Aboim, pero podería deberse tamén á repetición numérica de B, polo que Piccat, na súa edición de Vasco Gil, pp. 14-15, opta por asignarlle esta cantiga a este último.

155. Vasco Rodriguez de Calvelo.

155,3 e 155,12 están en A 299 e 302, dentro da serie 293-302 (fols. 83-84), introducida polo espacio para a miniatura XXVIII. Salvo estas (cf. **157,27 e 157,55**), todas aparecen tamén en B 991-997 (igual que en C) / V 579-586, baixo a rúbrica de Vasco Rodriguez de Calvelo, polo que non parece haber impedimentos para atribuírlle tamén estas dúas.

157. Cantigas anónimas.

157,1; 157,12; 157,15; 157,31; 157,37; 157,46; 157,56; 157,57; 157,61 e 157,62 corresponden á serie A 267-276, iniciada polo espacio para a miniatura XXII, nos fols. 74-77r. Resende, pp. 60-63, propón como autor a Vasco Perez Pardal²⁸, baseándose nos datos seguintes: *a)* A disposición de A nesta parte é: Fernan Velho / Bonifaci Calvo / Anónimo 3 / Anónimo 4 / Anónimo 5 / Pedr' Eanes Solaz / Fernan Padron / Pero da Ponte. *b)* Na seción correspondente ás cantigas de amor en B / V, a secuencia é: Fernan Velho / Airas Veaz

²⁸ Xa o adiantara en 1988 Livermore, *Formation*.

/ Bonifaci Calvo / Vasco Perez Pardal / Garcia Mendiz / Gonçalo Garcia / Alfonso X. *c*) Na sección de amigo: Fernan Velho / (Anónimo s. XV) / Vasco Perez Pardal / (Alvaro Afonso) / Afons' Eanes do Coton / Pedr' Eanes Solaz / Pero da Ponte. *d*) A orde dos trobadores na sección de amigo de B e V é froito dunha dislocación, xa que figuran con cantigas de amor, e corresponderíase coa de A do xeito seguinte: Fernan Velho / Bonifaci Calvo (lembremos que non compuxo cantigas de amigo) / Vasco Perez Pardal (Anónimo 3, A 267-276) / Afons' Eanes do Coton (Anónimo 4, A 185) / Anónimo 5 (un autor relacionado con Santarém, A 278-280) / Pedr' Eanes Solaz / Fernan Padron / Pero da Ponte.

157,2. Cf. **94,1.**

157,3; 157,4 e 157,39 forman a serie A 278-280 (fol. 78), do chamado Anónimo 5 (cf. **157,1**).

157,6. Cf. **145,1** (Apéndice I).

157,7; 157,8; 157,9; 157,10; 157,11; 157,13; 157,14; 157,16; 157,17; 157,19; 157,20; 157,21; 157,22; 157,23; 157,24; 157,25; 157,26; 157,27; 157,29; 157,30; 157,33 e 157,34. Cf. **94,7; 114,5; 70,13; 44,1^{bis}; 114,6; 44,1^{ter}; 38,3^{bis}; 75,7; 114,8; 85,8** (Apéndice I); **79,19; 70,20; 70,22; 79,20; 117,3; 44,2^{bis}; 70,27; 155,3; 94,11; 79,37; 44,5^{bis} e 75,12**, respectivamente.

157,34^{bis} e 157,43^{bis}. Están en A 62-63 (fol. 15), precedidas da miniatura II. En B 173-174 aparecen atribuídas a Martin Soarez²⁹ (cf. **97,25 e 97,33**), pero a serie de Martin Soarez en A (40-61) está perfectamente separada destas dúas cantigas, polo que -pese a que Michaëlis, *CA* II, pp. 131-133, propuxera como alternativa a autoría de Roi Gomez de Briteiros- parece más prudente mantelas no anonimato³⁰.

157,36; 157,38; 157,40 e 157,41. Cf. **79,42; 75,15; 79,45 e 25,72** (Apéndice I), respectivamente.

157,42 figura en A 185 (fol. 47), introducida pola miniatura XI, despois do folio avulso que contén as cantigas 180-184 (cf. **75,7**), o que levara a Tavani a contempla-la posibilidade de que fose de Johan Perez d' Aboim (**75,17**). Resende, pp. 70-72, estudia a posibilidade de identificar este Anónimo 2 con Estevan Travanca: *a*) Descartando o fol. 46, avulso, o trobador que precede a este Anónimo é Johan Soarez Coelho, e ségueno Roi Paez de Ribela e Johan Lopez de Ulhoa. *b*) En B e V, na sección correspondente ás cantigas de amigo, a secuencia é: Johan Soarez Coelho / Estevan Reimondo / Johan Lopez de Ulhoa³¹. *c*) Ainda que o candidato inicial para esta identificación sería Estevan Reimondo, Resende, por motivos cronolóxicos, prefire a Estevan Travanca, próximo a estes trobadores na sección de amigo. Polo momento, de calquera xeito, parece preferible seguir considerando anónima esta cantiga.

157,43; 157,44; 157,45; 157,47; 157,48; 157,49; 157,50; 157,51; 157,52; 157,53; 157,54; 157,55; 157,59; 157,60; 157,63 e 157,64. Cf. **114,16; 44,7^{bis}; 114,17; 75,20; 114,18; 145,7** (Apéndice I); **94,18; 75,21; 44,9^{bis}; 145,9** (Apéndice I); **70,46; 155,12; 114,20; 114,21; 145,10** (Apéndice I) e **117,7**, respectivamente.

²⁹ Por esta razón, Bertolucci asignáralas a este trobador na súa edición, pero mudou de opinión na voz que lle corresponde no *DLMGP*, pp. 441-444.

³⁰ Finazzi-Agrò, na súa edición de Roi Gomez de Briteiros, pp. 202-206, analizou os criterios de Michaëlis e Bertolucci, pero, ainda sen descartar por completo a posibilidade de que correspondan a este trobador, optou por consideralas anónimas.

³¹ Roi Paez de Ribela non ten cantigas de amigo.

2.2. Criterios para a elaboración do Apéndice I.

Inclúense neste Apéndice as cantigas que non pertenecen propriamente á tradición lírica galego-portuguesa, ben pola lingua empregada, ben polas técnicas formais que presentan ou polo tema que tratan. Dispónense segundo a numeración que lles corresponde no RM de Tavani.

18,9 e 18,18. Son dúas cantigas de Alfonso X que se adscriben ó xénero da lauda marihana. A primeira delas é a nº 40 das *Cantigas de Santa María*. Non pertenecen, en consecuencia, á lírica profana.

18,40 e 19,1. Están en castelán.

20,1. Figuran no Apéndice non só a cantiga senón tamén a ficha bio-bibliográfica correspondente por tratarse dunha interpolación tardía e totalmente allea á lírica galego-portuguesa, como revela a súa confección como “pregunta”, modalidade empregada tanto na chamada escola galego-castelá coma na lírica cancioneiril posterior, castelá e portuguesa.

25,72. As súas características (uso de certas formas, emprego da arte maior, ...) indican que se trata dun texto de finais do s. XIV ou comezos do XV. Posiblemente foi copiada aproveitando o espacio en branco do final da producción de Don Denis.

26,1. Tanto a ficha bio-bibliográfica como a cantiga de Diogo Gonçalvez figuran aquí por tratarse dun poeta do s. XV e dunha composición copiada aproveitando un espacio baleiro.

37,1. Trátase doutra interpolación tardía, polo que tanto a biografía de Fernand' Eanes como a súa única composición transmitida figuran no Apéndice.

50,5. As razóns da súa inclusión en Apéndice (figura en V ó final da producción de Fernan Velho) son semellantes ás expostas a propósito da **25,72**.

53,1. O trobador Garcia Mendiz d' Eixo é un dos máis antigos, pero a cantiga está en occitano.

71,4. Vid. o dito para este texto no apartado 2.1.

85,8. É un caso similar a **25,72** e a **50,5**. Aínda que situada dentro da producción de Juião Bolseiro, xa Tavani, *Atribuição*, puxera de manifesto o seu carácter espurio; xa antes, no RM, lle asignara un número dentro das cantigas anónimas: **157,19**.

145,1; 145,7; 145,9 e 145,10. Vid. o indicado para estas cantigas no apartado 2.1.

3. SITUACIÓN NOS MANUSCRITOS.

Aínda que serán incorporados na edición electrónica, aquí non se recollen os números que ocupan as cantigas no cancionero conservado na Bancroft Library de Berkeley. As siglas utilizadas para designa-las fontes manuscritas son:

A: Cancioneiro da Ajuda.

B: Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa, cod. 10991 (antigo Colocci-Brancuti).

V: Cancioneiro da Biblioteca Vaticana, cod. Vat. Lat. 4803.

C: Tavola colocciana, fols. 300-307 do volume misceláneo Vat. Lat. 3217.

D (coñecido tamén como T): Pergamiño Sharre, folio que contén fragmentos de sete cantigas de amor de Don Denis, coa peculiaridade de estaren musicadas.

N (antes R): Pergamiño Vindel, folio que contén as sete cantigas de amigo de Martin Codax, coa signatura MS 979 na Pierpont Morgan Library de Nova Iorque.

L (antes V^a): tres folios (276-278) do volume misceláneo Vat. Lat. 7812 da Biblioteca Vaticana, que conteñen os cinco *lais de Bretaña*.

M: fol. 25r do volume misceláneo MS 9249 da Biblioteca Nacional de Madrid.

P: páxinas 9-11 do volume misceláneo MS 419 da Biblioteca Pública Municipal do Porto³².

Con respecto ós números dos manuscritos B e V, hai que ter en conta a existencia de casos especiais debidos a fallos na numeración orixinal. Así, p. ex., “B [167^{bis}]” representa a segunda das cantigas que no manuscrito aparecen baixo o mesmo número; “B 1141^{bis}” indica a cantiga que, por erro, leva repetido o mesmo número da cantiga anterior. Ademais, ás veces, repítense por descuido ou equivocación unha secuencia de números, que orixina numeracóns duplicadas, e mesmo triplicadas (B 522, B 522^a, B 522^b).

4. AS RÚBRICAS.

Recóllense únicamente nesta publicación as rúbricas explicativas, deixando as atributivas, as codicolóxicas e as anotacións complementarias de Colocci para a edición electrónica. Cando é posible, aprovéitanse as lecturas das rúbricas que acompañan ás cantigas nas edicións críticas; cando a lectura reproducida non é a da edición seguida senón a doutro autor, indícase entre parénteses (p. ex.: 30,20 (ed. de Pagani)); se a rúbrica foi lida directamente polo equipo investigador, precede á mesma un asterisco (*). Téñase, así mesmo, en conta que Lapa adoita omiti-los finais das rúbricas do tipo *e diz assy / e diss' assy*, polo que se presentan en letra redonda (o texto das rúbricas vai sempre en letra cursiva).

5. O XÉNERO DAS CANTIGAS.

A organización dos cancioneiros responde ó establecemento de tres grandes xéneros para a lírica galego-portuguesa: amor / amigo / escarnio e maldicir. Aínda así, resulta posible distinguir, dentro deses tres grupos, certas modalidades diferenciadas, de maneira especial dentro do de escarnio, que funcionou un pouco a modo de caixón de xastre no que se inclúa todo aquilo que non entraba no grupo de amor ou no de amigo: tensós, prantos, lais, ...

Despois da aparición de traballos diversos sobre pastorelas, cantigas de romaría, albas, tensós, etc., parece impoñerse a conveniencia dunha revisión global en torno á clasificación “xenerica” das cantigas. O punto de partida márca a disparidade de “etiquetas” que se poden atopar no RM de Tavani, que ás veces designan unha mesma cousa ou ben formas con matices diferenciais mínimos: *amor (burlesca)*, *amor (giocosa)*; *sat. polit.*, *sirv. polit.*; *sch. (burlesca)*, etc.

Parece claro que a maioría dos problemas afectan ós denominados “xéneros menores”, ou mesmo ás “variacións xenéricas”: descordos, prantos, lais, albas, cantigas de seguir,

³² Tanto P coma M conteñen a tensó entre Afonso Sanchez e Vasco Martinz de Resende (9,14).

cantigas de vilão, ... Algúns deles son case inexistentes, mentres que outros só rexistran a presencia dalgún(s) dos motivos caracterizadores do xénero ou modalidade. Os propios criterios precisos para o establecemento de “xéneros” diferenciados non sempre resultan claros, polo que se decidiu non considerar unha boa parte deles como xéneros á parte, senón “subxéneros”, “subtipos”, simples ambientacións, variacións, etc., dentro dun dos grandes xéneros. En ocasións, intentouse unha subclasificación atendendo á temática da composición; este foi o criterio para distingui-lo escarnio político do literario, ou a “cantiga de amor (mot. da *mala cansô*)” da “cantiga de amor (mot. do *escondit*)”, por exemplo.

Con carácter, pois, de proposta provisional, establecense os seguintes tipos:

5.1. Xéneros amorosos.

Amor: Composición de temática amorosa (polo xeral, o amor non correspondido), posta en boca do poeta que solicita o *ben* da súa *senhor*, ou lamenta a súa indiferencia ou desdén. A perspectiva é, por conseguinte, sempre masculina, e resulta case indispensable a presencia do vocativo *senhor*³³.

Amigo: Composición de temática amorosa, posta en boca dunha muller (unha moza noviña, polo xeral) que lamenta a ausencia ou o desamor do seu namorado, ou (en menos ocasións) espera ilusionada o encontro con el. Un bo número delas son cantigas dialogadas (coa nai, con outras mociñas, co propio amigo) e invocacións a elementos da natureza pedindo novas do ausente³⁴.

Amor (pastorela): Modalidade da cantiga de amor que ten como argumento principal o encontro, normalmente nun *locus amoenus*, entre un cabaleiro e unha *pastor*. Un elemento fundamental para a consideración deste subxénero é a existencia de diálogo entre os dous personaxes (p. ex., 63,58). Non parece existir acordo entre os estudiosos á hora de incluír estas composicións no xénero de amor ou no de amigo: a favor do primeiro están o carácter narrativo e a perspectiva e a voz masculinas; a favor do segundo, a importancia da voz feminina (nunca narrativa) e a súa dispar disposición nos cancioneiros³⁵. Á parte da xa citada, só parecen segui-los criterios definidores 25,135 e 116,29³⁶.

Amor (mot. da pastorela): A ausencia de diálogo ou de encontro, ou ben a soa presencia do vocablo *pastor*, non permiten incluír algunas composicións no tipo anterior (vid., p. ex., 75,3). Caso á parte supono a cantiga de Don Denis 25,128, na que o papagaio ben pode estar substituíndo ó cabaleiro³⁷.

³³ Vid. *DLMGP*, s.v. “Cantiga de amor”; Tavani, pp. 104-134.

³⁴ Vid. *DLMGP*, s.v. “Cantiga de amigo”; Tavani, pp. 134-171.

³⁵ Esta disparidade obedece a que: *a*) a cantiga 75,3 figura na sección de amigo e entre cantigas de amigo; *b*) as cantigas 25,128; 25,129 e 25,135 figuram na sección de amor entre cantigas de amor; *c*) a 14,9 aparece na sección de amigo, iniciando a producción de Airas Nunez, pero non ó lado de cantigas de amor nin de amigo; *d*) a 63,58 e a 116,29 aparecen tamén na sección de amigo rematando, en cada trobador, unha primeira subsección de cantigas de amor; *e*) a 88,16 aparece na sección de amigo entre as cantigas de amigo, tal vez pola similitude do *incipit*, *Tres moças cantavan d' amor*, co da cantiga anterior. Partindo de todos estes datos, Lorenzo Gradin, *DLMGP*, pp. 513-514, considera a pastorela como un xénero á parte e non como unha modalidade xenérica da cantiga de amor. Convén precisar, por outra parte, que todos estes textos parecen pertencer a cancioneiros particulares, insertados tardíamente nas recopilacións colectivas.

³⁶ Vid. *DLMGP*, s.v. “Pastorela”; Tavani, pp. 217-223; D’Heur, *Pastorella romanza*; Lesser, *Pastorela*; Lorenzo Gradin, *La pastorela*; Stegagno, *Entre pastorelas*; id., *Pastorelas*; id., *Papagaio*; id., *Interpretación*; Riquer, *Los trovadores*, pp. 63-65.

³⁷ Vid. Stegagno, *Papagaio*, pp. 40-42.

Amor / amigo (escondit): Modalidade da lírica amorosa caracterizada por un motivo temático de defensa diante das ixurias e as falsas acusacións dos *miscradores*. A defensa conleva, en xeral, unha negación do servicio amoroso de cara ós acusadores e a reafirmación da sinceridade do seu trobar diante da *senhor* ou do *amigo*. Xunto a unha serie de imprecacións a Deus e ós *miscradores*, aparece tamén a disposición a sufrir calamidades para demostra-la autenticidade da relación. Vid., p. ex., 25,110 e 43,14, de amor; e 63,21 ou 116,6, de amigo, entre outras³⁸.

Amor / amigo (mot. do escondit): Son as que presentan só, de forma illada, algún(s) dos motivos descritos no grupo anterior (43,16, amor, e 63,4, amigo, p. ex.).

Amigo (mot. da alba): Non se atopou neste corpus ningún exemplo de adaptación total do xénero provenzal da *alba*, que tiña como núcleo argumental a separación dos amantes á chegada do día, alertados polo *gaita* ou sentinel. Si, en cambio, é posible apreciar nalgúns cantigas a presencia dalgúns motivos significativos, como a propia palabra *alba*, a ambientación nocturna, a separación dos amantes, ... (p. ex., 85,7). O caso máis cercano ó xénero provenzal é 106,11, de Nuno Fernandez Torneol, que non chega, sen embargo, a ser unha *alba* en sentido estricto. Fóra do xénero amigo, o motivo da *alba* aparece tamén nun escarnio de amor: 147,8³⁹.

Amor / amigo (mot. da chanson de change): Algúns textos presentan, dende a perspectiva masculina ou dende a feminina, o motivo do cambio de *senhor* por parte do trobador, un cambio que pode deberse a factores diversos: cansancio ante a indiferencia, despeito, ... (vid., p. ex., 46,5 ou 111,4, de amor; e 70,36 ou 85,17, de amigo)⁴⁰.

Amor (mot. da mala cansó): Modalidade temática da cantiga de amor na que o poeta se queixa amargamente do desdén da dama ou ben culpa a Deus ou a Amor da súa desventura amorosa (p. ex., 25,124 ou 120,46). Ás veces, estas composicións chegan a ser verdadeiros escarnios (contra Deus, principalmente), como, p. ex., 56,1 ou 125,30, que serían más ben escarnios persoais (mot. da *mala cansó*)⁴¹.

Amor (mot. do comjat): Composicións de amor nas que o trobador se despide da súa dama. É fundamental a presencia do verbo *espedir* ou a existencia de “palabras de despedida”. Vid., p. ex., 114,13 e 63,64⁴².

Amigo (malmaridada): O único caso é a 25,102, na que, como explica Lorenzo Gradín (*Malcasada*; id., *Canción de mujer*, pp. 188-189), a muller se lamenta de non poder falar co namorado ante o temor que lle inspira a figura do seu marido.

Amor (malmonxada): Trátase, unicamente, da cantiga de amor dialogada 140,4, na que a rapaza se queixa de ter sido obrigada pola nai a ingresar nun convento⁴³.

Amigo (cant. de tear): Modalidade da cantiga de amigo que se caracteriza por describi-la namorada tecendo e cosendo. O único exemplo atopado é 29,1⁴⁴.

³⁸ Vid. Riquer, *Los trovadores*, p. 53; Brea, *Miscradores*; id., *Escondit*.

³⁹ Vid. DLMGP, s.v. “Alba”; Tavani, pp. 214-217; Riquer, *Los trovadores*, pp. 61-63.

⁴⁰ Vid. Bertolucci, *Motivi*.

⁴¹ Vid. Riquer, *Los trovadores*, p. 53; Brea Hernández, *Mala cansó*.

⁴² Vid. Bertolucci, *Motivi*.

⁴³ Vid. Lorenzo Gradín, *Canción de mujer*, pp. 189-191.

⁴⁴ Vid. Nunes/Freire, *Cant. amigo*, pp. 56-67.

Amigo (romaría): Modalidade da cantiga de amigo que ten como motivo argumental o encontro, realizado ou previsto, dos namorados ó pé dunha ermida ou igrexa á que se dirixen en romaría. *Ir en oraçon, fazer oraçon, candeas queimar*, ... son expresións comúns neste tipo de cantigas (p. ex., 6,2; 11,10; 77,9; 136,4)⁴⁵.

Amigo (mot. da cant. de romaría): Son aquellas que presentan só algún dos motivos que conforman o tipo anterior (p. ex., 77,7 ou 93,5). Existe tamén un único caso de cantiga de amor (mot. da cant. de romaría): 22,1.

Amor / amigo (mariña): Trátase dun tipo de cantiga de amor ou de amigo que ten unha ambientación particular, coa presencia do mar e outros elementos vinculados a el, como as ondas, as barcas ou barcos (de aí que tamén se coñezan como *barcarolas*), os ríos, etc. (entre outras, 108,1 e 114,7, de amigo; 114,17 e 143,14, de amor)⁴⁶.

Amor / amigo (mot. da cant. moral): Son aquellas cantigas de amor ou de amigo nas que se fai, á maneira da cantiga moral (vid. *infra*), unha reflexión sobre o mundo ou sobre algún vicio xeneralizado, pero sempre como trasfondo da relación amorosa entre os namorados (p. ex., 7,10; 72,11 e 63,5, de amor; 63,74; 70,40 e 70,44, de amigo).

5.2. Escarnio (e outros xéneros non amorosos).

Tendo en conta que é neste grupo onde teñen cabida tódalas composicións que non son estrictamente de amor ou de amigo, a revisión debe ser máis completa neste caso, sendo posible establecer unha distinción inicial entre as cantigas que son claramente de escarnio e aquellas outras que corresponden máis ben ós tradicionalmente chamados “xéneros menores” e “xéneros contaminados”.

A *Poética* copiada como introducción a B e a existencia de rúbricas do tipo “esta cantiga é de mal dizer”, “fez estas cantigas d’ escarnho e de maldizer”, “esta é de mal dizer” pretenden establecer unha distinción entre aquellas cantigas que critican de maneira aberta e clara, sendobres sentidos (cant. de maldicir) e aquellas outras que escarnecen de forma indirecta, mediante o uso da *aequivocatio* e do dobre sentido (cant. de escarnio). Pero a sutiliza da diferenciación, xunto coa confusión xa presente nos cancioneiros e a tendencia habitual dos editores modernos a incluíllas todas baixo un epígrafe común, aconsellan neste momento manter unha etiqueta globalizadora (cant. de escarnio) e implementala logo atendendo, sobre todo, ós aspectos temáticos (esc. político, esc. persoal, esc. literario, etc.)⁴⁷.

Se aceptamos que o *sirventés* occitano era denominado así porque os textos satíricos “se servían” da melodía doutra composición xa coñecida, o feito de que as nosas cantigas deste xénero non conserven as melodías leva a renunciar cautelarmente ó uso desa denominación. Outro dos termos utilizados para catalogar esta produción é o de *sátira*, pero este designa más propiamente unha modalidade de discurso que un xénero.

Escarnio de amor / de amigo: Son composicións burlescas que retoman, cunha finalidade cómica, a linguaxe e os clichés das cantigas de amor e de amigo: trobar a vellas ou soldadeiras, a damas embarazadas, a monxes ou a parentes, usa-la *descriptio puellae* de xeito burlesco, e tal vez descubri-lo segredo requerido pola *fin’amor* desvelando o nome da

⁴⁵ Vid. *DLMGP*, s.v. “Cantiga de romaria”; Correia, *Romaria*.

⁴⁶ Vid. *DLMGP*, s.v. “Barcarola (ou marinha)”.

⁴⁷ Vid. *DLMGP*, s.v. “Cantiga de escarnho e maldizer”; Tavani, pp. 171-198.

dona trobada son situacions que podemos atopar nos escarnios de amor (p. ex., 2,6; 18,24; 24,2; 40,11). Burlas e improperios da namorada cara ó seu amigo, ou situacions habituais presentadas cun sesgo burlesco forman parte do escarnio de amigo (p. ex., 18,12; 18,19; 70,24; 100,2).

Escarnio persoal: Tal vez o grupo máis numeroso das cantigas de escarnio sexa o destinado a satirizar ou a mofarse de persoas concretas -algúns delas perfectamente identificables, outras anónimas para os lectores actuais, pero de seguro recoñecibles na época: actitudes incorrectas, maos comportamentos, defectos físicos, desvíos sexuais, ... son criticados con frecuencia nestas composicións (p. ex., 2,1; 2,4; 7,8; 14,10; 89,1; 94,8). Mención á parte merecen 120,27 e 126,3, que presentan a particularidade de recoller motivos do pranto⁴⁸, polo que viñeron sendo catalogadas como “prantos satíricos” (vid. *infra*).

Escarnio persoal (mot. da mala cansó): Vid. *supra Amor (mot. da mala cansó)*.

Escarnio persoal (mot. da cant. moral): Vid. *infra Cantiga moral*.

Escarnio social: Moitas veces, as críticas son dirixidas contra colectivos sociais como infanzóns, ricos-homes, privados, clérigos, ... e profesionais como médicos, adiviños, avogados, etc. Exemplos de escarnio social⁴⁹ poden ser: 18,8; 18,10; 106,7; 152,12⁵⁰.

Escarnio literario: Un número considerable de textos abordan aspectos literarios: ataques persoais a trobadore e xograres (burlándose da súa incapacidade artística, de supostos plaxios, dos seus anceios por medrar socialmente, ...), dunha banda (2,22 ou 18,33, p. ex.); doutra, críticas de temas ou posturas poéticas, que poden chegar a formar ciclos temáticos como o das amas e tecedeiras (43,4; 85,11 ou 16,13) ou o da morte por amor (125,45). Poderíase considerar tamén escarnio literario a composición de Afonso Lopez de Baian 6,9; pero a posibilidade de concretar máis a parodia que fai da canción de xesta pode xustifica-la súa consideración como *escarnio épico* (áinda que o sexa, ademais, político, polos referentes reais que contén). Por outra parte, as cantigas 30,28; 56,6; 116,12, catalogadas por Tavani no seu *RM* como *ensenhamens*, están a medio camiño entre o que chaman algúns provenzalistas *sirventés joglaresc* (críticas e mofas a xograres) e o *ensenhamen* propriamente dito (consejos dos trobadore ós xograres para un bo desempeño da súa profesión); o aspecto de crítica e de burla está sempre presente, polo que estarían máis preto da primeira modalidade ca da segunda. E, en definitiva, todos estes textos non deixan de ser simples escarnios literarios⁵¹.

Escarnio político: Son aquelas cantigas que satirizan actitudes ou comportamentos “políticos”. Tavani, pp. 232-234, establece catro series: *a*) a traizón dos que entregaron os seus castelos a Afonso III na loita co seu irmán Sancho II (16,1; 28,1; 7,6); *b*) a covardía dos cabaleiros casteláns que non quixeron ir á guerra de Granada (18,28; 18,30; 56,12; 127,13); *c*) os abusos de poder dos favoritos reais (16,7); *d*) textos illados centrados en acontecementos e personaxes de relativa importancia (80,1; 14,6). Estes textos non se limitan a facer unha crítica “realista” dos feitos, senón que tenden a emprega-la ironía, a burla, buscando tamén provocalo riso.

⁴⁸ Vid. Riquer, *Los trovadores*, p. 56; Brea Hernández, *Prantos burlescos*.

⁴⁹ Vid. Tavani, pp. 187-194.

⁵⁰ O criterio empregado para distinguilo escarnio persoal do social foi, en moitos casos, a referencia a unha persoa concreta (Mestre Nicolás, María Balteira, Pedro Agudo, etc.), fronte ás alusións a “un cavaleiro”, “un ricome”, “un infançon”, que son considerados escarnios sociais. Hai que ter presente, sen embargo, que, trala crítica a alguén en particular, é posible vislumbrar tamén unha crítica ó grupo a que pertence; e, por outra parte, detrás dunha alusión indeterminada, é posible ás veces identificar a un personaxe real, coñecido. Polo tanto, non sempre é fácil asignar acertadamente unha cantiga a un dos dous tipos.

⁵¹ Vid. DLMGP, s.v. “Sátira literaria”; Tavani, pp. 191-192 e 226-231.

Cantiga moral: Calificadas habitualmente como “sirventeses morais” ou “sátiras morais”, existe unha serie de cantigas que pretenden reflexionar sobre a sociedade, a vida cotiá, e un conxunto de comportamentos que poñen en perigo a estabilidade moral do mundo. Raras veces se fai referencia a persoas concretas, xa que se trata, máis ben, de reflexións de carácter xeral e non persoal (14,12; 18,26; 94,15; 127,4; etc.)⁵².

Escarnio moral: A medio camiño entre a cantiga moral e o escarnio persoal, hai algunas cantigas nas que se critica a determinado personaxe polas súas actitudes ou comportamentos morais, e que se recrean máis na burla e no escarnio (120,11; 97,32; 148,21).

Escarnio político-moral: Nas cantigas 118,7 e 118,11^{bis} conflúen elementos do escarnio político e do moral, polo que parece preferible falar de escarnio político-moral.

5.3. Os “xéneros menores”.

A pesar de que se conserven poucos exemplos de cada un deles, existe unha serie de textos que, polas súas características temáticas ou formais, difficilmente se poden agrupar baixo algún dos tipos anteriores:

Descordo: Caracterízase pola súa forma anisométrica, xa que o número de versos varía en cada cobra, e cambia tamén o número de sílabas. A temática, entre os provenzais, é xeralmente amorosa. Colocci, nas súas notas marxinias a B, sinala moitos casos de “descor”⁵³, pero a maioría son más que dubidosos, posto que o único caso realmente claro de descordo é 104,1.

Lai: Na literatura galorrománica, pódense distinguir tres tipos de lais: *a)* o que narra historias e feitos da chamada materia de Bretaña (*lai narrativo*); *b)* o que ten contido amoroso e carácter lírico (*lai lírico*⁵⁴); *c)* o que, centrado na materia arturiana, formaba parte, a modo de descanso lírico, dunha trama narrativa (*lai artúrico*). Os únicos exemplos de lai na lírica galego-portuguesa responden ó último tipo⁵⁵; son cinco textos anónimos que encabezan B e son tamén transmitidos por L (157,5; 157,18; 157,28; 157,32 e 157,35).

Pranto: A súa característica fundamental é o canto fúnebre, o lamento pola morte dun personaxe célebre convertido no seu panexírico (62,2; 120,28; 120,32; 120,41; 120,42⁵⁶). Hai dúas composicións (120,27 e 126,3) que participan de elementos esenciais do pranto, pero utilizándoos para criticar ou satirizar, polo que non son outra cousa que escarnios persoais con motivos do pranto⁵⁷.

Cantiga de seguir: Máis que un xénero, é unha modalidade de composición dunha cantiga “seguindo” outra anterior; por tal motivo, consignase esa información en nota en troques do lugar habitual. As formas de “seguir” son tres: retoma-la música (dada a penuria de melodías, resulta difficilmente identifiable, a excepción da 87,16, feita *en sson d' un des-*

⁵² Vid. *DLMGP*, s.v. “Sátira moral”; Tavani, pp. 231-232; Riquer, *Los trovadores*, p. 56; Ron, *Cant. morais*.

⁵³ Mesmo dentro do xénero de escarnio, o que non estaba previsto en principio na lírica occitana. Vid. *DLMGP*, s.v. “Descordo”; Riquer, *Los trovadores*, p. 49.

⁵⁴ Ten interferencias co descordo. Vid., entre outros, J. Maillard, *Évolution et esthétique du lai lyrique des origines à la fin du XIV^e siècle*, CDU, Paris, 1963; ou D. Billy, “‘Lai’ et ‘descort’: la théorie des genres comme volonté et comme représentation”, *Actes du I Congrès International de l'Association d'Études Occitanes*, ed. par P. T. Ricketts, AIED - Westfield College, London, 1987, pp. 95-117.

⁵⁵ Vid. *DLMGP*, s.v. “Lai”; Tavani, pp. 223-226.

⁵⁶ Como pode apreciarse, a maioría dos prantos conservados son obra dun mesmo trobador, Pero da Ponte.

⁵⁷ Vid. *DLMGP*, s.v. “Pranto”; Tavani, pp. 207-210; Riquer, *Los trovadores*, pp. 60-61; Brea Hernández, *Prantos burlescos*.

cor, como indica a súa rúbrica); retoma-las rimas; retomar versos, conferíndolles un significado distinto. As rúbricas dos cancioneiros permiten recoñecer tres cantigas de seguir, todas do xénero dos escarnios persoais (66,3; 66,7 e 87,16), pero é posible identificar algunha máis (como 14,5 e 30,9 con respecto a 83,1 e 33,6, respectivamente)⁵⁸.

Cantiga encomiástica: Existen algunas composicións que teñen como característica fundamental a louvanza dunha persoa importante pola súa valía ou *status* social, principalmente reis, como Fernando III (120,30), Jaume I (120,31) e Afonso IV de Portugal (62,1, tamén enderezada -estrofa III- a Don Pedro, Conde de Barcelos). Nalgúns casos, como 114,6, baixo a forma dunha cantiga encomiástica, pódese esconder unha crítica sagaz ou unha ironía moi sutil.

Bailada: Xénero determinado pola forma, puidendo ser, polo contido, de amor (120,36; 120,47), de amigo (35,2) ou de escarnio (18,27; 120,5; 144,2 e 147,9). Os requisitos formais que configuran o xénero son: *a*) a existencia dun refrán constituído por un dístico que ocupa os dous últimos versos de cada estrofa; *b*) ese refrán é, ademais, intercalar, existindo unha reduplicación no refrán que afecta ó primeiro verso do refrán, que reaparecerá no segundo verso do corpo da cobra (esquema aA'abA'B), ou ben ós dous versos do refrán, que reaparecerán no primeiro e terceiro verso do corpo da estrofa (esquema A'bA''bA'A'); *c*) pode existir un dístico inicial idéntico ó refrán, do que só temos un exemplo (18,27), que posúe idéntico esquema ó último dos casos anteriores⁵⁹.

Cantiga epigramática: Existen oito textos monoestróficos de escarnio (2,4; 2,7; 6,1; 18,16; 18,19; 47,9; 47,32 e 97,27) que teñen claramente carácter epigramático, isto é, caracterízanse por seren composicións breves, incisivas, preferentemente satíricas e rematadas cun rasgo inesperado (a “punta”). Posúen unha estructura bipartita do tipo suceso-comentario, *descriptio-conclusio*, ou preparación e “punta” (*aculeus, acumen*)⁶⁰.

5.4. Os xéneros dialogados.

Algo máis dunha trintena de textos presentan a particularidade de contar con dous autores que entablan un debate. Son as *tensós* e os *partimens*. A diferencia entre eles estriba en que, no primeiro caso, o primeiro autor defende unha determinada posición ou solución e o segundo rebátella⁶¹; no *partimen*, en cambio, é o segundo autor o que elixe unha entre as dúas opcións propostas polo primeiro, e este debe defende-la outra (64,22 e 120,9)⁶². A *tensó* pode ser clasificada atendendo á súa temática, pois hainas, sobre todo, de escarnio literario (9,14; 70,28) e de escarnio persoal (30,35; 101,5).

⁵⁸ Vid. *DLMGP*, s.v. “Cantiga de seguir”; Tavani, pp. 210-213; Cardoso, *Cant. seguir*.

⁵⁹ Vid. *DLMGP*, s.v. “Bailada (ou bailia)”; s.v. “Balada (provençal)”; e s.v. “Rondel”; Beltrán, *Rondel*; id., *Balada*; Riquer, *Los trovadores*, pp. 46-47.

⁶⁰ Vid. Magán, *Rasgos epigramáticos*.

⁶¹ Vid. *DLMGP*, s.v. “Tenção”; Tavani, pp. 199-207; Riquer, *Los trovadores*, p. 67; Lanciani, *Tipología*.

⁶² Vid. *DLMGP*, s.v. “Partimen”; Tavani, pp. 199-207; Riquer, *Los trovadores*, pp. 67-68; Lanciani, *Tipología*; Vilariño, *Concepto*.

5.5. Xéneros tardíos.

No Apéndice I figurán unha serie de composicións alleas á tradición lírica galego-portuguesa, que pertencen a gustos e estilos poéticos posteriores⁶³ (ou contemporáneos, pero de carácter non profano⁶⁴) e que, pola mesma razón, non responden ós xéneros trobadorescos.

Canción de amor: De tema similar ás cantigas de amor, presentan unha serie de características (léxicas, retóricas, lingüísticas, ...) que as sitúan en épocas posteriores (18,40; 19,1; 25,72; 85,5; 145,7). Tamén debe ser considerada como canción de amor a 37,1 aínda que vén calificada na rúbrica como *troba*. Está formada por dúas redondillas más un mote inicial e un cabo ou fin⁶⁵.

Do mesmo xeito, a 50,5 insírese na chamada poesía obrigada a mote, pois consiste no desenvolvemento nunha glosa do tema adiantado nun mote, cunha estructura semellante ó *vilancete* do século XV.

Polo que respecta á 145,10, que Tavani considera “cant. burlesca”, pódese dicir que, aínda que ten un contido satírico e paródico, non hai inconveniente para considerala unha canción de amor⁶⁶.

Cobras xocosas: Tavani fala de “cobra giocosa” no caso das composicións 145,1 e 145,9. Son ámbalas dúas textos tal vez fragmentarios que, polo léxico, o contido e a forma, son tardíos.

Lauda mariana: Composicións de louvanza á Virxe, do tipo das “cantigas de loor” contidas nas *CSM*, que pertencen á lírica relixiosa (18,9 e 18,18).

Pregunta: É unha modalidade propia do século XV (20,1; 26,1), que presenta certas similitudes cos xéneros dialogados galego-portugueses.

6. TIPO DE CANTIGA.

Despois do xénero, indícase o procedemento compositivo empregado polo trobador (*cantiga de mestría / cantiga de refrán*⁶⁷), e se este recorre ó procedemento coñecido como *cantiga atehuda*, entendendo por tal aquela que está construída de principio a fin con encabalgamento interestrófico, utilizando con frecuencia *cobras capdenals* (vid. *infra*) no primeiro verso a partir da estrofa II. Distínguese entre *atehuda ata a fienda* (9,7; 25,25) e *atehuda sen fienda* (63,81; 66,5)⁶⁸.

Segundo a distribución das rimas, diferéncianse os seguintes tipos:

- *Cobras unissonans* (= c. uniss.): Son as que repiten as mesmas rimas en idéntica distribución en tódalas estrofas (p. ex., 8,2; 8,5).
- *Cobras singulares* (= c. sing.): Son aquellas que, mantendo o mesmo esquema, presentan rimas diferentes ou en diferente distribución para cada estrofa (6,5; 94,6); consideránse tamén c. sing. as que presentan variación de esquemas nas estrofas (14,9).

⁶³ Vid. *DLMGP*, s.v. “Esparsa”; “Glosa”; “Mote”; “Redondilha (Composición)”; “Trova” e “Vilancete”.

⁶⁴ Ou, simplemente, nunha lingua diferente, como 53,1, que é unha cantiga de amor en occitano.

⁶⁵ V. Beltrán, *La canción de amor en el otoño de la Edad Media*, PPU, Barcelona, 1988, pp. 37-39.

⁶⁶ *Ibid.*

⁶⁷ No seu caso, *cantiga de refrán (intercalar)*.

⁶⁸ Mentre no primeiro tipo o encabalgamento abrangue a fienda, o segundo carece dela.

- *Cobras doblas* (= c. doblas): Son as que repiten as mesmas rimas en idéntica distribución cada dúas estrofas (9,14; 78,8). En ocasións, este procedemento aparece en composicións que teñen un número ímpar de estrofas (13,1; 22,4).
- *Cobras ternas* (= c. ternas): Son as que repiten as mesmas rimas en idéntica distribución cada tres estrofas (47,23).
- *Cobras alternas* (= c. alt.): Son as que repiten un mesmo conxunto de rimas en idéntica distribución para as estrofas pares e outro para as impares (22,5; 83,4).

Ó lado do tipo de cobras, pódense sinalar entre parénteses certas peculiaridades, como: *a)* o carácter mixto (por orde de aparición) daquelas cobras que son metade *singulares*, metade *unissonans* (63,40), ou viceversa (63,24); *b)* a existencia dunha rima que se aparta do tipo de cobra (p. ex., 25,64: c. uniss. (rima c sing.)); *c)* equivalencias de rimas entre as distintas estrofas (120,1; 121,12).

7. ESQUEMAS MÉTRICOS.

Dentro dos esquemas estróficos, márcanse con letra maiúscula os versos de refrán (cando é o caso). Distínguese entre rimas masculinas ou agudas, e femininas ou graves (p. ex., 9' indica que se trata dun verso eneasílabo grave, fronte a 9, que sinala o eneasílabo agudo), e recóllese entre parénteses o número do esquema no *RM* de Tavani⁶⁹. Os casos nos que non coincide o esquema facilitado co correspondente de Tavani explícanse en nota (p. ex., 2,2)⁷⁰.

Debaixo do esquema estrófico figura, de existir, o esquema da fiinda, indicando, no seu caso, se está construída sobre algunha estrofa (114,6).

Tamén se sinalan os casos de dísticos (16,1), trísticos (14,13), tetrásticos (49,4) e hexástico (18,28) iniciais⁷¹.

8. RECURSOS FORMAIS.

Non parece existir áinda un criterio unánime e inequívoco nin para o establecemento dunha relación completa dos recursos dignos de ser tomados en consideración, nin tampouco para definir unha parte deles dun xeito que non admita discusión. Recollendo, por unha parte, recursos propios da poética trobadoresca occitana tradicionalmente aceptados tamén para a lírica galego-portuguesa e, pola outra, procedementos específicos da nosa produción e mesmo da nosa escasa tradición retórica, preséntase, a modo de proposta, un elenco de recursos analizados de maneira sistemática en todo o corpus a partir dunhas definicións básicas⁷².

Cobras capcaudadas (= capcaud.): Dúas ou máis cobras son capcaudadas cando o primeiro verso dunha estrofa repite a rima do último verso da anterior (120,8; 125,4). Se o último verso é refrán, preséntanse como *capcaudadas ó refrán* (= capcaud. refr.: 30,10); a maio-

⁶⁹ Indicanse tamén, cando procede, os números doutras posibilidades ofrecidas por Tavani.

⁷⁰ As discrepancias con Tavani estriban, ás veces, en presentar varios esquemas dentro da composición onde el sinala un só para toda a cantiga (121,13). Advírtase, ademais, que se ofrecen sempre os esquemas que corresponden á lectura reproducida.

⁷¹ Na maioría dos casos, ese distico, trístico ou tetrástico é retomado como refrán, particularidade esta que tamén aparece rexistrada (p. ex., 49,1: dist. inic. = refrán).

⁷² Téñase en conta que a validez das indicacións correspondentes variará na medida en que se modifique a consideración que cada un faga de cada recurso.

ría destes casos aparece en cantigas de refrán entre a última estrofa e a fiinda, pois esta retoma a rima do refrán (127,1; 131,8)⁷³.

Cobras retrogradadas (= retrogr.): Unha cobra é retrogradada á anterior cando repite en orde inversa a distribución das rimas da estrofa precedente (73,4); existen casos de retrogradadas parciais (18,33), isto é, que afectan só a algunos versos das estrofas (estes casos indícanse entre parénteses).

Cobras capfinidas (= capfin.): Dúas cobras son capfinidas se o primeiro verso da segunda estrofa retoma algún lexema, palabra ou secuencia de palabras⁷⁴ do último verso da anterior (38,2). Cando a cantiga é de refrán, conta tanto o verso anterior ó refrán (22,18) coma o último do refrán (neste segundo caso, fálase de *capfinida ó refrán* (= capfin. refr.), como en 38,1). Se aparecen nunha mesma composición ambos tipos de capfinidas, citanse por orde de aparición (88,5; 92,4). Márcanse tamén capfinidas en cantigas paraleísticas con *leixa-prén* (vid. *infra*), sempre e cando non se deriven deste fenómeno (83,10).

Cobras capdenals (= capden.): Dúas ou más cobras son capdenals se posúen versos que comezan coa mesma palabra ou secuencia de palabras, preferentemente na mesma altura estructural ou mantendo unha certa simetría no desenvolvemento do discurso (97,2; 116,3). Son consideradas tamén capdenals aqueles vocativos que, sen ser totalmente idénticos, teñen a mesma función na cantiga (70,4; 97,17; 120,1; 125,41).

Dobre: É a repetición, dúas ou más veces no interior da estrofa, dunha mesma palabra, distinta en cada cobra, na mesma altura estructural. O caso más frecuente é o do dobre en posición de rima (95,7; 120,25), aínda que tamén existen osdobres internos (25,102). Cando o procedemento non se verifica en tódalas estrofas (125,13), fálase de *dobre imperfecto* (= dobre impft.). Por *dobre unissonans* (= dobre uniss.) enténdese o dobre interno que repite a mesma palabra ó longo de toda a composición (16,10)⁷⁵.

Mordobre: É un fenómeno derivado do anterior. Caracterízase por presentar en cada cobra unha palabra con variacións flexivas e que pode aparecer tanto en posición de rima como en posición interna (72,6; 78,4). Se o procedemento non se verifica en tódalas estrofas ou se presenta a distinta altura estructural, fálase de *mordobre imperfecto* (70,28).

Palabra rima (= p. rima): Chámase así á palabra ou secuencia de palabras repetida en posición de rima no mesmo verso en tódalas estrofas (97,12); se reaparece na fiinda, indícase entre parénteses (50,10). Cando non se atopa en tódalas estrofas, fálase de *palabra rima imperfecta* (p. rima impfta.): 79,13.

Palabra rima dobrada (= p. rima dobrada): É o cruzamento entre o dobre e a palabra rima (60,14). E pode tamén haber casos de *p. rima dobrada impfta.* (79,34).

⁷³ Na indicación dos recursos, citase o verso con números arábigos, e a estrofa (tamén o número da fiinda, se a hai) con números romanos; así, p. ex., "1 III" quere dicir 'primeiro verso da terceira estrofa'; "3 II" 'terceiro verso da segunda fiinda'; etc. Cando figura só un número arábigo (sen referencia a número de estrofa), quere dicir que o fenómeno afecta a ese verso en tódalas estrofas (moitas veces, porque se trata do refrán). A orde en que se citan os versos relativos a un recurso retórico é a seguinte: primeiro citanse os versos do corpo da cobra, logo os do refrán, e, por último, os da fiinda (p. ex.: "p. volta 3 II, 4 III, 6, 2^o"). A coma (,) entre o número de versos e de estrofas indica simple enumeración; o guión (-), pola contra, sinala que o procedemento comprende dende o primeiro ata o segundo número (de verso e/ou de estrofa) citados. O punto e coma (:) serve para distinguir uns recursos de outros, ou ben a existencia de varios casos diferentes que responden ó mesmo recurso. A barra (/), pola súa parte, úsase para citar versos que figuram tamén formando parte doutro recurso (p. ex. en 2,1: rima der.: 2 I/1 II, 6 I/5 II, 3 III, onde 2 I e 1 II, por un lado, e 6 I e 5 II, por outro, son p. volta).

⁷⁴ Contan tamén para o fenómeno tódalas formas verbais dos verbos polirrizzos.

⁷⁵ Nos fenómenos do dobre, mordobre, p. rima, p. volta e p. equív. especificanse as palabras ou secuencias de palabras que conforman o recurso, sinalando, no seu caso, as variantes gráficas.

Palabra volta (= p. volta): O nome resulta dunha adaptación do termo occitano *mot tornat*, pero non se corresponde exactamente con el, pois designa a repetición, na mesma cobra ou en cobras distintas e dun xeito asimétrico, dunha palabra en posición de rima (2,15). Unha modalidade especial, nas cantigas con fienda, consiste en retomar nesta unha palabra en rima de calquera verso do refrán ou das cobras (85,16).

Palabra equívoca (= p. equív.): É un tipo particular de *p. volta* no que a palabra repetida posúe o mesmo significante, pero distinto significado (18,26; 70,13). Existe algún caso -que se designa como *aequivocatio-* en que este significado equívoco se convierte en eixe principal da cantiga (79,34; 116,35; 120,31 e 130,2).

Rima derivada (= rima der.): Estriba na aparición de palabras en posición de rima con variacións flexivas sobre un mesmo lexema (83,3; 109,2). Os casos de *p. equívoca* nos que a diferencia de significado é gramatical e non léxica son considerados rima der. (7,10, onde aparecen en rima un *partir* infinitivo e un *partir'* futuro de subxuntivo). Algunhas cantigas (68,2) están construídas na súa totalidade sobre este procedemento, que, nalgúns ocasións, se cruza co mordobre (94,7; 120,46).

Palavra perduda (= p. perduda): É o verso que queda solto en canto á rima en tódalas estrofas, sempre na mesma altura estructural. Existen tres modalidades: *a)* que a *p. perduda* presente unha rima diferente en cada estrofa (15,4); *b)* que presente a mesma rima en tódalas estrofas (25,90); *c)* que remate cunha *p. rima* (47,29).

Leixa-prén: É un recurso retórico que, en principio, só se produce en composicións en dísticos paralelísticos con refrán, e consiste en repetí-lo segundo verso da primeira estrofa como primeiro da terceira, o segundo da segunda como primeiro da cuarta, e así sucesivamente (106,11; 114,4). Combínase habitualmente co paralelismo literal (vid. *infra*), do tipo “1 I, II; 2 I, II; 2 III, IV; 2 V, VI...” (134,5). Algunhas veces, o leixa-prén non afecta á totalidade da cantiga (79,25). O único caso detectado de leixa-prén sen refrán é 22,9, onde existen dous versos curtos dispuestos a modo de refrán e construídos sobre o fenómeno da repetición literal (vid. *infra*).

Paralelismo: Toda a lírica galego-portuguesa está baseada no recurso á repetición. Dentro dela, o paralelismo consiste en reiterar determinadas estructuras sintácticas e semánticas para crear un sentido rítmico e incidir en certos conceptos e ideas. Así, certas cantigas están construídas sobre o chamado *paralelismo literal* (= paral. lit.), que é a repetición case literal dun verso, variando a parte final do mesmo, frecuentemente mediante a introducción dun sinónimo poético (83,9) ou por transposición de termos (134,5). O sinónimo poético pode aparecer tamén ó comezo do verso (25,102), ou combinarse cunha estructura sintáctica fixa (83,2). Cando o paralelismo se produce entre versos illados de composicións non paralelísticas (33,7), indícase como *correspondencia paralelística de tipo literal* (= corr. paral. lit.); sucede con certa frecuencia no verso anterior ó refrán, que actúa como unha especie de verso de volta (30,27)⁷⁶. Hai tamén casos en que o paralelismo obedece a repeticións de carácter semántico, sintáctico, etc.⁷⁷; sinalarémolo entón simplemente como *correspondencia paralelística* (= corr. paral.). Dado que, en ocasións, o *paral. lit.* se constrúe variando a parte

⁷⁶ O máis común é que a *corr. paral. lit.* previa ó refrán afecte a tódalas estrofas menos a unha; nesta, o verso en cuestión mantién algún tipo de *corr. paral.* (non literal) co resto dos versos previos ó refrán, fenómeno que se sinala entre parénteses (63,2).

⁷⁷ Nótese que, nas *corr. paral.*, indícase o verso ou versos en que aparece o recurso, aínda que o procedemento non os abarque por completo. Do mesmo modo, nos casos de *corr. paral.* do verso anterior ó refrán, engádense ás veces, por razóns de claridade sintáctica, o verso ou versos do refrán (44,2^{ba}; 133,4).

final do verso, non sempre resulta fácil establecer unha fronteira clara coas *capden.*, polo que quen pretenda achegarse ós recursos a partir deste traballo deberá relacionar ámbolos dous fenómenos, que aquí se presentan como excluíntes⁷⁸; por outra parte, versos que establecen entre sí *corr. paral.* poden ser *capden.* con outros versos da cantiga (152,1).

Repetición literal (= repet. lit.): Consiste na reiteración idéntica dun verso completo (30,4; 14,5). Cando se produce en versos do refrán (116,11), fálase de *reduplicación no refrán* (= redupl. refr.). Se un verso do refrán reaparece fóra del, fálase de *repetición literal* (18,1).

9. BIBLIOGRAFÍA ESPECÍFICA DA CANTIGA.

Cada un dos textos vai acompañado, sempre que sexa posible, dunha bibliografía específica, que en ningún caso pretende ser exhaustiva, posto que tódalas referencias bibliográficas remiten á súa vez a outras fontes que completan a información correspondente. O criterio seguido na selección bibliográfica foi o de combinar traballos xa clásicos no estudio da lírica galego-portuguesa con novedades, procurando unha posta ó día que ofrece só un pequeno apoio bibliográfico que deberá ser ampliado polo estudioso.

Nun primeiro apartado, indícanse, seguindo a mesma orde do último apartado da ficha bio-bibliográfica do trobador, as edicións críticas da composición (a primeira que figura, destacada en letra negrita, é a seguida para o texto en cuestión) e as antoloxías en que se inclúe. Ademais da referencia abreviada á edición ou antoloxía, sinálase o número -ou, no seu caso, as páxinas- que nela ocupa a cantiga.


A continuación, nun segundo apartado, inclúense referencias a estudos diversos: por unha parte, estudos adicados á cantiga en particular (p. ex., Roncaglia, *Ay flores*; Lorenzo Gradín, *Malcasada*; etc.); por outra, estudos de carácter global que afectan a un grupo de cantigas (Mussons, *Locura*; Souto Cabo, *A natureza*; etc.).

Intentouse dar conta dos traballos que abordan unha cantiga en particular, pero son más numerosos os que se ocupan de aspectos diversos vinculados a unha serie delas. Isto explica referencias do tipo de "Tavani, 88-93" para 25,2, 25,50 ou 98,1, pois, nas páxinas indicadas, Tavani ocúpase do paralelismo formal que caracteriza a estas (e outras más) composicións.

O sistema empregado para as referencias bibliográficas pretende aunar concisión e funcionalidade mediante unha abreviatura que permita identificar a primeira vista o libro ou artigo referenciado. En calquera caso, na Bibliografía proporcionanse os datos necesarios para desenvolver esas abreviaturas.

⁷⁸ Con algunha rara excepción, como 18,29.

BIBLIOGRAFÍA



BIBLIOGRAFÍA EMPREGADA

- Ackerlind, Sheila R.: *King Denis of Portugal and the Alfonsine Heritage*, Col. American University Studies, 69, Peter Lang, New York, 1990 (= Ackerlind, *King Denis*).
- Actas da II Xornadas da UFF de Cultura Galega, Universidade Federal Fluminense, Núcleo de Estudios Galegos (16 a 19 de Maio de 1994. Niterói)*, Xunta de Galicia, 1995 (= *Xornadas Niterói*).
- Actas del I Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval, Santiago de Compostela, 2 al 6 de Diciembre de 1985*, edición a cargo de Vicente Beltrán, PPU, Barcelona, 1988 (= *I Congreso AHLM*).
- Actas del II Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Segovia, del 5 al 19 de Octubre de 1987)*, editadas por José Manuel Lucía Megías, Paloma Gracia Alonso y Carmen Martín Daza, Universidad de Alcalá, 1992, 2 tomos (= *II Congreso AHLM*).
- Actas del VI Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Alcalá de Henares, 12-16 Septiembre 1995)*, no prelo (= *VI Congreso AHLM*).
- Actas do Segundo Congreso de Estudios Galegos. Brown University, novembro 10-12, 1988. Homenaxe a José Amor y Vázquez*, coordinación e edición de Antonio Carreño, Galaxia, Vigo, 1991 (= *Congreso Brown*).
- Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filología Románicas, Universidade de Santiago de Compostela, 1989*, publicadas por Ramón Lorenzo, Fundación "Pedro Barrié de la Maza. Conde de Fenosa", A Coruña, 1994 (Tomo VII. Sección IX. Filología medieval e renacentista. A. Crítica textual e edición de textos. B. Historia e crítica literarias) (= *XIX CILFR*).
- Alfonso X. Cantigas profanas*. Edición de Juan Paredes Núñez, Universidad de Granada, Granada, 1988 (= Paredes Núñez).
- Alonso Montero, Xesús: "Fortuna literaria de Meendinho", *Homenagem Stegagno*, pp. 85-109.
- Alvar, Carlos: "Maestre Nicolás y las cantigas de escarnio gallego-portuguesas", *Revista de Literatura*, XLIII, 1981, pp. 133-140 (= Alvar, *Maestre Nicolás*).
- : "Poesía y política en la corte alfonsí", *Cuadernos Hispanoamericanos*, 410, 1984, pp. 5-20 (= Alvar, *Poesía y política*).
- : *Las poesías de Pero Garcia d' Ambroa*, Tip. Pacini, Pisa, 1985 (= Alvar).
- : "María Pérez, Balteira", *Archivo de Filología Aragonesa*, XXXVI-XXXVII, 1985, pp. 11-40 (= Alvar, *Balteira*).
- : "Joan Soárez de Pavha, *Ora faz ost' o senhor de Navarra*", *Philologica Hispaniensia in honorem Manuel Alvar*, III, Gredos, Madrid, 1986, pp. 7-12 (= Alvar, *Ora faz*).
- : "La cruzada de Jaén y la poesía gallego-portuguesa", *I Congreso AHLM*, pp. 139-144 (= Alvar, *Cruzada*).
- e Vicente Beltrán: *Antología de la poesía gallego-portuguesa*, Alhambra, Madrid, 1989, reimpresión (= Alvar/Beltrán, *Antología*).

- : "Apuntes para una edición de las poesías de Fernan Soárez de Quinhones", *Homenagem Stegagno*, pp. 3-14 (= Alvar, *Apuntes*).
- : "O genete alfonsi (18,28). Consideraciones métricas", *IV Congresso AHLM*, II, pp. 203-208 (= Alvar, *Genete*).
- : "Poesía gallego-portuguesa y Materia de Bretaña: algunas hipótesis", *Cantar*, pp. 31-51 (= Alvar, *Materia*).
- Alvar, Manuel: *Las once cantigas de Joan Zorro*, Universidad de Granada, Granada, 1969, 2^a ed. (= M. Alvar).
- Álvarez Blázquez, Xosé María: "A mulher na lírica medieval galego-portuguesa", Separata das *Actas do Congresso Histórico Medievo I*, Braga, 1963, pp. 86-101 (= Álvarez Blázquez, *Mulher*).
- : "O trovador lugués D. Lopo Lías en terras de Pontevedra", *Grial*, III, 1965, pp. 446-452 (= Álvarez Blázquez, *Lopo Lías*).
- : *Escolma da poesía medieval (1198-1354)*, Edicións Castrelos, Vigo, 1975 (= Álvarez Blázquez, *Escolma*).
- Álvarez Pellitero, Ana M^a: "La configuración del doble sentido en la lírica tradicional", *I Congreso AHLM*, pp. 145-155 (= Álvarez Pellitero, *Configuración*).
- Amigo, Fernando M.: "El tema amoroso en la poesía de Pedr' Amigo de Sevilha", *Congreso Brown*, pp. 115-123 (= Amigo, *Tema amoroso*).
- Andrade, Amélia Aguiar e Olga Magalhães: "A Igreja e os seus membros nas cantigas de escárnio e mal dizer dos Cancioneiros medievais galaico-portugueses", *Estudos Medievais*, 1, 1981, pp. 39-58 (= Andrade/Magalhães, *Igreja*).
- Annicchiarico, Annamaria: "Per una lettura del canzoniere di Johan Vaasquiz de Talaveyra", *Annali dell'Istituto Universitario Orientale*, XVI, 1974, pp. 135-157 (= Annicchiarico, *Per una lettura*).
- Antunes-Rambaud, Maria de Fátima: "Mère et fille dans les chansons d'ami galiciennes-portugaises", *Les relations de parenté dans le monde médiéval*, Sénégiance, 26, CUERMA, Aix-en-Provence, 1989, pp. 131-141 (= Antunes-Rambaud, *Mère*).
Ca novas mi disseron que ven o meu amigo,
e and' end' eu muy leda poys tal mandad' ey migo,
poys tal mandad' ey migo,
ca [ven o meu amigol].

Ca novas mi disseron ca ven o meu amado,
e and' [end'] eu muy leda poys migu' é tal
[mandado],
poys migu' é tal mandado,
que ven o meu amado.

22,10. *Pero m' eu moyro, mha senhor*

Pero m' eu moyro, mha senhor:
non vos ous' eu dizer meu mal,
ca tant' ey de vós gram pavor
que nunca tan grand' ouvy d' al.
E por én vos leix' a dizer
meu mal, e quer' ante morrer
por vós ca vos dizer pesar.

E por aquesto, mha senhor,
vyv[eu] en gram coyta mortal
que non poderia mayor.
Ay, Deus! quen soubess' ora qual
é, vo-la fezess' entender,
e non cuydass' y a perder
contra vós, por vos hi falar!

E Deu-lo sabe, mha senhor,
que, sse m' el contra vós non val,
ca mi seria muy melhor
mha morte ca mha vid', en tal
que fezess' y a vós prazer
que vos eu non posso fazer,
nen mh-o quer Deus nen vos guysar.

B 1135, V 726.

Amigo, cant. de mestria, c. alt.

a13' a13' a6' a6' (2:2; outras possibilidades, 1:2; 225:1).
Capfin.; rima der. 2/3 I / 1/4 III, 2/4 II / 1/4 IV; paral. lit. 1 I,
II; 2 I, II; 2 III, IV; repet. lit. 1 I (2º hem.), 4 I; 2 I (2º hem.), 3
I; 1 II (2º hem.), 3 II; 2 II (2º hem.), 4 II; 1 III (2º hem.), 4 III;
2 III (2º hem.), 3 III; 1 IV (2º hem.), 4 IV; 2 IV (2º hem.), 3 IV;
leixa-prén⁴⁵.

- **Indini 12⁴⁶**; Camargo et alii, *Bernal de Bonaval*, 12;
Amigo 356; *Crestomatia*, p. 253; Machado 1068; Braga
726; Varnhagen, *Cancioneirinho*, 21; Cidade, *Poesia
medieval*, p. 51; Álvarez Blázquez, *Escolma*, p. 18; Deluy,
Troubadours, pp. 53-54.

- Lapa, *O texto*, 183-184; Filgueira, *Santuários*, 133;
Lorenzo Gradiñ, *Repetitio*, 80-94.

B 1063, V 654.

Amor, cant. de mestria, c. uniss.

a8 b8 a8 b8 c8 c8 d8 (106:2).

Fiinda: c8 c8 d8.

P. rima 1 I-IV: *mha senhor*; p. volta 2, 4 IV: *fa*; rima der. 6 I,
2 II; 6 III, 2 f; p. perdida 7; corr. paral. 6-7 I, 3-4 III, 5-7 IV.

- **Indini 2**; Camargo et alii, *Bernal de Bonaval*, 2; *Amor*
207; Machado 997; Braga 654.

⁴⁵ Curioso caso de leixa-prén en cantiga paraleística sen refrán. Os versos curtos están dispuestos a modo de refrán e construídos a partir do mecanismo da repetición literal, tal como reflectimos na nosa análise.

⁴⁶ Preferimos dispoñela cantiga en versos longos, seguindo as suxerencias de Nunes, *Amigo* I, p. 414, e Lapa, *O texto*, p. 183.

E con dereyto, mha senhor,
peç' eu mha morte, poys mi fal
todo ben de vós e d' amor.
E poys meu temp' assy me fal
amand' eu vos, dev' a querer
ante mha morte ca viver
coytad', e poys non gradoar
de vós, que me fez Deus veer
por meu mal, poys, sen benfazer,
vos ey já sempre desejar.

22,11. *Pero me vós dizedes, mha senhor*

Pero me vós dizedes, mha senhor,
que nunca per vós perderey
a muy gram coyta que eu por vós ey
en tanto com' eu vyvo for,
al cuyd' eu de vós e d' Amor:
*que mb-averedes muy ced' a tolber
quanta coyta me fazedes aver.*

E, mha senhor, húa ren vus direy,
e non est ar de vós melhor:
quant' eu ouver por vós coyta mayor,
tanto me mays aficarey
[en al cuydar; e cuydarey]
*que mb-averedes [muy ced' a tolber
quanta coyta me fazedes aver].*

22,12. *Pero vejo donas ben parecer*

Pero vejo donas ben parecer
e falar ben e fremoso catar,
non poss' eu por én desejos perder
d' a que mi Deus non ouvera mostrar
hu mh-a mostrou por meu mal. Ca des y
nunc' ar fui led' e, cuydando, perdi
desejos de quant' al fui [eu] amar.

A que eu vi mays fremoso parecer
de quantas eno mundo pud' achar,
essa foy-eu das do mund' escolher
[pola mypto de coraçon amar].
E, poys mh-a Deus faz desejar assy,
non mh-o fez el se non por mal de min
cometer o que non ey d' acabar.

Se eu foss' a tal senhor ben querer
con que podesse na terra morar
ou a que ousasse mha coyta dizer,
logu' eu podera meu mal endurar;
mays tal senhor am' eu que, poi-la vy,

B 1067, V 658.

Amor, cant. de refrán, c. sing. (a I = b II; b I = a II).

a10 b8 b10 a8 a8 C10 C10 (139:14).

Capden. 3 II, 7; rima der. 3 I, 7.

- **Indini 6**; Camargo et alii, *Bernal de Bonaval*, 6; Amor 211; Machado 1001; Braga 658.

B 1070, V 661.

Amor, cant. de mestria, c. uniss.

a10 b10 a10 b10 c10 c10 b10 (101:8).

Capfin. I-II; p. rima impfta. 1 I, II: *parecer*; p. volta 7 I, 4 II: *amar*; rima der. 3, 6 I.

- **Indini 9**; Camargo et alii, *Bernal de Bonaval*, 9; Amor 214; Machado 1004; Braga 661.

- Brea, *Dona*, 161-167.

sempre por ela gram coyta sofry,
e pero nunca lh' end' ousei falar.

22,13. *Poys mi dizedes, amigo, ca mi queredes vós melhor*

Poys mi dizedes, amigo, ca mi queredes vós
[melhor]
de quantas eno mundo son, dizede, por nostro
[Senhor!:]
*se mi vós queredes gram ben,
ir como podedes d' aquen?*
E poys dizedes ca poder non avedes d' al tant'
[amar]
come min, ay, meu amigo!, dizede, se Deus vos
[anpar!:]
*se mi vós queredes [gram ben,
ir como podedes d' aquen]?*
E poys vos eu ouço dizer ca non amades tan
[muyt' al]
come mi, dized', amigo, se Deus vos lev' a
[Bonaval!:]
*se mi vós queredes [gram ben,
ir como podedes d' aquen]?*
Porquê oy sempre dizer d' u home muyt' amou
[molher]
que sse non podia end' ir, pesar-mh-á se eu non
[souber:
*se mi vós queredes [gram ben,
ir como podedes d' aquen]?*

22,14. *Por quanta coyta me faz mha senhor*

Por quanta coyta me faz mha senhor
aver, nunca m' eu d' ela queixarey,
nen é dereyto, ca eu mh-o busquey.
Mays dereyt' ey en me queixar d' Amor,
*porquê me fez gram ben querer
quen mb-o non á de gradecer.*

E nunca m' eu a mha senhor hirey
queixar de quanta coyta padeci
por ela, nen do dormir que perdi.
Mays d' Amor sempr' a queixar m' averey,
*porquê me fez gram ben lquerer
quen mb-o non á de gradecer!.*

B 1138, V 729.

Amigo, cant. de refrán, c. sing.

a16 a16 B8 B8 (37:2; outras possibilidades, 26:1; 244:6 (I),
244:4 (II, III), 244:2 (IV)).

Capfin.; capden. 1 I-III; 2 II, III; corr. paral. 1-2 I-III.

- **Indini 15**⁴⁷; Camargo et alii, *Bernal de Bonaval*, 15;
Amigo 359; *Crestomatia*, p. 193; Machado 1071; Braga 729.

- Ron, *Ir-se*, 119-120.

B 1071, V 662.

Amor (mot. da *mala cansó*), cant. de refrán, c. sing. (b I =
a II; b II = a III).

a10 b10 b10 a10 C8 C8 (160:274).

Capden. 1 I, III; 4 I, II, 3 III; corr. paral. 1-2 I, 1-3 II, 1-2 III;
4 I, II, 3-4 III.

- **Indini 10**; Camargo et alii, *Bernal de Bonaval*, 10; *Amor*
215; Machado 1005; Braga 662.

- Mussons, *Locura*, 163-172

⁴⁷ Seguímo-la proposta de Lapa, *O texto*, p. 184, polo que respecta á disposición da cantiga en versos longos.

Por quanta coyta por ela sofrei,
nunca me lhi dev' a queixar con razon.
Mays queixar-m' ey [e]no meu coraçon
d' Amor, a que nunca mal mereci,
*porquê me fez gram ben querler
quen mb-o non á de gradecer].*

22,15. Quero-vos eu, mha irmana, rogar

Quero-vos eu, mha irmana, rogar
por meu amigu' e quero-vos dizer
que vos non pês de m' el viir veer;
e ar quero-vos de desengagnar:
*se vos prouguer con el, gracir-vo-lo-ey,
e, se vos pesar, non o leixarey.*

Se veer meu amigu' e vos for ben
con el, fiar-m' ey mays en voss' amor,
e sempre m' end' averedes melhor.
E ar quero-vos dizer outra ren:
*se vos prouguer con el, gracir-vo-lo-ey,
le, se vos pesar, non o leixarey.*

Quando veer meu amigo, cousin
vos-ey se me queredes ben, se mal.
E, mha irmana, direy-vos logu' al,
ca non vos quero meu cor encobrir:
*se vos prouguer [con el, gracir-vo-lo-ey,
e, se vos pesar, non o leixarey].*

22,16. Rogar-vos quer[ol]-eu, mha madr' e mha senhor

Rogar-vos quer[ol]-eu, mha madr' e mha senhor,
que mi non digades oje mal
se eu for
a Bonaval,
poys meu amigu' i ven.

Se vos non pesar, mha madre, rogar-vos-ey,
por Deus, que mi non digades mal:
e hirey
a Bonaval,
poys meu [amigu' i ven].

22,17. Senhor fremosa, poys assy Deus quer

Senhor fremosa, poys assy Deus quer
que já eu sempre no meu coraçon

B 1136, V 727.

Amigo, cant. de refrán, c. sing.

a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:13).

Capden. 4 I, II; corr. paral. 4 I, II, 3-4 III.

- **Indini 13:** Camargo et alii, *Bernal de Bonaval*, 13;
Amigo 357; Machado 1069; Braga 727; Alvar/ Beltrán,
Antología, 33.

B 1141, V 732.

Amigo (romaría), cant. de refrán, c. sing. (rima a) e uniss.
(rima b).

a12 b9 a3 B4 C6⁴⁸.

P. rima 2: *mal*; rima der. 3; corr. paral. lit. 2; corr. paral. 1-4;
repet. lit. 4.

- **Indini 18:** Camargo et alii, *Bernal de Bonaval*, 18;
Amigo 362; Machado 1074; Braga 732; Álvarez Blázquez,
Escolma, p. 20.
- Álvarez Blázquez, *Mulher*, 92-93.

B 1065, V 656.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

⁴⁸ Seguimos lo esquema de Indini, ainda que nós tamén consideramos refrán o v. 4. Para Tavani, 180:1, o esquema é: a12 b9 b7 C6.

deseje de vós ben e d' alhur non,
rogar-vos-ey, por Deus, se vos prouguer,
que vos non pêz de vos eu muyt' amar,
poys que vos non ouso por al rogar.

E, já que eu sempr' a desejar ey
o vosso ben e non cuyd' a perder
coyta, se non per vós ou per morrer,
por Deus, oyde-me: rogar-vos-ey
que vos non pêz de vos eu muyt' amar,
[poys que vos non ouso por al rogar].

E, poys m' assy ten en poder Amor
que me non quer leixar per nulha ren
partir de vos já sempre querer ben,
rogar-vos quero, por Deus, mha senhor,
que vos non pêz [de vos eu muyt' amar,
poys que vos non ouso por al rogar].

a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:14).
Capden. 4 I, III; rima der. 4 II, 6; 1 III, 5; corr. paral. lit. 4 I,
III (= 4 II); corr. paral. 1-3.

- **Indini 4:** Camargo et alii, *Bernal de Bonaval*, 4; Amor 209; Machado 999; Braga 656.

22,18. *Senhor fremosa, tam gram coyta ey*

Senhor fremosa, tam gram coyta ey
por vós que bon conselho non me sey,
cuydand' en vós, mba senhor muy fremosa.

Por vós, que vi melhor d' outras falar
e parecer, non me sey conselhar,
cuydand' en vós, mba senhor muy fremosa.

Non mi queredes mha coyta creer:
creer-mh-a-edes, poys que eu morrer
cuydand' en vós, mba [senhor muy fremosa].

B 1068, V 659.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a10 a10 B10' (26:69).

Capfin. I-II; capden. 2 I, 1 II; corr. paral. 1-2 I, II.

- **Indini 7:** Camargo et alii, *Bernal de Bonaval*, 7; Amor 212; Machado 1002; Braga 659.

22,19. *Se vehess' o meu amigo*

Se vehess' o meu amigo
a Bonaval e me visse,
vedes como lh' eu diria
ante que m' eu d' el partisse:
"Se vos fordes, non tardedes
tan myto como soedes".
Diria-lh' eu: "Non tardedes,
amigo, como soedes".

Diria-lh' eu: "Meu amigo,
se vós a min muyt' amades,
fazede por mi atanto,
que bona ventura ajades!
Se vos fordes, non tardedes
tan myto como soedes".
Diria-lh' eu: "Non tardedes,
[amigo, como soedes]".

B 1139, V 730.

Amigo, cant. de refrán, c. sing. (a I, II = b III).

a7' b7' c7' b7' D7' D7' D7' D7' (250:1; outras possibilidades,
37:8; 43:1).

Capfin. refr. I-II; capden. 1 I, 2 III; 1 II, 4 III, 7; p. rima impf-
ta. 1 I, II: *meu amigo*; p. volta 1 I/II, 4 III: *meu amigo*; 5, 7:
non tardedes; 6, 8: *como soedes*; rima der. 1 I/II / 4 III, 2 II;
p. perduda 1; 3; repet. lit. 1 II, 4 III.

- **Indini 16:** Camargo et alii, *Bernal de Bonaval*, 16;
Amigo 360; Auswahl 41; Machado 1072; Braga 730;
Alvar/Beltrán, Antología, 35; Álvarez Blázquez, *Escolma*, p.
19; Pena, *Lit. Galega*, II, 61.

- Pinto-Correia, *Dimensão*, 26-28.

Que leda que eu seria
se vehess' el falar migo!
E, ao partir da fala,
diria-lh' eu: "Meu amigo,
se vos fordes, non tardedes
tan muyto como soedes".
Diria-lh' eu: "Non tardedes,
/amigo, como soedes".

23. Bonifaci Calvo (Bonifaz de Genua)

Trobador de orixe xenovesa; compuxo dúas cantigas de amor en galego-portugués, ademais dun sirventés trilingüe no que o galego era unha das linguas empregadas. Catro das súas composicións provenzais narran feitos políticos da época alfonsina correspondentes ós anos 1252-1255. Chegaría á Península con Nicolás Calvo, o cal en 1251 obtivera permiso do rei Fernando III para o asentamento dunha colonia de xenoveses en Sevilla. O coñecemento dos feitos que refire nas súas composicións, xunto co seu virtuosismo literario, fan pensar ós investigadores (Beltrán, *Tipos II*, 9-13; Resende, 325) que a súa estadía en Castela se prolongou máis do que se supón, pode que ata os inicios da década dos sesenta (a partir de 1266 sábese que está en Italia xa que participa nun intercambio poético con Bartolomeu Zorzi). Froito da súa estancia na corte do Rei Sabio é a súa relación co trobador Airas Moniz d' Asme (nº 13).

Bibliografía:

- Peláez, *Bonifazio Calvo*, 1-44, 318-367; *CA II*, 273-274, 372, 429, 438, 736, 749; Frank, *Troubadours*, 199-226; Riquer, *Los trovadores*, III, 1417-1418; Beltrán, *Trovadores I*, 45-57; id., *Tipos II*, 9-13; Tavani, 281; Beltrán, *DLMGP*, 106-107; Resende, 325.
- Canettieri/Pulsoni, *Imitación métrica*, 25-33.
- EDIC.: Piccat; *CA*, 521-523; Branciforti, *Le rime*, 95-98; Horan, *The poems*, 69-71; Gonçalves/Ramos, *A lírica*, 232.

23,1. Mui gram poder á sobre mi Amor

Mui gram poder á sobre mi Amor,
poys que me faz amar de coraçon
a ren do mundo que me faz mayor
coyta sofrer; e por tod' esto non
ouso pensar sol de me queixar én,
tan gram pavor ey que mui gram ben
me lhi fezesse, por meu mal, querer.

E non mh-á prol este pavor aver,
poys cada dia mh-a faz mui melhor
querer por mal de min e por fazer-
me prender morte en cab': e pois sabor
á de mha morte, roga-lh' ei que non
mh-a tarde muyto, que é gram sazon
a que a quis e desejey por én.

Poys ja entendo que guisada ten
Amor mha morte, non pode seer
que me non mat' e sey eu húa ren:

A 265, B 449.

Amor, cant. de mestría, c. sing. (a I = b II = c III = d IV; b I = c II = d III = a IV; c I = d II = a III = b IV; d I = a II = b III = c IV).

a10 b10 a10 b10 c10 c10 d10 (106:1).
Capcaud.; capden. 2 I, II; p. volta 2 I, 7 III: *coraçon*; 4 I, 5 II, 1 IV: *non*; rima der. 2, 6 III; p. perduda 7.

- **Piccat 1**; CA 265; Molteni 341; Machado 391; Piccolo 105.
- Tavani, 114-117.

que mi val mays logu' i morte prender
que viver cuytad' en mui gram pavor,
ca non averey, poys eu morto for,
tal coita com' ey no meu coraçon.

E quem soubesse como mi vay, non
terria que eu sôñ de bon sen
en me leixar viver, ca sen razon
me dá tal coit' Amor, que mi conven
a viver trist' e sen todo prazer,
e mi conven atal afam sofrer
que mayor non fez Nostro Senhor.

23,2. *Ora non moyro, nen vyvo, nen sey*

Ora non moyro, nen vyvo, nen sey
como mi vay, nen ren de mi, se non
atanto que ey no meu coraçon
coyta d' amor qual vus ora direy:
*tan grand' é que mi faz perder o sen
e mba senhor sol non sab' ende ren.*

Non sey que faço, nen ei de fazer,
nen en que ando, nen sey ren de mi,
se non atanto que sofr' e sofri
coita d' amor qual vus quero dizer:
*tan grand' é que mi faz perder o sen
e mba senhor sol non sab' ende ren.*

Non sey que é de min, nen que será
meus amigus, non sei de mi ren al
se non atanto que eu sofra atal
coyta d' amor qual vus eu direy ja:
*tan grand' é que mi faz perder o sen
e mba senhor sol non sab' ende ren.*

A 266, B 450.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:15).

Capfin. refr.; capden. 1 II, III; 3 II, III; rima der. 4 I, II; corr.
paral. lit. 3 II, III (= 2-3 I); 4; corr paral. 1-2.

- **Piccat 2;** CA 266; Molteni 342; Machado 392;
Gonçalves/Ramos, A Lírica, 55; Piccolo 106.

24. Caldeiron

Posiblemente, xograr *atamborero* que estivo na corte de Sancho IV (Couceiro Freijomil, apoiándose nas *Cuentas y Gastos del rey don Sancho* dos anos 1293-1294). É probable a súa procedencia aragonesa (Vatteroni, 158, considera que non). Michaëlis (CA II, 609) identificouno (e acéptano Lapa, 633, e Tavani, 282) cun aragonés, que chegou á corte portuguesa de Don Denis formando parte do séquito da raíña Dona Isabel en 1282 ou do seu medio-irmán, Pedro de Aragón, en 1297.

Bibliografía:

- CA II, 609; Couceiro Freijomil, *Diccionario*, 197; Lapa, 633; Vatteroni, 155-162; Tavani, 282; Vatteroni, DLMGP, 113; Resende, 325-326; Beltrán, *Tipos XI*, 121-140.
- EDIC.: Lapa, 633-634; Vatteroni, 162-181.

24,1. Os d' Aragon, que soen donear

Os d' Aragon, que soen donear,
e Catalães con eles a perfia,
leixados son por donas a lidar,
van-s' accordando que era folia;
e de bu[r]llas, cuid' eu, rir-s' end'ia
quen lhe discess' aqueste meu cantar
a dona gaia do bon semelhar, -
oo amor quiçá non no preçaria.

Cantar quer' eu -non averá i al-
dos d' Aragon e dos de Cadalonha,
per como guardan sas armas de mal
cada un deles, empero sen sonha;
ante xe queren sofrir a vergonha
daqueste segre, polo que mais val;
non pararian os do [El]spital
de melhor mente a lide nen besonha.

Desto contar' el-Rei me descobrir
dos d' Aragon, quand' eu vin de Galiza,
u viven con gran míngua de lezir,
[e] a[r] busquei ben aalen de Fariza.
Non se faz todo per fardar peliça?
Mais quen [aque]este meu cantar oir
gracir-mi-á ben; e, pois que s' esbaldir,
se [alguen] s' en queixar, busque-me liça.

24,2. Úa donzela coitado⁴⁹

Úa donzela coitado
d' amor por si me faz andar;
e en sas feituras falar
quero eu, come namorado:
rostr' agudo come foron,
barva no queix' e no granhon,
o ventre grand' e inchado.

Sobrancelhas mesturadas,
grandes e mui cabeludas,
sobre-los olhos merjudas;
e as tetas pendoradas
e mui grandes, per boa fé;
á un palm' e meio no pé
e no cós três polegadas.

A testa ten enrugada
e os olhos encovados,
dentes pintos come dados...

- B 1623, V 1157.
Escarnio social, cant. de mestria, c. sing.
a10 b10' a10 b10' b10' a10 a10 b10' (81:1).
Capden. 2 II, III.
- **Lapa 431**; Vatteroni, pp. 168-181; Machado 1527;
Braga 1157.
- Filgueira, *Verbo antigo*, 357-361; Magán, *U non jaz al*,
107-116; Canettieri/Pulsoni, *Imitación métrica*, 25-33; id.,
Contrafacta, 494-497.

- B 1619, V 1152 (atrib. a Pero Viviaezy).
Escarnio de amor, cant. de mestria, c. sing.
I: a7' b8 b8 a7' c8 c8 a7' (161:283).
II, III: a7' b7' b7' a7' c8 c8 a7' (161:286).
- **Lapa 405** (atrib. a Pero Viviaezy); Vatteroni, pp. 161-168;
Machado 1523; Braga 1152.
- Filgueira, *Formas*, 151-155; Brea et alii, *Animales*, 89-91;
Tavani, 178-185; Corral, *Velha*, 412-414; Rodríguez, *Anti-retrato*, 48-49; Corral, *Donzela*, 352-354; Videira, 171
(atrib. a Pero Viviézes); Carvalho, *Texto*, 44-52.

⁴⁹ Esta cantiga foi atribuída a Pero Viviaezy por Lapa; consultese a Introducción para ver cales son as razóns que permiten atribuí-lo texto a Caldeiron.

e acabei, de passada.
Atal a fez Nostro Senhor:
mui sen doair' e sen sabor,
des i mui pобр' e forçada.

25. Don Denis

Fillo de Afonso III de Portugal e de Dona Beatriz de Castela e, polo tanto, neto de Alfonso X, naceu en 1261. Reinou dende 1279 ata 1325, data da súa morte. Continuou a liña iniciada polo seu pai, convertendo a súa corte en fogar para moitos trovadores (cf. n^os 9, 29, 30, 35, 48, 61, 66, 75, 82, 96, 100, 118, 133, 141) e no núcleo de supervivencia da tradición lírica galego-portuguesa (Tavani, 282). O feito de ter un mestre francés (Aimeric d' Erbrard) puxoo en contacto coas líricas de oc e de oil, contacto favorecido polo seu casamento con Isabel de Aragón, educada nunha corte onde foran adoptadas a lingua e a poesía occitanas (Gonçalves, *DLMGP*, 206). Froito destas ensinanzas son as súas 137 cantigas, que o converten no trovador máis fecundo da nosa lírica. Emprendeu unha política cultural que desembocou na aparición de novos xéneros na literatura portuguesa (os *Livros de Linhagens* e a historiografía), na traducción ó portugués de non poucos textos históricos e xurídicos (as *Partidas* de Alfonso X) e na creación da Universidade en 1290. Tivo que fazer fronte, no tempo que durou o seu reinado, ás continuas pretensións de enriquecemento da nobreza, causa pola que prosegue o proceso centralizador, iniciado polo seu pai, coas *Inquirições* que ordenou entre 1284 e 1317 (Resende, 328). Os derradeiros anos do seu goberno están marcados polo enfrentamento entre o seu primoxénito (futuro Afonso IV) e o seu fillo bastardo, Afonso Sanchez (cf. n^o 9).

Bibliografía:

- CA II, 112, 233-234, 366, 600-603, 611, 880; Krus, *D. Dinis*; Tavani, 282; Mattoso, *A guerra civil*, 293-308; Gonçalves, *DLMGP*, 206-212; Ackerlind, *King Denis* (sobre todo capítulo IX); Resende, 327-328.
- Tavani, *Atribuição*, 317-325; Beltrán, *O vento*, 6-25; id., *Rondel*, 80-86; Ciccarelli, *Proposta*, 5-61; Cohen, *Thirty-two cantigas*; Sharrer, *Fragmentos*, 13-30; Campos, *Expressão*, 69-79; Gonçalves, *Intertextualidades*, 146-155; id., *D. Denis*, 13-23; Ron, *Tempo da frol*, 475-492; Hart, *En maneira*, 29-38; Lemaire, *Sinceridade*, 829-841; Videira, 289-290; Bertolucci, *La lírica*, 31-34.
- EDIC.: Lang; Moura, *Cancioneiro*; *Amor*, 60-203; *Amigo*, 1-55; *Crestomatia*, 183, 187-188, 241-244, 248-249, 251, 275-279, 283, 285-296; Lapa, 146-161; Pimpão, *D. Dinis*; Gonçalves, *Poesia de Rei*; Alvar/Beltrán, *Antología*, 364-384; Gonçalves/Ramos, *A lírica*, 278-298; Reckert/Macedo, *Cinquenta cant.*, 193-220; Vasconcelos, *Textos arcaicos*, 28-34; Ferreira, *Poesia e prosa*, 59-63, 85-89, 103; Torres, *Poesia trovadoresca*, 217-269; Tavares, *Textos medievais*, 15-26, 33-46, 60-62; Alvarez Blázquez, *Escolma*, 229-236; Beltrán, *O cervo*, 45-47; Pena, *Lit. Galega*, II, 48-54, 159-166, 316-319, 327; Deluy, *Troubadours*, 55-65, 251-254.

25.1. *Ai fals' amigu' e sem lealdade!*

Ai fals' amigu' e sem lealdade!
ora vej' eu a gram falsidade,
com que mi vós a gram temp' andastes;
ca d' outra sei eu ja por verdade,
a que vós a tal pedra lançastes.

Amigo fals' e muit' encoberto!
ora vej' eu o gram maledsero
com que mi vós á gram temp' andastes;
ca d' outra sei eu ja bem por certo
a que vós [a] tal pedra lançastes.

B 595, V 198.

Amigo, cant. de refrán (intercalar), c. sing.

a9' a9' B9' a9' B9' (33:12).

Fiinda: a9' b9' (sobre III).

Capfin. II-III; capden. 1 I, III; rima der. 2, 4 III; paral. lit. 1 I, II (= 1 III); 2 I, II; 4.

- **Lang 119**; *Amigo* 46; Machado 559; Braga 198.

- Lapa, *O texto*, 158.

Ai fals' amigu! eu nom me temia
do gram mal e da sabedoria
com que mi vós a gram temp' andastes;
ca d' outra sei eu que o bem sabia,
a que vós [a] tal pedra [lançastes].

E de colherdes, razom seria,
da falsidade que semeastes.

25,2. *Ai flores, ai flores do verde pinho*

Ai flores, ai flores do verde pinho,
se sabedes novas do meu amigo!
Ai Deus, e u é?

Ai flores, ai flores do verde ramo,
se sabedes novas do meu amado!
Ai, Deus e u é?

Se sabedes novas do meu amigo,
aquele que mentiu do que pos commigo?
Ai Deus, e u é?

Se sabedes novas do meu amado,
aquele que mentiu do que mh a jurado,
Ai Deus, e u é?

Vós preguntades polo voss' amigo?
E eu bem vos digo que é san' e vivo.
Ai Deus, e u é?

Vós preguntades polo voss' amado?
E eu bem vos digo que é viv' e sano.
Ai Deus, e u é?

E eu bem vos digo que é san' e vivo,
e será vosc' ant' o prazo saido.
Ai Deus, e u é?

E eu bem vos digo que é viv' e sano,
e será vosc' ant' o prazo passado.
Ai Deus, e u é?

B 568, V 171.

Amigo (dial.), cant. de refrán, c. alt.

a10' a10' B5 (26:85).

Capfin. refr. VI-VIII; rima der. 2 I / 1 III/V, 2 II / 1 IV/VI; paral. lit. 1 I, II; 2 I, II; 2 III, IV; 1 V, VI; 2 V, VI; 2 VII, VIII; leixa-prén I-IV; V-VIII.

- **Lang 92:** Amigo 19; *Crestomatia*, p. 283; Machado 533; Braga 171; Alvar/Beltrán, *Antología*, 186; Gonçalves/Ramos, *A lírica*, 89; Pimpão, *D. Dinis*, 32; Vasconcelos, *Textos arcaicos*, pp. 32-33; Reckert/Macedo, *Cinquenta cant.*, 43; Ferreira, *Antol. lit.*, pp. 73-74; id., *Poesia e prosa*, p. 85; Torres, *Poesia trovadoresca*, pp. 250-251; Tavares, *Textos medievais*, pp. 40-41; Cidade, *Poesia medieval*, pp. 1-2; Álvarez Blázquez, *Escolma*, pp. 232-233; Beltrán, *O cervo*, 1; Pena, *Lit. Galega*, II, 80; id., *Manual*, 17; Dobarro et alii, *Literatura*, Apéndice I, 1; Jensen, *Medieval*, pp. 76-77, 445-446.

- D'Heur, *Le vent*, 97-104; Jensen, *Earliest*, 54-58, 252-262; Roncaglia, *Ay flores*, 1-9; Souto Cabo, *A natureza*, 397-399, 400-405; Tavani, 88-93, 143-146; Lorenzo Gradin, *Malcasada*, 117, 122; Juárez, *Cant. amigo*, 172-183; Canettieri/Pulsoni, *Imitación métrica*, 36-38; id., *Contrafacta*, 486-487.

25,3. *Ai senhor fremosa, por Deus*

Ai senhor fremosa, por Deus,
e por quam boa vos el fez,
doede-vos alguma vez
de mim e d' estes olhos meus
que vos virom por mal de si,
quando vos virom, e por mi.

E por que vos fez Deus melhor
de quantas fez, e mais valer,
querede-vos de mim doer

B 518^b, V 121.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a8 b8 b8 a8 C8 C8 (160:324).

Capden. 1 II, III; 3 II, III; rima der. 4 I, 3 III; corr. paral. 1-2; 3-4.

- **Lang 41:** Amor 67; Machado 483; Braga 121.

e d' estes meos olhos, senhor,
que vos virom por mal de si,
quando vos virom, e por mi.

E porque o al nom é rem,
se nom o bem que vos Deus deu,
querede-vos doer do meu
mal e dos meus olhos, meu bem,
que vos virom por mal de si,
quando vos virom, e por mi.

25,4. *Amad' e meu amigo*

Amad' e meu amigo,
valha Deus!
vede-la frol do pinho
e guisade d' andar.

Amigu' e meu amado,
valha Deus!
vede-la frol do ramo
e guisade d' andar.

Vede-la frol do pinho,
valha Deus!
selad' o baiosinho
e guisade d' andar.

Vede-la frol do ramo,
valha Deus!
selad' o bel cavalo,
e guisade d' andar.

Selad' o baiosinho,
valha Deus!
treide-vos, ai amigo,
e guisade d' andar.

Selad' o bel cavalo,
valha Deus!
treide-vos, ai amado,
e guisade d' andar.

B 570, V 173.

Amigo, cant. de refrán (intercalar), c. alt.

a6' B3 a6' C6 (117:1).

Rima der. 1 I / 3 V, 1 II / 3 VI; paral. lit. 1 I, II; 3 I, II; 3 III, IV;
3 V, VI; leixa-prén.

- **Lang 94**; Amigo 21; CA II, p. 861; Crestomatia, pp. 276-277; Machado 535; Braga 173; Cidade, Poesia medieval, pp. 22-23; Álvarez Blázquez, Escolma, p. 235; Piccolo 118; Deluy, Troubadours, pp. 57-58.

- Jensen, Earliest, 60-63; Deyermond, Stags, 275; Souto Cabo, A natureza, 397-399, 400-405; Tavani, 143-146; Tyssens, Cant. amigo, 341-347; Juárez, Cant. amigo, 172-183.

25,5. *A mha senhor que eu por mal de mi*

A mha senhor que eu por mal de mi
vi, e por mal d' aquestes olhos meus
e por que muitas vezes maldezi
mi eo mund' e muitas vezes Deus,
des que a nom vi, nom er vi pesar
d' al, ca nunca me d' al pudi nembrar.

A que mi faz querer mal mi medes
e quanto amigo soia aver,

B 523, V 106.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a10 b10 a10 b10 C10 C10 (99:5).

Capfin.; capden. 1; 4 II, III; rima der. 3 II, 5; corr. paral. 4 II, III.

- **Lang 27**; Amor 53; Machado 468; Braga 106; Pimpão, D. Dinis, 8; Torres, Poesia trovadoresca, p. 235.

- Tavani, I versi, 258-259; Souto Cabo, Olhos, 403-407; Mussons, Locura, 163-172; Casas Rigall, Silepsis, 390-394.

e des[as]perar de Deus, que mi pes,
pero mi tod' este mal faz sofrer,
des que a nom vi, nom ar vi pesar
d' al, ca nunca me d' al pudi nembrar.

A por que mi quer este coraçom
sair de seu logar, e por que ja
moir' e perdi o sem e a razom,
pero m' este mal fez e mais fará,
des que a nom vi, nom ar vi pesar
d' al, ca nunca me d' al pudi nembrar.

25,6. Amiga, bom grad' aja Deus

Amiga, bom grad' aja Deus
do meu amigo que a mi vem;
mais podedes creer mui bem
quando o vir dos olhos meus
que poss' aquel dia veer
que nunca vi maior prazer.

Aja Deus ende bom grado,
porque o fez viir aqui;
mais podedes creer por mi,
quand' eu vir o namorado
que poss' aquel dia veer
que nunca vi maior prazer.

25,7. Amiga, faço-me maravilhada

-Amiga, faço-me maravilhada
como pôde meu amigo viver
u os meus olhos nom [o] pôdem veer,
ou como pôd' alá fazer tardada;
ca nunca tam gram maravilha vi,
poder meu amigo viver sem mi,
e par Deus, é cousa mui desguisada.

-Amiga, estad[e] ora calada
um pouco, e leixad' a mim dizer
per quant' eu sei cert' e poss' entender.
Nunca no mundo foi molher amada
come vós de voss' amigu'; e assi,
se el tarda, sol nom é culpad' i,
se nom, eu quer' em ficar por culpada.

-Ai amiga, eu ando tam coitada
que sol nom poss' em mi tomar prazer
cuidand' em como se pôde fazer
que nom é ja comigo de tornada;
e par Deus, porque o nom vej' aqui
que é morto gram sospeita tom' i;
e se mort' é, mal dia eu fui nada.

B 560, V 163.

Amigo, cant. de refrán, c. sing.

I: a8 b8 b8 a8 C8 C8 (160:325).

II: a7' b8 b8 a7' C8 C8 (160:417).

Capden. 3; 4; corr. paral. 1-2; 3-4.

- **Lang 84:** Amigo 11; Machado 525; Braga 163.

B 573, V 177.

Amigo (dial.), cant. de mestría, c. uniss.

a10' b10 b10 a10' c10 c10 a10' (161:129).

Capcaud.; capfin. II-III; capden. 1; 7 I, 5 III, 4 IV; 4 II, 6 IV;
p. rima impfta. 6 II, III: i; 7 III, IV: *nada*; p. equiv. 7 III, IV:
nada; rima der. 3, 5 I; 7 III, 5 IV.

- **Lang 98:** Amigo 25; *Crestomatia*, p. 251; Machado 538;
Braga 177; Oliveira/Machado, p. 125; Tavares, *Textos medievais*, pp. 42-43; Deluy, *Troubadours*, pp. 64-65; Jensen, *Medieval*, pp. 94-95, 452-453.

- Nunes-Freire, *Cant. amigo*, 58-63; Souto Cabo, *Olhos*, 417-419.

-Amiga fremosa e mesurada,
nom vos digu' eu que nom pôde seer
voss' amigo, pois om' é, de morrer;
mais par Deus, nom sejades sospeitada
d' outro mal d' el, ca des quand' eu naci,
nunca d' outr' ome tam leal oi
falar, e quem end' al diz, nom diz nada.

25,8. Amiga, muit' á gram sazom

Amiga, muit' a gram sazom
que se foi d' aqui com el rei
meu amigo; mais ja cuidei
mil vezes no meu coraçom
que algur morreu com pesar,
pois nom tornou migo falar.

Porque tarda tam muito lá,
e nunca me tornou veer,
amiga, s' i veja prazer,
mais de mil vezes cuidei ja
que algur morreu com pesar,
pois nom tornou migo falar.

Amiga, o coraçom seu
era de tornar ced' aqui
u visse os meos olhos em mi;
e porem mil vezes cuid' eu
que algur morreu com pesar,
pois nom tornou migo falar.

B 554, V 157.

Amigo, cant. de refrán, c. sing.

a8 b8 b8 a8 C8 C8 (160:326).

Capden. 1 I, 3 II, 1 III; corr. paral. 3-4 I; 4 II, III.

- **Lang 78:** *Amigo* 5; *Crestomatia*, p. 241; Machado 519; Braga 157; Pimpão, *D. Dinis*, 26; Torres, *Poesia trovadoresca*, p. 248.

- Canettieri/Pulsoni, *Contrafacta*, 487-490.

25,9. Amiga, quem vos [ama]

Amiga, quem vos [ama]
[e por] vós é coitado,
e se por vosso chama
des que foi namorado,
nom viu prazer, sei o eu;
porem ja morrerá
e por questo m' é greu.

Aquel que coita forte
ouve des aquel dia
que vós el viu, que morte
lh' é, par Santa Maria,
nunca viu prazer nem bem;
porem ja morrerá
[el] a mim pesa muit' em.

B 598, V 201.

Amigo, cant. de refrán (intercalar), c. sing.

a6' b6' a6' b6' c7 D6 c7 (110:2).

Rima der. 1, 4 I; 3 II, 6; corr. paral. 1-2, 5 I, 1-3, 5 II; 7.

- **Lang 122:** *Amigo* 49; Machado 562; Braga 201.

- Lorenzo Gradiñ, *Malcasada*, 125-128.

25,10. Amiga, sei eu bem d' unha molher

Amiga, sei eu bem d' unha molher
que se trabalha de vosco buscar
mal a voss' amigo polo matar;
mais tod' aquest', amiga, ela quer
porque nunca com el poude poer
que o podesse por amig' aver.

E busca-lhi com vosco quanto mal
ela mais pôde, aquesto sei eu;
e tod' aquest' ela faz polo seu
e por este preit[ol], e nom por al,
porque nunca com el poude poer
que o podesse por amig' aver.

Ela trabalha-se, a gram sazom,
de lhi fazer o vosso desamor
aver, e a ende mui gram sabor;
e tod' est', amiga, nom é se nom
porque nunca com el poude poer
que o podesse por amig' aver.

[E] por esto faz ela seu poder
para faze-lo com vosco perder.

25,11. Amigo fals' e desleal!

Amigo fals' e desleal!
que prol a de vos trabalhar
d' em a mha mercee cobrar?
ca tanto o trouxestes mal
que nom ei de vos bem fazer
pero m' eu quizesse poder.

Vós trouxestes o preit' assi
come quem nom é sabedor
de bem nem de prez nem d' amor;
e porem creede por mi
que nom ei de vos bem fazer
pero m' eu quizesse poder.

[Vós] caestes em tal cajom
que sol conselho nom vos sei;
ca ja vos eu desemparei
em guisa, se Deus mi perdom,
que nom ei de vos bem fazer
pero m' eu quizesse poder.

25,12. Amigo, pois vós nom vi

Amigo, pois vós nom vi,
nunca folguei nem dormi;

B 564, V 167.

Amigo, cant. de refrán, c. sing.

a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:16).

Fiinda: c10 c10.

Capcaud. refr. III-f; capfin. refr. III-f; capden. 2 II, 1 III; 3 II,
4 III; corr. paral. 1-3 I, 1-2 II, 1-3 III; 4-6 I, 3-6 II, 4-6 III.

- **Lang 88;** Amigo 15; Machado 529; Braga 167.

B 583, V 186.

Amigo, cant. de refrán, c. sing.

a8 b8 b8 a8 C8 C8 (160:327).

Capfin. I-II; capden. 1 II, III; rima der. 2 II, III.

- **Lang 107;** Amigo 34; Machado 547; Braga 186.

- Lapa, *O texto*, 156-157.

mais ora ja des aqui
que vos vejo, folgarei
e veerei prazer de mi,
pois vejo quanto bem ei].

Pois vós nom pudi veer,
jamais nom ouvi lezer;
e u vos Deus quis trajar
que vos vejo, folgarei
e veerei de mim prazer,
pois veljo quanto bem ei].

Des que vós nom vi, de rem
nom vi prazer, e o sem
perdi, mais pois que mh avem
que vos vejo, folgarei
e veerei todo meu bem,
pois vejo quanto bem ei].

De vós veer a mim praz
tanto que muito e assaz;
mais u m' este bem Deus faz,
que vos vejo, folgarei
e veerei gram solaz
pois vejo quanto bem [ei].

25,13. Amigo, queredes vos ir?

-Amigo, queredes vos ir?
-Si, mha senhor, ca nom poss' al
fazer, ca seria meu mal
e vosso; por end' a partir
mi convem d' aqueste logar;
mais que gram coita d' endurar
me será, pois me sem vós vir!

-Amigu', e de mim que será?
-Bem, senhor bôa e de prez;
e pois m' eu fôr d' aquesta vez,
o vosso mui bem se passará;
mais morte m' é de m' alongar
de vós e ir-m' alhur morar.
-Mais pois é vós ūa vez ja,

Amigu', eu sem vós morrerei.
-Nom o queirades esso, senhor;
mais pois u vós fôrdes, nom fôr,
o que morrerá, eu serei;
mais quer' eu ant' o meu passar
ca assi do voss' aventurar,
ca eu sem vós de morrer ei.

-Queredes-mh, amigo, matar?
-Nom, mha sénhor, mais por guardar
vós, mato mi que mh o busquei.

a7 a7 a7 B7 a7 B7 (13:58).
Capfin. refr.; capden. 3 I, IV; rima der. 1 I, II; 5 II, 1 IV; corr.
paral. lit. 5; corr. paral. 1-2 I-III.

- **Lang 123;** *Amigo* 50; Machado 563; Braga 202.
- Mussons, *Locura*, 176-179; Ron, *Ir-se*, 118-119.

B 575-576, V 179.
Amigo (dial.), cant. de mestria, c. sing. (rima c uniss.).

a8 b8 b8 a8 c8 c8 a8 (161:234).
Fiinda: c8 c8 a8 (sobre III).
Capfin. I-III; capden. 1 I-III; 7 II, 3 III; rima der. 1 II, 3, 4 III;
4 II, 5 III; corr. paral. 1, 7 III.

- **Lang 100;** *Amigo* 27; *Crestomatia*, pp. 248-249; Machado 540; Braga 179.
- Cardoso, *Cant. seguir*, 24-35; Lapa, *O texto*, 156.

25,14. Amor, em que grave dia vos vi

Amor, em que grave dia vos vi,
pois [a] que tam muit' a que eu servi,
ja mais nunca se quis doer de mi;
e pois me tod' este mal por vós vem,
mha senhor aja bem, pois est assi,
e vós ajades mal e nunca bem.

Em grave dia que vos vi, amor,
pois a de que sempre foi servidor,
me fez e faz cada dia peior;
e pois ei por vós tal coita mortal,
faça Deus sempre bem a mha senhor,
e vós, amor, ajades todo mal.

Pois da mais fremosa de quantas som
[ja mais] nom pud' aver se coita nom,
e por vós viv' eu em tal perdiçom
que nunca dormem estes olhos meus,
mha senhor aja bem por tal razom,
e vós, amor, ajades mal de Deus.

25,15. Amor fez a mim amar

Amor fez a mim amar,
gram temp' a, unha molher
que meu mal quis sempr' e quer,
e me quis e quer matar;
e bem o pôd' acabar
pois end' o poder ouver.
Mais Deus que sab' a sobeja
coita que m' ela dá, veja
como vivo tam coitado;
el mi ponha i recado.

Tal molher mi fez amor
amar, que bem des entom
nom mi deu se coita nom,
e do mal sempr' o peior.
Porend' a nostro senhor
rogu' eu mui de coraçom
que el m' ajud' em atam forte
coita que par m' é de morte,
e ao gram mal sobejo
com que m' oj' eu morrer vejo.

A mim fez gram bem querer
amor ûa molher tal
que sempre quis o meu mal
e a que praz d' eu morrer.
E pois que o quer fazer,
nom poss' eu fazer i al;

B 540, V 143.

Amor (mot. da *mala cansó*), cant. de mestria, c. sing.

a10 a10 a10 b10 a10 b10 (13:10).

Capden. 2 I, II; 3 I, 2 III; 4 I, II; rima der. 2 I, II; corr. paral.
lit. 1 I, II; 2 I, II; 5 I, III (= 5 II); 6; corr. paral. 2-3 I, II, 1-2 III;
4 I, II, 3-4 III.

- **Lang 63**; Amor 88; Machado 505; Braga 143.

B 544, V 147.

Amor, cant. de mestria, c. sing.

a7 b7 a7 a7 b7 c7' c7' d7' d7' (135:1).

Capden. 1 I, 2 III, 1 IV; 7 I, III; 8 I, II; 5 II, 6 IV; 8 III, 9 IV; rima
der. 1 I, II; 3 I, 1 III; 6 I, 2, 3 IV; 7 I, 9 II; 8 I, 10 II; 8 II, 4 III;
7, 10 IV; corr. paral. 1-4 I-III, 1-3 IV; 5-6 I, III; 7-10 I, 5-10 II,
7-10 III, 6-10 IV.

- **Lang 67**; Amor 92; Machado 509; Braga 147; Oliveira/
Machado, p. 47; Pimpão, *D. Dinis*, 21; Torres, *Poesia trova-*
doresca, pp. 230-231.

- Tavani, *I versi*, 258-259; Brea, *Dona*, 157-161; Canettieri/
Pulsoni, *Imitación métrica*, 25-33; id., *Contrafacta*, 484-
486; Ron, *Citar*, 488-490.

mais Deus que sab' o gram torto
que mi tem, mi dê conorto
a este mal sem mesura
que tanto comigo dura.

Amor fez a mim gram bem
querer tal molher ond' ei
sempre mal e averei;
ca em tal coita me tem
que nom ei força nem sem;
porem rogu' e rogarei
a Deus que sabe que vivo
em tal mal e tam esquivo,
que mi queira dar guarida
de mort', ou dê melhor vida.

25,16. *Assi me trax coitado*

Assi me trax coitado
e aficad' amor,
e tam atormentado,
que se nostro senhor
a ma senhor nom met' em cor
que se de mi doa d' amor,
[nunca] averei prazer e sabor.

Ca viv' em tal cuidado
come quem sofredor
é de mal aficado
que nom pôde maior,
se mi nom val a que em forte
ponto vi; ca ja da morte
ei [mui gram] prazer e nenhum pavor.

E faço mui guisado,
pois sôo servidor
da que mi nom dá grado,
querendo-lh' eu melhor
ca mim nem al; porem, [entom]
conort' eu nom ei ja se nom
da mort', ende sôo desejador.

25,17. *A tal estado mb adusse, senhor*

A tal estado mh adusse, senhor,
o vosso bem e vosso parecer
que nom vejo de mi nem d' al prazer,
nem veerei ja, em quant' eu vivo fôr,
u nom vir vós que eu por meu mal vi.

B 531, V 134.

Amor, cant. de mestria, c. uniss. (rima c sing.).

I: a6' b6 a6' b6 b8 b8 b10.

II: a6' b6 a6' b6 c8' c8' b10.

III: a6' b6 a6' b6 c8 c8 b10⁵⁰.

P. Volta 2, 6 I: *amor*; corr. paral. 1 I, II; 6-7 II, 5-7 III.

- **Lang 54:** *Amor* 80; Machado 496; Braga 134.

- Jensen, *Earliest*, 249-250.

⁵⁰ Tavani, 88:1, propón un único esquema para toda a composición: a6' b6 a6' b6 b8 b8 b8.

B 525, V 108, D 2.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a10 b10 b10 a10 C10 (155:2).

Flinda: c10.

Capcaud. refr. III-f; capden. 3 I, II; 4 I, II; 1 II, 2 III; rima der.

E queria mha mort' e nom mi vem,
senhor, por que tamanh' é o meu mal
que nom vejo prazer de mim nem d' al,
nem veerei ja, esto creede bem,
u nom vir vós que eu por meu mal vi.

E pois meu feito, senhor, assi é,
querria ja mha morte, pois que nom
vejo de mi nem d' al nulha sazom
prazer, nem veerei ja per bona fe,
u nom vir vós que eu por meu mal vi,

Pois nom avedes mercee de mi.

4 I, 1 III; corr. paral. lit. 3 I, II (= 2-4.III); 4.

- **Lang 29**; *Amor* 55; Machado 470; Braga 108; Vasconcelos, *Textos arcaicos*, p. 28; Tavares, *Textos medievais*, p. 20.

25,18. *Bem entendi, meu amigo*

Bem entendi, meu amigo,
que mui gram pesar ouvestes
quando falar nom podestes
vós noutro dia comigo;
mais certo seed', amigo,
*que nom fui o vosso pesar
que s' ao meu podess' iguar.*

Mui bem soub' eu por verdade
que erades tam cuitado
que nom avia recado;
mais, amigo, acá tornade,
sabede bem por verdade,
*que nom fui o vosso pesar
que s' ao meu podess' iguar.*

Bem soub', amigo, por certo
que o pesar d' aquel dia
voso, que par nom avia;
mais pero foi encoberto,
e porem seede certo
*que nom fui o vosso pesar
que s' ao meu podess' iguar.*

Ca o meu nom se pód' osmar
nem eu nom o pudi negar.

B 553, V 156.

Amigo, cant. de refrán, c. sing.

a7' b7' b7' a7' a7' C8 C8 (139:22).

Fiinda: c8 c8.

Capcaud. refr. III-f; capfin. II-III; capfin. refr. III-f; capden. 1 I, III; 5 I, 4 II, III; dobre 1, 5 I: *amigo*, II: *por verdade*, III: *certo*; rima der. 2 I, 3 III; corr. paral. 1-2 I, II, 1-3 III; 5.

- **Lang 77**; *Amigo* 4; Machado 518; Braga 156; Pimpão, *D. Dinis*, 25; Torres, *Poesia trovadoresca*, p. 247.

- Lapa, *O texto*, 155; Cunha, *O dobre*, 162-165; Tavani, 93-94; Lorenzo Gradin, *Repetitio*, 80-84.

25,19. *Bom dia vi, amigo*

Bom dia vi, amigo,
pois seu mandad' ei migo,
louçana.

Bom dia vi, amado,
pois migu' ei seu mandado,
louçana.

B 565, V 168.

Amigo, cant. de refrán, c. alt.

a6' a6' B2' (26:131).

P. volta 2 I / 1 III, 2 VII: *migo / comigo*; rima der. 1 I / 2 V / 1 VII, 1 II / 2 VI, 1 VIII; paral. lit. 1 I, II; 2 I, II; 2 III, IV; 2 V, VI; 2 VII, VIII; leixa-prén.

- **Lang 89**; *Amigo* 16; *Crestomatia*, pp. 275-276; Machado

Pois seu mandad' ei migo,
rogú' eu a Deus e digo:
louçana.

Pois migu' ei seu mandado,
rogú' eu a Deus de grado,
louçana.

Rogu' eu a Deus e digo,
por aquel meu amigo,
louçana.

Rogu' eu a Deus de grado
por aquel meu amado,
louçana.

Por aquel meu amigo
que o veja comigo,
louçana.

Por aquel namorado
que fosse ja chegado,
louçana.

530; Braga 168; Pimpão, *D. Dinis*, 30; Torres, *Poesia trovadoresca*, p. 249.

- Tavani, *Parallelismo*, 23; Ferrari, *Parola-rima*, 126.

25,20. *Chegou-mb', amiga, recado*

Chegou-mh', amiga, recado
d' aquel que quero gram bem;
que pois que viu meu mandado,
quanto pôde viir, vem;
e and' eu leda porem,
e faço muit' aguisado.

El vem por chegar coitado,
ca sofre gram mal d' amor;
e anda muit' alongado
d' aver prazer nem sabor,
se nom ali u eu fôr,
u é todo seu cuidado.

Por quanto mal a levado,
amiga, razom farei
de lhi dar end' algum grado;
pois vem como lh' eu mandei;
e logu' el será, bem sei,
do mal guardid' e cobrado.

E das coitas que lh' eu dei
des que foi meu namorado.

B 590, V 193.
Amigo, cant. de mestria, c. uniss. (rima a) e sing. (rima b).
a7' b7 a7' b7 b7 a7' (79:19).
Fiinda: b7 a7' (sobre III).
Capcaud. I-III; capden. 5 I, 3 II; rima der. 3 I, 4 III; 2 II, f.
- **Lang 114**; *Amigo* 41; Machado 554; Braga 193; Pimpão, *D. Dinis*, 41; Torres, *Poesia trovadoresca*, p. 260; Tavares, *Textos medievais*, pp. 45-46.

25,21. *Chegou-m' or' aqui recado*

Chegou-m' or' aqui recado,
amiga, do voss' amigo;

B 558, V 161.
Amigo, cant. de refrán, c. sing.

e aquel que falou migo
diz-mi que é tam cuitado
que per quanta poss' avedes
ja o guarir nom podedes.

Diz que oje tercer dia
bem lhi partirades morte,
mais ouv' el coita tam forte
e tam coitad' er jazia
que per quanta poss' avedes
ja o guarir nom podedes.

Com mal que lhi vós fezestes
jurou-mh, amiga fremosa,
que pero vós poderosa
fostes d' el quanto quizestes,
que per quanta poss' avedes
ja o guarir nom podedes.

E gram preda per fazedes,
u tal amigo perdedes.

25,22. Coitada viv', amigo, por que vós nom vejo

Coitada viv', amigo, por que vós nom vejo,
e vós vivedes coitad' e com gram desejo
de me veer e me falar; e porem seja
sempr' em coita tam forte
que nom m' é se nom morte,
come quem viv', amigo, em tam gram desejo.

Por vós veer, amigo, vivo tam coitada,
e vós por mi veer, que oi mais nom é nada
a vida que fazemos; e maravilhada
sôo de como vivo
sofrendo tam esquivo
mal, ca mais mi valria de nom seer nada.

Por vós veer, amigo, nom sei quem sofresse
tal coita qual eu sofr' e vós, que nom morresse;
e com aquestas coitas eu, que nom nacesse,
nom sei de mim que seja,
e da mort' ei enveja
a tod' ome ou molher que ja morresse.

25,23. Como me Deus aguisou que vivesse

Como me Deus aguisou que vivesse
em gram coita, senhor, desque vos vi!
ca logo m' el guisou que vos oi
falar, desi quis que er conhocesse
o vosso bem a que el nom fez par;

a7' b7' b7' a7' C7' C7' (160:443).
Fiinda: c7' c7'.
Capcaud. refr. III-f; capfin. I-II; capden. 4 I, 1 II; rima der. 1 III,
f; 3 III, 6.

- **Lang 82:** Amigo 9; Machado 523; Braga 161; Pimpão,
D. Dinis, 29; Tavares, *Textos medievais*, p. 37.

B 593, V 196.
Amigo, cant. de mestria, c. sing.
a12' a12' a12' b6' b6' a12' (17:1).
Capfin. I-II; capden. 2 I, II; 1 II, III; dobre 2, 6 I: *desejo*, II:
nada, III: *morresse*; p. equív. 2, 6 II: *nada*; rima der. 3 I, 4
III; 5 I, 2/6 III; 6 II, 3 III; corr. paral. 1-3 I, 1-2 II, III; 5-6 I, 6
II, 5-6 III.
- **Lang 117:** Amigo 44; Machado 557; Braga 196;
Pimpão, D. Dinis, 42; Torres, *Poesia trovadoresca*, p. 261;
Spina, *Lírica*, pp. 364-365.
- Lapa, *O texto*, 158; Lorenzo Gradiñ, *Malcasada*, 125-128.

B 503, V 86.
Amor, cant. de mestria, c. uniss.
a10' b10 b10 a10' c10 c10 a10' (161:130).
Capcaud.; capfin.; capden. 2 I, 6 II; 6 I, 1 II; 7 II, III; dobre
impto. 2, 7 I: *coita*, II: *mal*; corr. paral. 1, 7 II.

e tod' aquesto m' el foi aguisar
ental que eu nunca coita perdesse.

E tod' est' el quis que eu padecesse
por muito mal que me lh' eu mereci,
e de tal guisa se vingou de mi;
e com tod' esto nom quis que morresse,
porque era meu bem de nom durar
em tam gram coita nem tam gram pesar;
mais quis que tod' este mal eu sofresse.

Assi nom er quis que m' eu percebesse
de tam gram meu mal, nem o entendi,
ante quis el que por viver assi,
e que gram coita nom mi falecesse,
que vos viss' eu, u m' el fez desejar
des entom morte que mi nom quer dar,
mais que vivendo peior attendesse.

25,24. *Com' ousará parecer ante mi*

Com' ousará parecer ante mi
o meu amig', ai amiga, por Deus,
e com' ousará catar estes meus
olhos, se o Deus trouxer per aqui?
*pois tam muit' a que nom veo veer
mi e meus olhos e meu parecer.*

Amiga, ou como s' atreverá
de m' ousar sol dos seus olhos catar,
se os meus olhos vir um pouc' alçar,
ou no coraçom como o porrá?
*pois tam muit' a que nom veo veer
mi e meus olhos e meu parecer.*

Ca sei que nom terrá el por razom
como quer que m' aja mui grand' amor,
de m' ousar veer nem chamar senhor,
nem sol nom o porrá no coraçom,
*pois tam muit' a que nom veo veer
mi e meus olhos e meu parecer.*

25,25. *Da mha senhor que eu servi*

Da mha senhor que eu servi
sempr' e que mais ca mi amei,
veed', amigos, que tort' ei
que nunca tam gram torto vi;
ca pero a sempre servi
*grand' é o mal que mha senhor
mi quer, mais quero-lh' eu maior*

Mal que posso; sei per gram bem
lhi querer mais c' a mim nem al,

- **Lang 7**; Amor 34; Machado 448; Braga 86; Torres,
Poesia trovadoresca, p. 261; Spina, Lírica, pp. 364-365.
- Fidalgo/Souto Cabo, *Oidas*, 313-314.

B 571, V 175.
Amigo, cant. de refrán, c. sing.
a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:17).
Capden. 2 II, 3 III; corr. paral. 3-4 I, 1-2 II.
- **Lang 96**; Amigo 23; Machado 536; Braga 175.
- Souto Cabo, *Olhos*, 417-419.

B 505, V 88.
Amor, cant. de refrán, atehuda ata a fiinda, c. sing.
a8 b8 b8 a8 a8 C8 C8 (139:15).
Fiinda: a8 c8 c8 (sobre III).
Capden. 1 II, III, f; 3 II, III; dobre 1, 5 I: servi, II: bem, III:
servir; rima der. 1/5 I, III; 2 I, III, f; corr. paral. lit. 5; corr.
paral. 2; 3-4 II, III.
- **Lang 9**; Amor 36; Machado 450; Braga 88; Oliveira/
Machado, p. 50; Alvar/Beltrán, *Antología*, 177; Tavares,
Textos medievais, pp. 17-18.
- Gonçalves, *Atehudas*, 167-186.

e se aquest' é querer mal,
est' é o que a mim avem;
ca pero lhi quero tal bem
grand' é o mal que mha senbor
mi quer, mais quero-lb' eu maior

Mal que posso; se per servir
e pela mais ca mim amar,
se est' é mal, a meu cuidar
este mal nom poss' eu partir;
ca pero que a fui servir
grand' é o mal que mha senbor
mi quer, mais quero-lb' eu maior

Mal que poss'; e pero nozir
nom mi devia desamor,
c' al que no bem nom a melhor.

25,26. *De Joan Bol' and' eu maravilhado*

De Joan Bol' and' eu maravilhado
u foi sen siso, d' ome tan pastor
e led' eligeiro cavalgador
que tracia rocin bel' e loução,
e disse-m' ora aqui un seu vilão
que o avia por mua cambiado.

E deste cambio foi el enganado
d' ir dar rocin feit' e corredor
por ūa muacha revelador
que non sei oj' ome que a tirasse
fora da vila, pero o provasse,
se x' el non for non sera tan ousado.

Mais non foi esto senon seu pecado
que el mereceu a Nostro Senhor
ir seu rocin, de que el gran sabor
avia, dar por mua mal manhada
que non queria, pero mi a doada
dessen, nen andar dela embargado.

Melhor fora dar o rocin dōado
ca por tal muacha remusgador
que lh' ome non guardará se non for
el que xa vai ja quanto conhocendo;
mais se el fica, per quant' eu entendo,
seu cajon dela, est' aventureudo.

Mui mais queria, besta non avendo,
ant' ir de pé, ca d' el' encavalgado!

25,27. *De mi fazerdes vós, senhor*

De mi fazerdes vós, senhor,
bem ou mal, tod' est' em vós é,

B 1536.
Escarnio persoal, cant. de mestria, c. uniss. (rima c sing.).
a10' b10 b10 c10' c10' a10' (189:21).
Fiinda: c10' a10' (sobre IV).
Capcaud. I-IV; capfin. I-IV; capden. 4 II, 5 III; rima der. 3 I,
2 f; 5 III, 1 IV.
- Gonçalves, *Poesia de Rei*, pp. 52-58; Lang 132;
Lapa 91; Molteni 409; Machado 1448; Pimpão, *D. Dinis*,
47; Fonseca, *Escárnio*, 8; Torres, *Poesia trovadoresca*,
pp. 264-265.
- Martínez Pereiro, *Chevaux*, 369-384; Gonçalves, *Poesia de Rei*, 37-45.

e sofrer m' é, per bõa fe,
o mal; ca o bem, sabedor
sôo, que o nom ei d' aver;
mais que gram coit' a de sofrer
quem é coitado pecador!

Ca no mal, senhor, viv' oj' eu
que de vós ei; mais nulha rem
nom atendo de vosso bem,
e cuido sempre no mal meu
que pass' e que ei de passar
com aver sempr' [a] desejar
o mui gram bem que vos Deus deu.

E pois que eu, senhor, sofri
e sofro por vós tanto mal,
e que de vós nom attend' al,
em que grave dia naci
que eu de vós por galardom
nom ei d' aver se coita nom,
que sempr' ouvi des que vos vi.

25,28. *De mi valerdes seria, senhor*

De mi valerdes seria, senhor,
mesura por quant' a que vós servi;
mais pois vos praz de nom seer assi,
e do mal ei de vós sempr' o peior,
veed' ora se seria melhor,
como vos praz de me leixar morrer
de vós prazer de mi querer valer.

De mi valerdes, senhor, nulha rem
nom errades, pois vos sei tant' amar
como vos am'; e pois vos é pesar,
e sofr' eu mal de que moir'; e porem
veed' agora se seria bem,
como vos praz de me leixar morrer
de vós prazer de mi querer valer.

De mi valerdes era mui mester
por que perço quanto vos [eu] direi,
o corp' e Deus, e nunca vos errei,
e pero praz-vos do meu mal; mais er
veede se é bem, se vós prouguer,
como vos praz de me leixar morrer,
de vós prazer de mi querer valer.

De mi valerdes, Deus nom mi perdom,
se vós perdedes do vosso bom prez,
pois vós tant' am'; e por Deus que vos fez
valer mais de quantas no mundo som,
ve[e]ld' agora se [nom] é razom,
como vos praz de me leixar morrer,
de vós prazer de mi querer valer.

a8 b8 b8 a8 c8 c8 a8 (161:235).
Capden. 3 I, 2 III; 2 II, 3 III; rima der. 6 I, 1 III; corr. paral.
2-3 II, 3 III.

- **Lang 53;** Amor 79; Machado 495; Braga 133.
- Mussons, Locura, 176-179.

B 546, V 149.
Amor, cant. de refrán, c. sing.
a10 b10 b10 a10 a10 C10 C10 (139:2).
Fiinda: c10 c10.
Capcaud. refr. IV-f; capfin. refr. I-IV; capden. 1 I-IV; 3 II, 6;
corr. paral. lit. 5; corr. paral. 3-4 I, II, 4 III; 2-3 II, 3 IV.
que a sérvia, gracir-lh'-o-ei,
entanto com' eu vivo for';
e querrei-lh[el] a grand' amor.

B 626, V 227.

Amigo, cant. de refrán, c. ternas.

a10' a10' B8 B8 (37:42).

Capfin. refr.; rima der. 2 IV / 1 V, 2 V / 1 VI; repet. lit. 2 I, 1 II;
2 II, 1 III; 2 IV, 1 V; 2 V, 1 VI.

- **Amigo 60;** *Crestomatia*, pp. 196-197; Machado 589;

Varnhagen, *Cancioneirinho*, 19.

- Tyssens, *Cant. amigo*, 341-347.

E po'-la aver eu melhor,
nunca lhi ren demandarei.

Ca, coido m' eu, [de] demandar
que non pode ja mais seer
o por que om(e) a seu poder
serv' e se non trabalha d' al. -
Se ali cousimento val,
ou i conhocaça non fal,
¿que á i pedir que fazer?

47,25. Quando m' agora mandou mia senhor

Quando m' agora mandou mia senhor
que non vivess', u a visse, per ren,
sab' ora Deus que me fora gran ben
con a mia mort! e ouver(a) i sabor!
*Sabor ouvera de morrer logu' i
por non viver com' eu depois vivi!*

Podera-m' eu de grand' affan guardar
e de gran coita, que depois levei,
se eu morress(e) u mia senhor leixe -
jassi Deus me leixe cedo tornar!
*Sabor ouvera de morrer logu' i
por non viver com' eu depois vivi!*

B 66.
Amor, cant. de refrán, c. sing.
a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:61).
Capfin. refr.
- **CA 350**; Molteni 40; Machado 40.

47,26. Que couisiment' ora fez mia senhor

Que couisiment' ora fez mia senhor
que me non quis leixar morrer d' amor!
Ca ja, en tanto com' eu vivo for',
averei sempre que lhi gradecer;
*ca me mostrou o seu bon parecer,
e non me quis leixar d' amor morrer!*

Sempr' eu a Deus por mia morte roguei,
gran sazon; e mais nunca o farei,
mentr' eu oer' esta senhor qu(e) og' ei.
Nen ja Deus nunca m' outra leix' aver!
*Ca me mostrou o seu bon parecer,
e non me quis leixar d' amor morrer!*

B 64.
Amor, cant. de refrán, c. sing.
a10 a10 a10 b10 B10 B10 (19:14).
Capfin. refr.; rima der. 3, 4 II; corr. paral. lit. 2 I, 6.
- **CA 348**; Molteni 38; Machado 38.
- Beltrán, Zéjeles, 255-258.

47,27. Que farei agor', amigo?

Que farei agor', amigo?
pois que non queredes migo
viver,
ca non poss' eu al ben querer.

B 627, V 228.
Amigo, cant. de refrán, c. sing.
a7' a7' B2 B8 (37:60).
Capfin. II-III; rima der. 2 III, IV.

En gran coita me leixades,
se vós alhur ir cuidades
viver,
ca non poss' eu al ben querer.

Se aquesta ida vossa
fôr, non sei eu como possa
viver,
ca non poss' eu al ben querer,

Matar-m' ei, se mi-o dizedes
que vós ren sen mi podedes
viver,
ca non poss' eu al ben querer.

47,28. *Que mal matei os meus olhos e min*

Que mal matei os meus olhos e min,
que non tornei a mia senhor veer!
E lhi menti de quanto lh' aconvin!
Nunca per mi ja mais dev' a creer!
Pero ¿que val? ca nunca eu lezer
ar pud' aver, des que m' eu d' alá vin.

E ¿que me val quand' eu i non tornei?
U lhi convin, oera de tornar,
sen ousar veer. E ¿que lhi direi?
Porque o fiz, non me poss' én salvar.
Mais Deus senhor a leixe perdôar
a min! Se non, conselho non me sei.

Que coita tal, por eu buscar perdon
ou outro ben, devi' a demandar;
ca assi faz quen erra sen razon,
com' eu errei, que me non poss' achar
nenhun conselho bôo que filhar,
porque non fiz seu mandad[ol] enton.

47,29. *Quero-vus eu dizer, senhor*

Quero-vus eu dizer, senhor,
por que me leixei, muit' á [i],
de vus veer: porque temi
sempr[el] o que m' ora dará
a coitas, pois vus vejo ja,
por vus aver a querer ben
e non dardes vos por mi ren.

E sabede ben, mia senhor,
leixei-vus por én [de] veer
até agora, que poder
non ouve de fazer end' al.
E vejo que figi meu mal

- **Amigo 61**; Machado 590; Braga 228; Torres, *Poesia trovadoresca*, p. 128; Álvarez Blázquez, *Escolma*, pp. 189-190; Deluy, *Troubadours*, p. 73.

B 71.

Amor, cant. de mestría, c. sing. (b II = b III).

a10 b10 a10 b10 a10 (79:3).

Capfin. I-II; capden. 4 II, 6 III; rima der. 1, 2 II; 5 II, 1 III; corr. paral. 6 II, 4-5 III.

- **CA 355**; Molteni 45; Machado 45.

B 54.

Amor, cant. de mestría, c. sing. (rima a uniss.).

a8 b8 b8 c8 c8 d8 d8 (199:7).

Capfin. III-IV; capden. 3 I, 6 II; p. rima 1: *mia senhor*; rima der. 4 I, 2 IV; p. perduda 1; corr. paral. 1-3 I, II; 4 III, 7 IV.

- **CA 338**; Molteni 28; Machado 28.

- Souto Cabo, *Olhos*, 403-407; Casas Rigall, *Silepsis*, 390-394.

de vus veer, ca ja eu sei
a coita 'n que por vos serei.

Pero que punhei, mia senhor,
en me guardar, nen me prestou,
quando j(a) agor(a) aqui estou,
u vus non poderei guarir,
nen ei poder de vus fogir!
Nen á de se guardar mester,
senhor, quen Deus guardar non quer.

E pois me vus Deus, mia senhor
fremosa, tan en poder deu,
por el que vus fez, vus rogu' eu
(e non [é] cousa sen razon)
que por vus eu muit' amar, non
vus caya, senhor, en pesar,
ca non me poderei guardar.

47,30. *Senhor Deus, que coita que ei*

Senhor Deus, que coita que ei
no coraçon! e que pesar!
E non me dev' end' a queixar
erg' a mi, ca eu mi-o busquei.
Eu me busquei este mal, e mayor,
u eu dixi pesar a mia senhor.

Pesar lhi dix(i), e non me sei
no mundo conselho filhar;
mais s(e) ela me non perdõar',
bon calar perdi u falei!
Eu me busquei este mal, e mayor,
u eu dixi pesar a mia senhor.

Nunca ome pesar dirá,
nen prazer, que lhi tan gran ben
queira com(e) eu, per nulha ren.
Mais se m' ela desamará,
eu me busquei este mal, e mayor,
u eu dixi pesar a mia senhor.

Ben me forçou ali mal-sen
o dia 'n que lh(i) eu foi dizer
ca ben mi faz Amor querer.
E se m' ela desamor ten,
eu me busquei este mal, e mayor,
u eu dixi pesar a mia senhor.

47,31. *Vedes, fremosa mia senhor*

Vedes, fremosa mia senhor,
segurament(e) o que farei:

B 69.

Amor, cant. de refrán, c. doblas (I-II) e sing. (III, IV; b III
= a IV).

a8 b8 b8 a8 C10 C10 (160:310).
Capfin. refr. I-III; capden. 3 II, 4 III; rima der. 1 III, 2 IV; corr.
paral. 4 I, 5; 4 III, IV.

- **CA 353;** Molteni 43; Machado 43.
- Correia, *C. doblas*, 80-81.

Entanto com' eu vivo for',
nunca vus mia coita direi;
ca non m' avedes a creer,
macar me vejades morrer.

¿Por quê vus ei eu, mia senhor,
a dizer nada do meu mal,
pois d' esto sôo sabedor,
segurament', u non jaz al,
que non [m']avedes a creer,
macar me vejades morrer?

Servir-vus-ei [eu], mia senhor,
quant' eu poder', mente viver';
mais pois de coita sofredor
sôo, non vo'-l(o) ei a dizer,
ca non [m']avedes a creer,
macar me vejades morrer.

Pois eu entendo, mia senhor,
quan pouco proveito me ten
de vus dizer quan grand' amor
vus ei, non vus falar[ei] én.
Ca non m' avedes a creer,
macar me vejades morrer.

Amor, cant. de refrán, c. uniss. (rima a) e sing. (rima b).
I, II, IV: a8 b8 a8 b8 C8 C8 (99:47).
III: a8 b8 a8 b8 B8 B8 (85:3).
Capden. 2 I, 4 II; 3 II, 1 IV; p. rima 1: *mia senhor*; rima der. 4 I, III; corr. paral. 4 I, 1-2 II, 4 III, IV.

- **CA 341** e 356 (=B 72); *Amigo I*, pp. 190-191; *Crestomatia*, p. 161; Molteni 31 e 46 (=B 72); Machado 31 e 46 (=B 72).
- Filgueira, *Verbo antigo*, 363-365; Magán, *U non jaz al*, 107-116.

47,32. Vistes o cavaleiro que dizia

Vistes o cavaleiro que dizia
que Joan Moniz era? Mentia,
ca Joan Joanes o acharon
e tomaron-lhi quanto traga;
e foi de gran ventura aquel dia,
que escapou que o non enforcaron.

B 1333, V 940.
Ar fez estoutro cantar a un cavaleiro, que dizia que era filho dun ome e fazia-se chamar per seu nome, e depois acharon que era filho doutrem e diss' assy.
Escarnio persoal, epigramática.

a9' a9' b9' a9' a9' b9' (28:1).
- **Lapa 138**; Machado 1283; Braga 940; Torres, *Poesia trovadoresca*, p. 134.
- Magán, *Rasgos epigramáticos*.

48. Fernan Rodriguez Redondo

Trobador portugués pertencente a unha das máis importantes familias da Beira, no centro de Portugal. Fillo do trobador Rodrigu' Eanes Redondo (nº 141) e de Mor Fernandez de Curutelo, é mencionado por primeira vez en 1294 cando Sancho Perez Froian, tío político do trobador, lle regala un Dixesto, i. e., un libro de leis e decisións xurídicas. En 1297 aparece en calidade de *mordomo-mor* de D. Pedro de Aragón, fillo de D. Pedro III o Grande, segundo a rúbrica dunha cantiga de escarnio. A falta de datos sobre a súa actividade en Portugal na segunda metade do século XIII estará relacionada cunha posible ausencia do país acompañando ó seu pai. Entre 1312 e 1318 vémolo de novo en Portugal, desenvolvendo o cargo de *meirinho-mor* do rei Don Denis, substituíndo a Johan Simion, albo das súas críticas (Tavani, 287; M. A. Ramos, 264). Casou con Marinha Afonso de Arganil, formando un casal rico e nobre centrado no señorío de Arganil e no de Pombeiro. Preto destes señoríos mandaron edifica-la capela de San Pedro, lugar onde está sepultado o matrimonio. Este, sen descendencia, trasladarase a Santarém, cidade onde a vida social era moi intensa. Ademais, o pai de Marinha Afonso,

Fernan Martins de Curutelo, era un home importante do concello. O feito de que, en 1320, Johan Afonso, fillo bastardo do rei Don Denis, tente demostrar que os señoríos de Arganil e Pombal lle foran entregados por Fernan Rodriguez Redondo revela que este debeu de morrer pouco antes desta data.

Bibliografía:

- CA II, 384-386, 510; Tavani, 287; Ramos, *DLMGP*, 263-264; Resende, 344-355.
- EDIC.: Lapa, 221-222.

48,1. *Don Pedro est[el] cunhado del-Rei*

Don Pedro est[el] cunhado del-Rei,
que chegou ora aqui d' Aragon
con un [el]speto grande de leiton;
e, pera que vo-lo perlóngarei?:
deu por vassalo de si a senhor:
faz sempre nojo, non vistes maior.

Pera se lhi non poder perceber,
já el tiinha prestes cabo si
aquei espeto, que filhou logu' i;
e que compe de vos en mais dizer?:
deu por vassalo de si a senhor:
faz sempre nojo, non vistes maior.

Mui ledo seend', u cantara seus lais,
a sa lidiça pouco lhi durou,
e o espeto en sas mãos filhou;
e pera que o perlóngarei mais?:
deu por vassalo de si a senhor:
faz sempre nojo, non vistes maior.

E en tal que lhi non podess' escapar
nen lhi podesse en salvo fogir,
filhou o espeto, en son d' esgremir;
e que compe de vo-lo perlóngar?:
deu por vassalo de si a senhor:
faz sempre nojo, non vistes maior.

B 1614, V 1147.

Esta cantiga foi feita a Don Pedro d' Aragon por un cava-
leiro seu moordomo, que feriu endoad, e foi seguida dou-
tra cantiga.

Escarnio persoal, cant. de refrán, c. sing.

a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:62).

Rima der. 4 I, IV; corr. paral. lit. 4 I, III (= 4 II, IV).

- **Lapa 140**¹⁰³; Machado 1517; Braga 1147.

48,2. Cf. 2,19 (e 141,4).

48,3. *Suer Fernández, si veja plazer*¹⁰⁴

Suer Fernández, si veja plazer,
veste-se ben, a todo seu poder;
e outra cousa lhe vejo fazer,
que fazen outros poucos no reinado:

B 1613, V 1146 (en B e C atrib. a Fernan Rodriguez Redondo, en V a Rodrigu' Eanes Redondo).

Escarnio persoal, cant. de mestría, c. sing. (rima b uniss.).

a10 a10 a10 b10' a10 b10' (13:31).

¹⁰³ Para o v. 4 III, modificámolo a lectura *pero*, ofrecida por Lapa, e presentamos *pera*, tal como aparece nos mss.

¹⁰⁴ Esta cantiga é tamén atribuída a Rodrigu' Eanes Redondo (nº 141,8); consultense na Introducción as razóns que permiten atribuila a Fernan Rodriguez Redondo.

sempre en verão lhe vejo trager,
e no inverno, çapato dourado.

El se veste e se calça mui ben;
en esto mete el o mais do que ten,
pero nunca lhe vejo menguar ren;
e, como se todo ouvesse en doado,
u outros non tragen, a el conven
que traga sempre çapato dourado.

El se veste sempre ben como quer,
e des i, custe o que custar poder,
e non creades quen vos al disser;
e desto mi faço maravilhado:
ca, en inverno e per qual tempo quer,
sempre lhe vejo çapato dourado.

Capfin. II-III; capden. 1 II, III; 5 I, 6 III; p. rima 6: *çapato dourado*; p. volta 1, 5 III: *quer*; rima der. 2 I, III; corr. paral. 1-2; 5-6.

- **Lapa 407**¹⁰⁵; Machado 1516; Braga 1146 (atrib. a Rodrigu' Eanes Redondo).

- Rodríguez, *Anti-retrato*, 64.

49. Fernan Soarez de Quinhones

Trobador de orixe leonesa, probablemente da aldea de Quiñones del Río, na provincia de León (cf. Tavani, que pensa nunha orixe asturiana). Membro da liñaxe dos Alvar Pérez, fundada no primeiro decenio do século XII (Dionisio). Pode que participara na Conquista de Sevilla en 1248 acompañando a seu irmán Pero Soarez, ainda activo na corte de Sancho IV, quizais no séquito do infante Alfonso, onde coñecería a Gonçal' Eanes do Vinhal (nº 60). Carlos Alvar aportou novos elementos con dous docs., un deles do 11 de xaneiro de 1271, que menciona a un Fernan Suarez de Quiñones, o cal confirma a crenza de Tavani cando o situaba no segundo tercio do século XIII; outro doc. fala dos fillos dun Fernan Suarez que recibiran unhas terras no *Repartimiento* de Sevilla trala súa conquista. Estas terras lindaban coas de Gonçal' Eanes do Vinhal (nº 60). Barbieri, segundo estes datos, propuso que entre o noso trobador e Gonçal' Eanes do Vinhal existiu unha relación persoal, que se manifestaría tamén a nivel textual (cf. Beltrán, 127, n. 45, para quen a proposta de Barbieri é demasiado conjectural). Desenvolveu os seus dotes poético-musicais no terceiro cuarto do século XIII na corte de Alfonso X, sendo difícil demostrar que estivese tamén na de Sancho IV. No círculo cortesán alfonxino relacionárase poeticamente con Gonçal' Eanes do Vinhal (nº 60) e con Johan Airas (nº 63).

Bibliografía:

- Tavani, 287; Alvar, *Apuntes*; Dionísio, *DLMGP*, 264-265; Resende, 345-346; Beltrán, *Tipos XI*, 121-140.
- EDIC.: Lapa, 223-224, 225-230; Pena, *Lit. Galega*, II, 267.

49,1. *Ai, amor, amore de Pero Cantone*

*Ai, amor, amore de Pero Cantone,
que amor tan saboroso e sen tapone!*

Que amor tan viçoso e tan sâo,
queno podesse teer até o verão!
Mais valria que amor de Chorrichão
nen de Martin Gonçálvez Zorzelhone.
*Ai, amor, amore de Pero Cantone,
que amor tan saboroso e sen tapone!*

B 1553.

Escarnio persoal, cant. de refrán, c. sing.

a10' a10' a10' b10' B11' B11' (19:13).

Dist. inic. = refrán.

Capfin. refr.; capden. 4 II, IV, V; corr. paral. lit. 1, 6; 2 I, IV, V (= 2 II); 3 I, V.

- **Lapa 141**; Molteni 426; Machado 1465.

- Osório, *Cant. escarnho*, 182-189; Beltrán, *Zéjelas*, 255-258; Videira, 175; Gomes, *Trobar*, 225-226; Dionísio, *Pero Cantone*, 173-180; Ventura, *Toponimia*, 480.

¹⁰⁵ A diferenzia de Lapa, non disponemos tipograficamente o último verso de cada cobra como refrán.

Que amor tan delgado e tan frio,
mais non creo que dure atá o estio,
ca atal era outr' amor de meu tio,
que se botou á pouca de sazone.
*Ai, amor, amore de Pero Cantone,
que amor tan saboroso e sen tapone!*

Que amor tan pontoso, se cuidades;
fazer-vos-á chorar, se o gostades,
e semelhar-vos-á, se o provades,
amor de Don Palaio de Gordone.
*Ai, amor, amore de Pero Cantone,
que amor tan saboroso e sen tapone!*

Que amor tan astroso e tan delgado;
queno tevesse' un ano soterrado!
Aquel fora en bôo ponto nado
que depois ouvesse del bôa bençone.
*Ai, amor, amore de Pero Cantone,
que amor tan saboroso e sen tapone!*

Que amor tan astros' e tan pungente,
queno podess' aver en remordente!
Mais valria que amor dun meu parente,
que mora muit' acerca de Leone.
*Ai, amor, amore de Pero Cantone,
que amor tan saboroso e sen tapone!*

49,2. Contar-vos-ei costumes e feituras

Contar-vos-ei costumes e feituras
dun cavalo que traj' un infançon:
á pees moles e as sedas duras
e tem' o freo e esporas non;
é velh' e sesgo nas aguilhaduras;
e non encalçaria un leiton,
e encalçaria mil ferraduras.

De dia empeça ben: com' a escuras,
non s' alevant' ergo su o bardon;
non corre senon pelas mataduras,
nen traz caal, se enas unhas non,
u trage mais de cen canterladuras;
e as sas rées sempre magra[s] son;
mais nas queixadas á fortes grossuras.

E quando lhi deitan as armaduras,
logu' el faz contenente de foron;
e, se move, tremen-lh' as comas duras,
come doente de longa sazon.
Á muit' espessas as augaduras,
e usa mal, se nos geolhos non,
en que trage grandes esfoladuras.

B 1556.

Escarnio social, cant. de mestría, c. uniss.

a10' b10 a10' b10 a10' b10 a10' (61:2).

Capcaud.; capden. 3 I, 5 III; p. rima impfta. 1 I, IV: *feituras*; 3 I, III: *duras*; 4 I, II: *non*; p. volta 4 I/II, 6 III: *non*; rima der. 3 I/III, 1 III.

- **Lapa 144:** Molteni 429; Machado 1468.

- Brea et alii, *Animales*, 92-100; Martínez Pereiro, *Chevaux*, 369-384.

Non vos contarei mais eu sas feituras;
mais, com' eu creo no meu coraçon,
quen x' en gran guerra andass' a loucuras,
en feúza daqueste cavalon,
falecer-lh'-ia el nas queixaduras;
e, ena paz, non ar sei eu cochon
que o quisesse trager nas Esturas.

49,3. *Don Guilhelm' e Don Adan e Don Migueel Carriço*

Don Guilhelm' e Don Adan e Don Migueel Carriço,
pela porta da igreja, que saiu do quiço,
irado-los-á el-Rei.

Eles, nunca, pois naceron, foron pegureiros;
mas, por un ome d' Estorga, que perdeu carneiros,
irado-los-á el-Rei.

Deitou un frad' a pacer sas bestas, que comprara;
e, por que as non achou ali u as deitara,
irado-los-á el-Rei.

49,4. *Lop' Anaia non se vaia*

Lop' Anaia non se vaia,
ca, senhor, se s' ora vai
e lbi frorecer a faia,
a alguen jogará lai.

Se lhi froreç' o bastage,
meu senhor, seede sage
que prendades dele gage:
ca, se s' ora daqui vai
ben, fará tan gran domage,
come Fernand' e[n] Romai.

Lop' Anaia non se vaia,
ca, senhor, se s' ora vai
e lbi frorecer a faia,
a alguen jogará lai.

Se el algur acha freiras,
ou casadas ou solteiras,
filha-xas pelas carreiras;
e, se queren dizer "ai",
atá lhis faz as olheiras
ben come près de Cambrai.

Lop' Anaia non se vaia,
ca, senhor, se s' ora vai
e lbi frorecer a faia,
a alguen jogará lai.

B 1554.

Escarnio persoal, cant. de refrán, c. sing.
a13' a13' B7 (26:33).

- **Lapa 142:** Molteni 427; Machado 1466; Pena, *Lit. Galega*, II, 125.

B 1555.

Escarnio persoal, cant. de refrán, c. sing.
a7' a7' a7' b7 a7' b7 C7' B7 C7' B7 (15:1).
Tetrást. inic. = refrán.

Capden. 1 I, II; 5 I, 6 II; p. volta 4 I, 8: *vai*; rima der. 4 I / 8, 7;
corr paral. 1 I, 9.

- **Lapa 143:** Molteni 428; Machado 1467; Arias, *Poesía obscena*, 46.

- Beltrán, *Zéjeles*, 255-258; Montero, *A cantiga*, 32-42;
Rodríguez, *Anti-retrato*, 50-63; Ventura, *Toponímia*, 480.

Non se vaia de Sevilha,
ca será gran maravilha,
quant' achar, se o non filha,
ca assi fez[ol] seu pai;
ca já nen un boi non trilha
en Oscos -esto ben sai.
*Lop' Anaia non se vaia,
ca, señor, se s' ora vai
e lbi frourecer a faia,
a alguen jogará lai.*

49,5. [Ó] Rei Judeorum, Jesu Nazarēo

[Ó] Rei Judeorum, Jesu Nazarēo ,
en que gran coita andamos polo sēo!

Já mais nunca quedamos, andando vias,
por erdar comendas e benfeitorias;
pero, se nos convidan algūis dias,
non nos dan senon leit' e pan de centēo.
[Ó] Rei Judeorum, Jesu Nazarēo,
en que gran coita andamos polo sēo!]

Nunca veemos donas nen[as] catamos,
e imos ant' alcaides e vozeiamos
por compoer requezas, e non pensamos
quan pouco sa requeza logr' o romeo.
[Ó] Rei Judeorum, Jesu Nazarēo,
en que gran coita andamos polo sēo!

B 1557.

Cantiga moral, cant. de refrán, c. sing.

a11' a11' a11' b11' B11' B11' (19:9; outra posibilidade, 11:2).
Dist. inic. = refrán.

Capfin. refr. dist. inic.-l; capden. 2 I, 3 II.

- **Lapa 145**; Molteni 430; Machado 1469.

- Beltrán, *Zéjeles*, 255-258; Filgueira, *Formas*, 145-147;
Tavani, 226-232; Díaz, *Tradición elocutiva*, 306-307;
Videira, 126-128; Ron, *Cant. morais*.

50. Fernan Velho

Sobre este trobador temos dúas propostas de identificación ben contrapostas, tanto pola naturalidade como pola cronoloxía que se manexan. A primeira, que chamaremos tese portuguesa, partiu de Michaëlis. Para ela Fernan Velho, orixinario de Portugal, sería fillo ilexítimo de Gonçalo Perez Velho, da familia dos Velho, e de Sancha (ou Constança) Sanchez d' Arga. Polo tanto, os seus avós eran Teresa Perez Pereira e Pero Perez Velho, e os seus bisavós María Vasquez e Pero Soarez O Escaldado, identificado por Michaëlis con Pero Velho de Taveirós (nº 135). Xa que logo, Pai Soarez de Taveirós (nº 115) sería antepasado seu, e Johan Vello de Pedrogaez (nº 82), seu irmán. Esta identificación foi aceptada por toda a crítica especializada. Segundo este perfil estaría activo no derradeiro cuarto do século XIII e principios do XIV. A segunda, que calificaremos de tese galega, elaborou-na Resende. Para este investigador, a súa colocación nos cancioneiros e a ambigüidade da carta de legitimación dos fillos de Gonçalo Perez de 1320 imposibilitan a identificación de Michaëlis. Propón identificalo cun Fernan Velho, posiblemente orixinario de Viveiro, documentado nunha "Inquirição" rexia sobre os privilexios do mosteiro de Lourenzá nos tempos de Fernando III e Alfonso X, e que data de 1294. Resende mesmo pensa que pudo ter relación coa corte dos Trastámarra. Este estudo sinala que este é probablemente o noso trobador, ainda que tamén hai un Fernan Velho mencionado en 1269 nun litixio que ten co abade de San Clodio. Sexa cal sexa a identidade correcta, é indubidable que estivo na corte de Alfonso X entre 1260 e 1280 onde participou no ciclo de ataques a María Balteira mantendo relacións con Johan Garcia de Guilhade (nº 70), Vasco Perez Pardal (nº 154), Johan Vasquiz de Talaveira (nº 81) e Pai Gomez Charinho (nº 114).

Bibliografía:

- CA II, 434-438; Amigo I, 307-310; Lanciani, 28-29; Resende, *Galiza*, 13, 21; Tavani, 287-288; Resende, 346-347.
- Filgueira, *Formas*, 145-147; Tavani, 100-104.
- EDIC.: CA, 505-517, 890; Amigo, 203-204; Lapa, 231-232; Lanciani, 45-171; Gonçalves/Ramos, *A lírica*, 178; Pena, *Lit. Galega*, II, 32-33; Deluy, *Troubadours*, 195-196.

50,1. *A mayor coyta que eu vi sofrer*

A mayor coyta que eu vi sofrer
d' amor a nulh' ome, des que naci,
eu mh-a sofro; e ja que est assy,
meus amigus -assy veja prazer-
gradesc' a Deus que mi faz a mayor
coyta do mundo aver por mba senhor.

E ben tenh' eu que faço gran razon
de mayor coyta muit' a Deus gracir
que m' el dá por mha senhor, que servir
ey mentr' eu viver: mui de coraçon
gradesc' a Deus que mi faz a mayor
[coyta do mundo aver por mba senhor].

E por mayor ey eu, per bôa fe,
aquesta coyta de quantas fará
nóstro Senhor, e por mayor mh-a dá
de quantas fez; e poys que assy é,
gradesc' a Deus que mi faz a mayor
[coyta do mundo aver por mba senhor],

poys que mh-a faz aver pola melhor
dona de quantas fez nostro Senhor.

A 260, B 437, V 49.
Amor, cant. de refrán, c. sing.
a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:63).
Fiinda: c10 c10.
Capcaud. refr. III-f; capfin. refr. II-f; p. equiv. 6, 2 f: *senhor / Senhor*; p. volta 6, 2 f: *senhor / Senhor*; corr. paral. 1-3 I, III; 3 I, 4 III.

- **Lanciani 4:** CA 260; Machado 379; Braga 49; Jensen, *Medieval*, pp. 122-123, 469-470.

50,2. *Maria Pérez se maenfestou*

Maria Pérez se maenfestou
n' outro dia, ca por [mui] pecador
se sentiu, e log' a nostro Senhor
por meteu, polo mal en que andou,
que tevess' un cleric' a seu poder
polus pecadus que lhi faz fazer
o demo, con que x' ela sempr' andou.

Maenfestou-sse, ca diz que s' achou
pecador muyt', e por én rogador
foy log' a Deus, ca teve por melhor
de guardar a el ca o que aguardou;
e, mentre vyva, diz que quer teer
hun clérigo con que se defender
possa do demo que sempre guardou.

E poys que ben seus pecados catou,
de sa mort[e] ouv' ela gran pavor

B 1504.
Escarnio persoal, cant. de mestría, c. uniss.
a10 b10 b10 a10 c10 c10 a10 (161:31).
Capcaud.; capden. 7 I, IV; 1 III, IV; dobre 4, 7 I: *andou*, II: *(a)guardou*, III: *filhou*, IV: *confesou*; corr. paral. 1-3 I, 1-2 II; 3-7 I, 2-3, 5-7 II.

- **Lanciani 11:** Randgl. VII, pp. 558-559 e 676; Lapa 146; Molteni 377; Machado 1416; Fonseca, *Escárnio*, 32; Arias, *Poesía obscena*, 31; Deluy, *Troubadours*, pp. 195-196; Jensen, *Medieval*, pp. 126-127, 470-471.

- De Lollis, *Cant. amor*, 57; Álvarez Blázquez, *Mulher*, 94-96; Rodríguez, *Anti-retrato*, 45-47; Robl, *Pilhérias*, 121-122; Carvalho, *Texto*, 33-37.

e d' esmolnar ouv' ela gran sabor;
e logu' enton hun clérigo filhou
e deu-lh' a cama en que sol jazer,
e diz que o terrá, mentre viver.
E est' afam todo por Deus filhou!

E poys que s' este preyto começou
antr' eles ambus, ouve grand' amor
antr' ela sempr' [e] o demo mayor,
ata que se Balteira confessou.
Mays, poys que vyo o clérigo caer
antr' eles ambus, ouvi-a perder
o demo, des que s' ela confessou.

50,3. *Meus amigus, muyto mi praz d' Amor*

Meus amigus, muyto mi praz d' Amor
que entend' ora que me quer matar,
poys mh-a mi Deus non quis nen mha senhor,
a que roguey de me d' el emparar;
e por én quanto m' el quysyer matar
mays cedo, tanto lh' o mays gracirey,

ca ben me pode partir da mayor
coyta de quantas eu oy falar,
de que eu fui, muyt' y á, sofredor:
esto sabe Deus que me foy mostrarr
úa dona que eu vi ben falar
e parecer -por meu mal, eu o sey!-.

Ca muyt' y á que vivi a pavor
de perder o sén, con mui gram pesar
que vi despox; e por én gran sabor
ey de mha morte, se mh-a quiser dar
Amor e a que me fez gram pesar
veer d' aquela ren que mays amey.

Mays esso pouco que eu vyvo for,
poys assy é, non me quero queixar
d' eles: mays el seja seu traedor
se me non mata, poys non poss' achar
que[n] me lh' empare; e se me d' el queixar,
Deus non mi valha, que eu mester ey:

ca, poys m' eles non querem emparar
e me no seu poder querem leixar,
nunca per outrem emparado serey.

50,4. *Muytus vej' eu per mi maravilhar*

Muytus vej' eu per mi maravilhar
porque eu pedi a nostro Senhor
das coytas do mundo sempr' a mayor:

A 264, B 441, V 53.
Amor, cant. de mestria, c. uniss.
a10 b10 a10 b10 b10 c10 (89:1).
Flinda: b10 b10 c10.
Capden. 1 II, III, f; dobre 2, 5 I: *matar*, II: *falar*, III: *gran pesar*,
IV: *queixar*, p. volta 4 I, 1 f: *emparar*; rima der. 1 I, 6 III; 1 IV,
3 f; p. perdida 6.
- **Lanciani 8**; CA 264; Machado 383; Braga 53; Pena, *Lit. Galega*, II, 8; id., *Manual*, 26.

mays se soubessem o meu coraçon,
non me cuyd' eu que o fossem provar,
ante terrian que faço razon.

Mays porque non saben meu coraçon,
se van eles maravilhar per min
porque das coitas a mayor pedi
a Deus, que á de mh-a dar gram poder:
mays eu pedir-lh' a-ey toda sazon,
ata que mh-a dê, enquant' eu viver.

El que á de mi-a dar mui gram poder,
mh-a dê, pero se maravilhan én
-os que non saben meu coraçon ben-
porque a peço: ca m' é mui mester
de mh-a dar el que o pode fazer,
per bôa fe, se o fazer quiser.

E se el sabe que m' é mui mester
de mh-a dar, el mh-a dê, se lhi prouguer.

50,5. Cf. Apéndice I.

50,6. *Nostro Senhor que eu sempre roguey*

Nostro Senhor que eu sempre roguey,
pola coyta que mh-Amor faz sofrer,
que mh-a tolhess' e non mh-a quis tolher
e me deixou en seu poder d' amor,
des oje mays sempre lh' eu rogarey,
poys ey gram coyta, que mi dê mayor

con que moyra, ca mui gram sabor ey,
per bôa fe, de mays non guarecer,
pois s' el nunca de min quiso doer
e me faz viver sempr' a gram pavor
de perder o sén; mays ja gracir-lh' o-ey,
poys ei gram coyta, que mi dê mayor

se lh' aprouguer, mui cedo, ca non sey
oj' outra ren con que eu visse prazer;
pois m' el non quis nen quer d' el defender
e de meu mal ouve tan gram sabor,
mentr' eu viver, sempr' o eu servirey,
poys ei gram coyta, que mi dê mayor

con que moyra, ca de pran al non sey
que mi possa tolher coyta d' amor.

50,7. *Poys Deus non quer que eu ren possa aver*

Poys Deus non quer que eu ren possa aver
de vós, senhor, se non mal e afam,

Fiinda: c10 c10 (sobre III).

Capcaud.; capfin. II-III; capden. 2 I, 3 II, 4 III; 4 I, 1, 5 II;
5 III, 2 f; p. volta 4 I, 1 II: *meu coraçon*; 4 II, 1 III: *gram*
poder; 4 III, 1 f: *m' é mui mester*, corr. paral. lit. 4 II, 1 III;
corr. paral. 1-3 I, 2-4 II, 2, 4 III; 1-2 III, f.

- **Lanciani 6**; CA 262; Machado 381; Braga 51; Piccolo 79.

A 261, B 438, V 50.

Amor, cant. de refrán, atehuda ata a fiinda, c. uniss.

a10 b10 b10 c10 a10 C10 (183:2).

Fiinda: a10 c10.

Capfin. refr. I-II; capden. 4 I, II; 1 II, f; 3 II, III; p. volta 4 I, 2 f:
d' amor, 1 III, f: *non sey*; rima der. 1, 5 I.

- **Lanciani 5**; CA 261; Machado 380; Braga 50; Piccolo 78.
- Gonçalves, *Atehudas*, 167-186.

e os meus olhos gram coyta que am
por vós, senhor -se eu veja prazer!
*ir-m' ey d' aqui; pero hūa ren sey
de mi, senhor: ca ensandecerey.*

E, mha senhor fremosa de bom prez,
pero vus amo mays ca mi nen al;
pois Deus non quer que aja se non mal
de vós, por Deus que vus muyto ben fez,
*ir-m' ey d' aqui; pero hūa rem sey
[de mi, senhor: ca ensandecerey].*

E pero vus amo mays d' outra ren,
senhor de mi e do meu coração,
pois Deus non quer que aja se mal non
de vós, senhor -assy Deus mi dê ben!
*ir-m' ey d' aqui; pero hūa rem sey
[de mi, senhor: ca ensandecerey]*

por vós que eu muyt' am' e amarei
mays de quant' al vejo nen veerey.

50,8. *Por mal de mi me fez Deus tant' amar*

Por mal de mi me fez Deus tant' amar
hunha dona, que ja per nenhun sén
sey que nunca posso prender prazer
d' ela nen d' al; e poys m' aquest' aven,
rogu' eu a Deus que mh-a faça veer
ced' e me lhi leixe tanto dizer:
“Moyr' eu, senhor, a que Deus non fez par”.

E poys lh' esto disser, hu mh-a mostrar,
rogar-lh' ei que mi dê mort'; e gran ben
mi fará hi, se mh-o quiser fazer,
ca mui melhor mi será d' outra ren
de me leixar logu' i morte prender:
ca melhor m' é ca tal vida viver
e ca meu tempo tod' assy passar.

E gram mesura Deus de me matar
fará, pois m[h]la morte en seu poder ten,
ca el sabe que non ei d' atender
se non gram mal, se viver; e por én,
se mi der mort', ey que lhi gradecer:
ca por meu mal mh-a fez el conhocer,
esto sei ben, e tanto desejar.

50,9. *Quant' eu de vós, mha senhor, receey*

Quant' eu de vós, mha senhor, receey
a ver, de-lo dia en que vus vi,
dizen-mh-ora que mh-o aguisa assy

a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:64).

Fiinda: c10 c10.

Capcaud. refr. III-f; capfin. refr. I-II; capfin. III-f; capden. 1 I,
3 II, III; 2 I, 4 II, III; 4 I, 1 f; rima der. 1, 3 I; corr. paral. lit. 2
II, 1 III (= 1-2 f); 3 II, III; corr. paral. 1-2 I, 3-4 II, III; 1-2 II, III.

- **Lanciani 1**; CA 257; Machado 376; Braga 46.

- Souto Cabo, *Olhos*, 403-407.

B 442, V 54.

Amor, cant. de mestria, c. uniss.

a10 b10 c10 b10 c10 c10 a10 (228:1).

Capcaud.; capden. 5 I, 2 II; corr. paral. 1-2 I, 6 III.

- **Lanciani 9**; CA 458; Machado 384; Braga 54; Piccolo 81.

A 258, B 435, V 47.

Amor, cant. de refrán, c. sing. (a I = b III; b I = a II).

a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:65).

nostro Senhor, como m' eu receey:
de vus casarem; mays sey hunba ren,
se assy for: que morrerey por én!

E sempr' eu, mha senhor, esto temi
que mh-ora dizen, de vós a veer;
des que vus soubi mui gram ben querer,
per bôa fe, sempr' eu esto temi:
de vus casaren; mays sei hunba ren,
[se assy for: que morrerey por én!]

E sempr' end' eu, senhor, ouvi pavor
des que vus vi e convosco falei
e vus dix' o mui grand' amor que ei;
e, mha senhor, d' aquest' ey eu pavor:
de vus casaren; mays sei hunba ren,
[se assy for: que morrerey por én!]

50,10. *Senhor, o mal que mh-a mi faz Amor*

Senhor, o mal que mh-a mi faz Amor
e a gram coyta que mi faz sofrer,
a vó-lo devo muyt' agradecer
e a Deus que mi vus deu por senhor:
ca ben o faço d' esto sabedor,
que por al non mh-o podia fazer

se non por vós, que avedes sabor
do mui gram mal que mh-a mi faz aver;
e pois vus praz e lhi dades poder
de mi fazer, fremosa mha senhor,
o que quiser, enquant' eu vyvo for
e vus de mi non quiserdes doer

e da gram coyta de que sofredor
fui e do mal -muyt' á-, sen meu prazer,
a vós dev' én mui bon grad' apôer:
ca non mi dê Deus de vós ben, senhor,
que me pod' emparar de seu pavor
se oj' eu sey al por que o temer.

Mays por Deus que vus foy dar o mayor
ben que eu d' outra dona oy dizer,
que me non leixedes escaecer
en me lhe non defenderdes, senhor,
-ca ben cuyo, de como é traedor,
que me mate ced' -e poys non querer
gracir-vo-lo, poys que eu morto for;
e por quanto ben vus fez Deus, senhor,
guardade-vus d' atal erro prender.

Capfin.; capden. 3 II, 2 III; dobre 1, 4 I: *receey*, II: *esto temi*,
III: *pavor*; rima der. 2 I, II; corr. paral. lit. 1 II, III (= 4 II, III);
corr. paral. 2 I, III.

- **Lanciani 2**; CA 258; *Crestomatia*, p. 167; Machado 377;
Braga 47; Jensen, *Medieval*, pp. 124-125, 470.
- Brea, *Misericordes*, 172-180.

A 263, B 440, V 52.

Amor, cant. de mestria, c. uniss.

a10 b10 b10 a10 a10 b10 (132:2).

Fiinda: a10 a10 b10.

Capden. 5 I, IV; p. rima 4 (2 f): *senhor*; p. volta 5 II, 1 f: *for*,
rima der. 2 I, 1 III; corr. paral. lit. 3 I, III.

- **Lanciani 7**; CA 263; Machado 382; Braga 52.

50,11. Senhor que eu por meu mal vi

Senhor que eu por meu mal vi,
poys m' eu de vós a partir ey,
creede que non á en mi
senon mort' ou ensandecer:
poys m' eu de vós a partir ey
e ir alhur sen vós viver.

Poys vus eu quero mui gram ben
e me de vós ey auitar,
dizer-vus quer' eu húa ren,
o que sei no meu coraçon:
poys me de vós ey auitar

E mal dia naci, senhor,
pois que m' eu d' u vós sodes vou,
ca mui ben sôo sabedor
que morrerey, hu non jaz al:
pois que m' eu d' u vós sodes vou,
senhor que eu vi por meu mal.

E logo hu m' eu de vós partir,
morrerey, se mi Deus non val.

A 259, B 436, V 48.

Amor, cant. de mestria, c. sing.

a8 b8 a8 c8 b8 c8 (121:3).

Fiinda: d8 c8 (sobre III).

Capfin. III-f; capden. 2/5 I, 1, 5 II, 2/5 III; dobre 2, 5 I: *poys m' eu de vós a partir ey, II: e/poys me de vós ey a quitar, III: pois que m' eu d' u vós sodes vou;* corr. paral. lit. 1 I, 6 III; 2/5 I-III (= 1 f); corr. paral. 3-4 I, 4 III, 2 f; repet. lit. 2, 5 I; 2, 5 II; 2, 5 III.

- **Lanciani 3:** CA 259; Machado 378; Braga 48; Piccolo 77.

50,12. Vedes, amigo, [o] que oj' oy

Vedes, amigo, [o] que oj' oy
dizer de vós, assy Deus mi perdon,
que amades ja outra e mi non;
mays, s' é verdade, vingar-m' ey assy:
punharey ja de vus non querer ben,
e pesar-mb-á én mays que outra ren.

Oy dizer, por me fazer pesar
amades vós outra, meu traedor;
e, s' é verdade, par nostro Senhor,
direy-vus como me cuyd' a vingar:
punharey ja de vus non [querer ben,
e pesar-mb-á én mays que outra ren].

E se eu esto por verdade sey
que mi dizen, meu amigo, par Deus,
chorarey muyto d' estes olhos meus
e direy-vus como me vingarey:
punharey ja [de vus non querer ben,
e pesar-mb-á én mays que outra ren].

B 819, V 403.

Amigo, cant. de refrán, c. sing.

a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:66).

Capfin. refr. I-II; capden. 3 II, 1 III; rima der. 4 II, III; corr. paral. lit. 4 II, III; corr. paral. 1-3 I, 1-2 II; 4 I, 3-4 II, 1, 4 III.

- **Lanciani 10:** Amigo 226; Crestomatia, pp. 223-224; Machado 763; Braga 403; Gonçalves/Ramos, A lirica, 27; Piccolo 80.

51. Galisteu Fernandiz

Probablemente xograr galego, activo entre o segundo e o derradeiro cuarto do século XIII (Resende, 348; cf. Michaëlis, CA II, 624, para quen o xograr podería ser leonés e de condición burguesa).

Bibliografia:

- CA II, 624; Amigo I, 322-324; Resende, *Acrescento*, 709-714, 729-730; id., *Galiza*, 14; Tavani, 288; Indini, *DLMGP*, 287-288; Resende, 347-348.
- Ron, *Ir-se*, 120-121.
- EDIC.: *Amor*, 492-494; *Amigo*, 422-425.

51,1. Dizen do meu amigo ca mi fez pesar

Dizen do meu amigo ca mi fez pesar,
pero vēo-m' ora el, amigas, rogar:
ca mi queria tanto prazer fazer
quanto o querria de mi receber.

Disseron-m', ai amigas, ca mi buscou mal,
pero vēo-m' ora [el] jurar jura tal:
ca mi queria tanto prazer fazer
quanto o querria de mi receber.

Soub' el estas novas e vēo ante mi,
chorand[ol], ai amigas, e jurou-m' assi:
ca mi queria tanto prazer fazer
quanto o querria de mi receber.

B 1259, V 864.
Amigo, cant. de refrán, c. sing.
a12 a12 B11 B11 (37:26).
Capfin.; capden. 1 I, II; corr. paral. lit. 2 I, II (= 1-2 III); corr.
paral. 1 I, II.
- **Amigo 471**; Machado 1207; Braga 864.

51,2. Dizen-mh-ora que nulha ren non sey

Dizen-mh-ora que nulha ren non sey
d' ome coytado de coyta d' amor,
e d' esta coyta são sabedor
por aquesto, que vos ora direy:
pela mba coita entend' eu mui ben
quen á coyta d' amor e que lh' aven.

Á desejos e mui pouco prazer,
c(a) assy fiz eu, mui gram sazon á já,
por hūa dona que mi coita dá,
e por aquesto vos venho dizer:
pela mba coita entend' eu mui ben
quen á coyta d' amor e que lh' aven.

B 1111, V 701.
Amor, cant. de refrán, c. sing.
a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:67).
Capfin. refr.; capden. 4; rima der. 1, 3 I; 4; corr. paral. 4.
- **Amor 246**; Machado 1043; Braga 701.
- Brea, *Dona*, 161-163.

51,3. Meu amigo sei ca se foi d' aqui

Meu amigo sei ca se foi d' aqui
trist', amigal[s], por que m' ante non viu
e nunca mais depois el ar dormiu,
nen eu, amigal[s], des que o non vi,
nunca depois dormi, per bōa fé,
des que s' el foi, por que non sei que é

D' el, amigas, e agora serei
morta por que o non posso saber,
nen mi sab' oje nulh' ome dizer
o que d' el est e mais vos en direi:

B 1257, V 862.
Amigo, cant. de refrán, atehuda ata a fiinda, c. sing.
a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:68).
Fiinda: c10 c10.
Capcaud. refr. III-f; capfin. refr.; capden. 3 I, 5; 1 II-f; p. volta
5, 2 f: fé, 6, 1 f: é; rima der. 2, 4 I; 1 II, 6 / 1 f; 3, 4 II; corr.
paral. lit. 3 II, III; corr. paral. 3-4 II, III.

- **Amigo 469**; Machado 1205; Braga 862.
- Gonçalves, *Atehudas*, 167-186; Ron, *Ir-se*.

*nunca depois dormi, per bôa fé,
des que s' el foi, por que non sei que é*

D' el, amigas, e and' ora por en
tan triste que me non sei conselhar,
nen mi sab' ome oje recado dar
se verrá ced' e mais vos direi en:
*nunca depois dormi, per bôa fé,
des que s' el foi, por que non sei que é*

D' el, amigas, e, se el coitad' é
por mi, e eu por el, per bôa fé.

51,4. Meus amigos queren de min saber

[Meus amigos queren de min saber
quen é a senhor que en] meu trobar
mi muitas vezes oyron loar
e non lhis quer' eu mais d' esto dizer:
é mba senhor e parece mui ben,
mays non é senhor de mi fazer ben.

Teen-m' en tal coita que nunca vi
hom' en tal coyta, per(o) o preyt' est' é:
que lhis diga por quen trob' e quen é;
a meus amigos digo-lhis assy:
é mba senhor e parece mui ben,
mays non é senhor de mi fazer ben.

Preguntan-me non sei en qual razon
que lhis diga quen est' a que loey
en meu trobar sempre, quando tropbey,
e digo-lhis eu, se Deus mi perdon:
é mba senhor e parece mui ben,
mays non é senhor de mi fazer ben,

Porque non quer, ca, se lhi prouguess' en,
non mi verria quanto mal mi ven.

51,5. O voss' amigo foi-s' oje d' aqui

O voss' amigo foi-s' oje d' aqui
mui triste, amig', assi mi venha ben,
porque non ousou vosco falar ren
e manda-vos esto rogar per mi:
que perça já de vós med' e pavor
e falará vosc', amiga, melhor.

O voss' amigo non pode perder
pavor, amiga, se por esto non:
perdóardes-lhi [vós] de coraçon,
e manda-vos el rogar e dizer
que perça já de vós med' e pavor
e falará vosc', amiga, melhor.

B [1111^{bis}], V 702 (falta a estr. I).

Amor (estr. I fragm.), cant. de refrán, c. sing.

a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:69).

Fiinda: c10 c10.

Capcaud. refr. III-f; capden. 3 II, 2 III; p. volta 5, 6: *ben*; 2, 3 II: é; rima der. 2 I, 3 III; 3 I, 2 III; corr. paral. 1-3 I, 2-3 II; 1-3 III; 4.

- **Amor 247**; Machado 1044; Braga 702.

- Brea, *Dona*, 163-167.

B 1256, V 861.

Amigo, cant. de refrán, c. sing. (b I = b III).

a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:70).

Fiinda: c10 c10.

Capcaud. refr. III-f; capfin. refr. I-II; III-f; capfin. II-III; capden. 1 I, II; p. rima impfta. 2 I, III: *assi/se mi venha ben*; p. volta 5, 1 f: *pavor*; 6, 2 f: *melhor*, corr. paral. lit. 4; corr. paral. 1-2 I, III; repet. lit. 3 I, III.

- **Amigo 468**; Machado 1204; Braga 861.

- Souto Cabo, *Olhos*, 417-419; Ron, *Ir-se*.

Quando s' el foi, chorou muito dos seus
olhos, amiga, se mi venha ben,
porque non ousou vosco falar ren
e manda-vos esto rogar por Deus:
*que perça já de vós med' e pavor
e falará vosc', amiga, melhor.*

Veja-se vosqu' e perderá pavor
que á de vós e est' é o melhor.

51,6. Por Deus, amiga, que pode seer

-Por Deus, amiga, que pode seer
de voss' amigo que morre d' amor
e de morrer á já mui gran sabor,
pois que non pode vosso ben aver?
-Non o averá, enquant' eu viver,
*ca já lbi diss' eu que se partiss' en
e, se á coita, que a sofra ben.*

-Tenh' eu, amiga, que prol non vos á
de voss' amigo já morrer assi,
ante tenho que o peredes i,
se per ventura vosso ben non á.

-Par Deus, amiga, non o averá
*ca já lbi diss' eu que se partiss' en
e, se á coita, que a sofra ben.*

-Ben sodes desmesurada molher,
se voss' amor non pod' aver de pran
e ben sei que por mal vo-lo terran,
amiga, se vosso ben non ouver.

-Nunca o averá, se Deus quiser,
*ca já lbi diss' eu que se partiss' en
e, se á coita, que a sofra ben.*

-Par Deus, amiga, mui guisado ten
de sofrer coit' e quer morrer por en.

-Se morrer, moira, ca non dou eu ren
d' assi morrer, ante mi praz muit' en.

-Por ess', amiga, venha mal a quen
vos amar, pois tal preito per vós ven.

52. Garcia Martinz

Trobador orixinario de Portugal, que desenvolveu a súa arte trobadoresca cara ó 1255 nos ambientes cortesáns de Alfonso X (Tavani). Este feito ten a súa corroboración no *partimen* que mantién con Pero da Ponte (nº 120). Ademais, temos outro factor afirmativo na documentación castelá do segundo e do terceiro cuarto do século XIII, xa que se rexistran varios Garcia Martinz, algúns mencionados pola súa relación co rei Sabio.

Bibliografía:

- CA II, 464, 665; Tavani, 288; Correia, *DLMGP*, 289-290; Resende, 348.
- Pellegrini, *Provenzalismo*, 127-137.
- EDIC.: Consultese para este apartado a bibliografía presente na cantiga **120,9**.

52,1. Partimen. Cf. **120,9**.

53. Garcia Mendiz d' Eixo

Cf. Apéndice I para a ficha bio-bibliográfica.

53,1. Cf. Apéndice I.

54. Garcia Perez

De orixe aínda non establecida; dubídase entre unha natureza galega (Lapa, 239; Tavani, identificano cun homónimo que foi meiriño en Galicia en 1282) ou castelá (Resende, di que se pode identificar cun clérigo cóengo en Sevilla ou cun escribán rexio). Desenvolveu a súa actividade poética durante o terceiro cuarto do século XIII, na corte de Alfonso X, co que mantén unha *tensó*.

Bibliografía:

- Tavani, 289; id., *DLMGP*, 291; Resende, 349.
- EDIC.: Lapa, 239-240.

54,1. *Ua pregunt' ar quer' a el-Rei fazer*

-Ua pregunt' ar quer' a el-Rei fazer,
que se sol ben e aposto vistir:
por que foi el pena veira trager
velh' an bon pan'; e queremos riir
eu e Gonçalo Martíñ, que é
ome muit' aposto, per bôa fé,
e ar querê-lo-emos en cousir.

-Garcia Pérez, vós ben cosecer
podedes: nunca de pran foi falir
en querer eu pena veira trager
velha en corte, nen na sol cobrir;
pero de tanto ben a salvarei:
nunca me dela en corte paguei,
mais estas guerras nos fazen bulir.

-Senhor, mui ben me vos fostes salvar
de pena veira, que trager vos vi;
e, pois de vós a queredes deitar,
se me creverdes, faredes assi:
mandade logu' est' e non aja i al:
deitalde-al logu' en un muradal,
ca peior pena nunca d' esta vi.

B 465.

Tensó (cf. **18,44**), escarnio social, cant. de mestría, c. doblas (rima c I, II sing.).

a10 b10 a10 b10 c10 c10 b10 (101:12).
Capfin. I-II; capden. 4 I, II; 1 II, IV; p. rima 3 I, II: *pena veira trager*, III, IV: *deitar*; p. volta 2, 7 III: *vi*; rima der. 7 I, 1 II; 5 II, 1 III.

- **Lapa 150;** *Randgl. IV*, pp. 167-168; Machado 407; Molteni 357.

- Piel, *Coteifes*, 5-7; Tavani, 199-207; Rodríguez, *Anti-retrato*, 64; Magán, *Unon jaz al*, 107-116; Correia, *C. doblas*, 78-79; Lanciani, *Tipología*, 126-127; Carvalho, *Texto*, 21-26.

-Garcia Pérez, non sabedes dar
bon conselho, per quanto vos oí,
pois que me vós conselhades deitar
en tal logar esta pena; ca, s' i
o fezesse, faria mui[tol] mal;
e muito tenh' ora que mui mais val
en dá-la eu a un coteif' aqui.

55. Garcia Soarez

Segundo a rúbrica que antecede ás súas composicións, Garcia Soarez é irmán de Martin Soarez (nº 97); a crítica aceptou de bo grado esta nota manuscrita. Sen embargo, ¿non puido ser froito da confusión dos redactores por mor da relación patronímica existente entre os dous trobadores? A súa colocación nos cancioneiros reflicte unha diverxencia moi grande que os afasta no tempo. Isto motiva que Resende non os considere irmáns. Os cabaleiros portugueses Garcia Soarez de Moledo, Garcia Soarez de Pinto, Garcia Soarez da Ribeira ou ese cabaleiro galego Garcia Soarez, citado nun doc. de Garcia Rodriguez Ledesma con data de 1244, poderían ser ben un conxunto emparentado pola homonimia, ben a confirmación ás propostas de Resende de ser un deles o noso trobador. Desenvolveu a súa actividade na segunda metade do século XIII ou na primeira metade do século XIV.

Bibliografía:

- *Amigo* I, 325; Tavani, 289; Correia, *DLMGP*, 291; Resende, 350.
- EDIC.: *Amigo*, 226-227.

55,1. *Filha, do voss' amigo m' é gram ben*

-Filha, do voss' amigo m' é gram ben,
que vos non viu, quando se foi d' aquen.
-*Eu [mi]-o fiz, madre, que lho defendi:*
se m' el non viu, quando se foi d' aqui,
eu mi-o fiz, madre, que lho defendi.

-Nunca lhi ben devedes a querer,
porque se foi e vos non quis veer.
-*Eu mi-o fiz, madre, que lho defendi:*
se m' el non viu, quando se foi d' aqui,
eu mi-o fiz, madre, que lho defendi.

-Gran prazer ei [e]no meu coraçon,
por que se foi e vos non viu enton.
-*Eu mi-o fiz, madre, que lho defendi:*
se m' el non viu, quando se foi d' aqui,
eu mi-o fiz, madre, que lho defendi.

B 848, V 434.
Amigo (dial.), cant. de refrán, c. sing.
a10 a10 B10 B10 B10 (42:7).
Rima der. 2 I, 4; corr. paral. lit. 2 II, III (= 2 I); redupl. refr. 3, 5.
- **Amigo 248**; Machado 791; Braga 434.
- Ruggieri, *Riflessioni*, 20-22.

55,2. *Madre, se meu amigo veesse*

Madre, se meu amigo veesse,
demandar lh' ia, se vos prougesse,
que se veesse veer comigo:
se veer, madre, o meu amigo,
demandar-lb' ei que se veja migo.

B 849, V 435.
Amigo, cant. de refrán, c. sing.
I: a9' a9' b9' B9' B9'.

Se vos prouguer, mia madre velida,
quando veer o que mi-á servida,
demandar-lb' ei que se veja migo:
se veer, madre, o meu amigo,
demandar-lb' ei que se veja migo.

Sol que el venha, se Deus m' ajude,
assi Deus mi-o mostre con saude,
demandar-lb' ei que se veja migo:
se veer, madre, o meu amigo,
demandar-lb' ei que se veja migo.

Por que mi-o referistes ogano,
que me non viu, per fé sen engano,
demandar-lb' ei que se veja migo:
se veer, madre, o meu amigo,
demandar-lb' ei que se veja migo.

Non sejades d' est[o] enfadada;
se veer o que mi-á namorada,
demandar-lb' ei que se veja migo:
se veer, madre, o meu amigo,
demandar-lb' ei que se veja migo.

II-V: a9' a9' B9' B9' B9' (42:12)¹⁰⁶.
Capfin. III-IV; capden. 2 I, 3 II-V / 5; 2 V, 4; p. volta 3 I, 3 II;
V / 5: *comigo / migo*; rima der. 2 V, 4; corr. paral. 1-3 I, II;
redupl. refr. 3, 5 II-V (= 5 I).

- **Amigo 249**¹⁰⁷; Machado 792; Braga 435.
- Lapa, *O texto*, 176.

56. Gil Perez Conde

Trobador portugués, membro dunha familia aristocrática, identificable co Gil Perez Feijó que aparece mencionado nos *Livros de Linbagens*. Tavani sinala que é tío de Rodrigu' Eanes de Vasconcelos (nº 140) e cuñado de Johan Soarez Coelho (nº 79). Fuxiría cara a Castela en 1248 (Tavani), logo do conflicto pola sucesión ó trono portugués entre Sancho II e Afonso III o Boloñés, entrando en relación cos círculos señorais alfonsinos, sendo desde 1269 vasalo de Alfonso X e, en 1286, infanzón de Sancho IV. A este respecto, Beltrán, 132-133, di que o escarnio *Ben sabedes, senhor Rei* (nº 56,3), coa mención *Toledo, / quand' i filhastes corôa*, alude ou á coroación de Sancho IV (maio de 1284) ou á de Fernando IV (26 abril de 1295), pero non á de Alfonso X. Sería un dato máis para apoiar a súa condición de vasalo de Sancho IV. Ademais, na corte deste relacionouse con Gomez Garcia (nº 59), Johan Vasquiz de Talaveira (nº 81) e Rodrigu' Eanes Redondo (nº 141) no momento da expedición de Sancho IV a Baiona para entrevistarse con Felipe IV o Fermoso. Resende ten dúbdidas sobre a proposta de Michaëlis por canto o *Livro de Linbagens do Conde D. Pedro* non o relaciona cos Feijó, senón cunha rama bastarda dos Sousa. Por outra banda, considera moi dubidosa a súa saída en 1248 de Portugal.

Bibliografía:

- CA II, 543, 598, 652; Tavani, 289; Couceiro, *DLMGP*, 295-296; Resende, 350-351; Beltrán, *Tipos XI*, 121-140.
- Ceschin, *Irreverência*, 439-452; Lapa, *Nótulas*, 263-272; Beltrán, *Rondel*, 80-86; Vaquero, *Cant. escarnho*, 143-149; Martínez Pereiro, *Nova proposta*, 215-220; Videira, 168.
- EDIC.: Lapa, 241-261; CA II, 653; Alvar/Beltrán, *Antología*, 222-226; Gonçalves/Ramos, *A lírica*, 243-244; Fonseca, *Escárñio*, 101-110; Torres, *Poesia trovadoresca*, 195-202; Pena, *Lit. Galega*, II, 236-237; Deluy, *Troubadours*, 197-198.

¹⁰⁶ Tavani ofrece este único esquema para toda a cantiga.

¹⁰⁷ Apartámonos da edición seguida en que, a partir da estr. II, dispoñemos tipograficamente como refrán o v. 3.

56,1. A la fé, Deus, se non por vossa madre

A la fé, Deus, se non por vossa madre,
[que él] a mui bôa Santa Maria,
fezera-vos en pesar, u diria,
pola mia senhor, que mi vós filhastes,
que víssedes vós que mal baratastes:
ca non sei tan muito de vosso padre

Por que vos eu a vós esto sofresse,
se non por ela; se lhi non pesasse,
morrera eu, se mo non coomiasse
a mia senhor[al], que mi vós tolhestes.
Se eu voss' era, por que me perdestes?
Non queríades que eu mais valesse.

Dizede-mi ora que ben mi fezestes,
por que eu crea en vós nen vos sêrvia,
senon gran tort' endoad' e sobêrvia?:
ca mi teedes mia senhora forçada,
e nunca vos eu do vosso filhei nada,
des que fui nado, nen vós non mi o destes.

Faria-m' eu o que nos vós fazedes:
leixar velhas feas, e as fremosas
e mancebas filhá-las por esposas.
Quantas queredes vós, tantas filhades,
e a mi nunca mi nê ûa dades:
assi partides migo quant' avedes.

Nen as servides vós nenas loades,
e van-se vosqu' e, poi-las aló teedes,
vestide-las mui mal e governades,
e metedes-no-las tra-las paredes.

56,2. Assi and' eu por serviço que fiz

Assi and' eu por serviço que fiz
a senhor que me non quer fazer ben;
pero senhor é que tod' aquel ben
do mundo [á el] sabe que i fiz
serviç' e non poss' aver seu amor.
Assi and' eu cada dia peor,
porque mi non faz amor nen mi o diz.

Assi and' eu endoneiendo quen
mi o non gradece nen mi o quer cobrar;
[e poren nunca tal ben eu cobrar]
posso melhor; e tod' est' ei con quen
fal' eu e digo-lh' as coitas que ei.

B 1528.

Escarnio persoal (mot. da *mala cansó*), cant. de mestría,
c. sing. (c II = a III).

a10' b10' b10' c10' c10' a10' (189:26).

2 fiandas: c10' a10' (sobre IV).

Capfin. III-V; capden. 1 II, 2 III; 2 II, 3 III; rima der. 4 I, IV;
1 III, IV; 6 III, 5 IV.

- **Lapa 164**¹⁰⁸; Molteni 401; Machado 1440.

- Corral, *Velha*, 406-412; Gouiran, *Contestation*, 92-93;
Rodríguez, *Anti-retrato*, 50-63.

B 1530.

